



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de decembro de 2023 (1599/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte e dous de decembro de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1007).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbbase a acta da sesión ordinaria do 15 decembro e extraordinaria e urxente do 19 de decembro de 2023. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1008).- DAR CONTA DAS SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS. EXPTE. 16545/111.

Dáse conta do INFORME-PROPOSTA de data 18/12/2023, asinado pola titular de asesoría xurídica municipal e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

1.- Contencioso. Expediente nº 16091/111
Sentenza nº 213 do 5 de outubro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 221/2023
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Inactividade do Concello de Vigo no referente á solicitude do pagamento de complemento de produtividade pola actividade desenvolvida nos anos 2018, 2019, 2020 e 2021, funcións de superior categoría como cabo xefe.
Expte(s): 38675/220
Contía: Indeterminada

A sentenza, firme, inadmite o recurso ao pretender o demandante o abono dun complemento de produtividade polo desempeño de funcións de cabo e sarxento no servizo de Extinción de Incendios impugnando unha inactividade que resulta improcedente ao abeiro do disposto no art.29.1 LXCA; non téndose combatido xudicialmente unha desestimación presunta que sería o procedente.

Debe coñecer o resolto o departamento de RRHH.

2.- Contencioso. Expediente nº 16040/111
Sentenza nº 731 do 18 de outubro de 2023
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 337/2023
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: Resolución de 01/03/2023 (desestimatoria de solicitude de declaración de excedencia por incompatibilidade de prestación de servizos no sector público) e denegación de toma de posesión como funcionario de carreira no Concello de Vigo como Policía Local
Expte(s): 41821/220
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, resolta en segunda instancia polo TSXG, desestima o recurso interposto polo Concello de Vigo contra a sentenza de instancia, e a confirma.

Ademais de resolver por remisión ao mesmo Tribunal, como fixera a sentenza de instancia, entende que procedía que se declarase en situación de excedencia por prestación de servizos no sector público ao demandante por parte do Concello de Vigo.

Entende que a interpretación correcta da Lei de incompatibilidades estatal e da Lei de emprego público de Galicia é esa, xa que conforme ao criterio municipal, se solicitaría polo funcionario dúas veces a declaración de excedencia.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto e executar a sentenza.



Concello de Vigo

Procedemento de orixe:

RC-A nº 96/2023 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 71 de 02/06/2023, estimatoria, comunicada na sesión da XGL do 28/07/2023

3.- Contencioso. Expediente nº 16056/111
Sentenza nº 263 do 19 de outubro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 203/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da solicitude presentada o día 16/07/2021 (na que interesaba o recoñecemento do dereito a percibir os complementos de festividade e nocturnidade durante os períodos de vacacións, incapacidade temporal, asuntos propios e demais permisos retribuídos, e o pagamento dos atrasos correspondentes), e a presentada o 16/03/2023 (relativa ao sistema retributivo de horas extraordinarias)

Expte(s): 42603/220, 42605/220 e 42607/220

A sentenza estima o recurso e declara o dereito da demandante (funcionaria do Concello de Vigo, Policía Local) a: percibir os complementos de festividade e nocturnidade durante os períodos de vacacións, situacións de IT, días de libre disposición e demais permisos retribuídos e ao abono das cantidades deixadas de percibir polos excesos de xornada consonte á fórmula que solicita (tomando como base de cálculo os días efectivamente traballados do mes en lugar de 30 días).

E condena á Administración local ao abono das cantidades deixadas de percibir por estes conceptos nos últimos 5 anos previos á reclamación.

A sentenza, que non é firme -e contra a que se interpuxo recurso de apelación-, non efectúa expresa imposición de custas procesuais.

Debe coñecer o resolto o Departamento de RRHH e Formación.

4.- Contencioso. Expediente nº 16052/111
Decreto nº 26 do 26 de outubro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 208/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Inactividade do Concello de Vigo respecto á reclamación en compensación pola realización de 40 minutos diarios de exceso de xornada (presentarse 25 minutos antes do relevo e abandonar 15 minutos despois de seren relevado)

Expte(s): 42602/220

Esta resolución, firme, acorda ter por desistido ao demandante e remata o procedemento xudicial.

O obxecto do recurso era a inactividade municipal por mor da reclamación presentada polo actor (funcionario do SEIS) de compensación pola realización de 40 minutos diarios de exceso de xornada; 25 minutos antes do comezo da súa quenda e 15 minutos ao rematar a quenda.

Non constaba resolto o expediente administrativo iniciado pola reclamación do demandante.

A área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

5.- Contencioso.

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Extensión efectos da sentenza de data 01/12/2021, ditada no Procedemento Abreviado nº 272/2021.

Expte(s): 38238/220 e 38675/220

Contía: Indeterminada

Ref. Asesoría Xurídica	Procedemento Extensión Efectos	Resolución
16262/111	270/2023	Auto nº 93 do 3 de novembro de 2023
16264/111	269/2023	Auto nº 92 do 3 de novembro de 2023

Estes autos estiman as solicitudes formuladas polos demandantes, sobre extensión de efectos de sentenza (ditada no PA 272/2021), que declarou o dereito á percepción de complemento de produtividade polo desenvolvemento de funcións de superior categoría en ausencia de oficiais do SPEIS.

As resolucións toman como base estimatoria o informe do xefe do SPEIS que detalla o número de gardas que realizou o demandante en tal calidade.

Polo que se condena ao Concello ao abono das cantidades que procedan en concepto de produtividade por actividade extraordinaria levada a cabo nos anos 2018,2019, 2020 e 2021.

A Área de RRHH debe coñecer dos recursos e executar estes autos, que son firmes por contía.

6.- Contencioso. Expediente nº 15966/111

Sentenza nº 218 do 10 de outubro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 176/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo , da reclamación de RPA polos danos sufridos na motocicleta cando circulaba pola Avda. de Citroën á altura da glorieta do paso elevado da VG-20

Expte(s): 6839/243

Contía: 1.324,72 €

A sentenza, firme, estima o recurso interposto, declara a disconformidade a dereito tanto da desestimación presunta como da posterior resolución expresa estimatoria que anula e revoca no único aspecto de que deben ser incluídos na cantidade a indemnizar os intereses le-



Concello de Vigo

gais devengados dende a presentación da reclamación de responsabilidade patrimonial ata o completo pago.

No FX 1º a sentenza, se ben recoñece o axuste a dereito da resolución municipal, procede a súa anulación, por considerar que dita resolución non satisfai integramente a pretensión da actora: aprecia a responsabilidade da entidade concesionaria unicamente no importe principal reclamado sen incluír os intereses devengados, polo que considera que o Concello debe ditar una nova resolución.

A sentenza impón as custas ao Concello co límite máximo de 100 euros.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Patrimonio.

7.- Contencioso. Expediente nº 16201/111

Auto nº 83 do 11 de outubro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 229/2023

Demandante/Recorrente: Empresa e particular

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos ocasionados no vehículo por unha tapa dunha arqueta sita na Estrada San Xoan Freixo.

Expte(s): 6921/243

Contía: 300,81 €

Esta resolución, firme, declara rematado o procedemento pola satisfacción na vía administrativa das pretensións da parte demandante, nun expediente de responsabilidade patrimonial por danos ocasionados a un vehículo.

O servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.

8.- Contencioso. Expediente nº 16060/111

Sentenza nº 258 do 13 de outubro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 212/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos ocasionados no vehículo por mor da existencia de desnivel no terreo na rúa Travesía de Marqués de Alcedo

Expte(s): 6875/243

Contía: 666,90 €

A sentenza desestima o recurso interposto contra a resolución da concelleira delegada de xestión patrimonial que desestimou a reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos ocasionados a un vehículo cando estaba estacionado na Travesía de Marqués de Alcedo, e declara a conformidade ao ordenamento xurídico da resolución.

No FX 3º ao analizar o caso concreto considera que non resulta probada a relación de causalidade entre os danos do vehículo (666,90 euros) e o funcionamento normal ou anormal dun servizo público (non existe o desperfecto alegado, non foi realizada reparación ningunha; trátase en realidade dunha cuneta da rúa paralela a un muro de peche, non cons-

tando que o lugar do estacionamento estivera habilitado ou sinalizado para ser utilizado como tal).

A sentenza, que é firme, non contén un pronunciamento en materia de custas.

Debe coñecer o resolto a Oficina de Patrimonio.

9.- Contencioso. Expediente nº 16086/111
Sentenza nº 259 do 13 de outubro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 217/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos sufridos ao tropezar cunhas baldosas e caer na estrada do Vao nº 54.
Expte(s): 6959/243
Contía: 13.694,50 €

Sentenza firme pola que se desestima o recurso contencioso-administrativo interposto contra a desestimación presunta posteriormente expresa, da reclamación patrimonial presentada pola demandante ante o Concello polos danos persoais sufridos por unha caída nunha beirarrúa dentro do termo municipal de Vigo. A resolución municipal inadmitiu a reclamación na vía administrativa, por canto tanto a beirarrúa como a calzada son titularidade da Deputación Provincial, sendo esta a administración competente na súa conservación. A demandante alega que é competencia municipal o mantemento das vías que se atopen dentro do termo municipal, sexan ou non da súa titularidade.

A sentenza fundaméntase en que (i) o deber de seguridade e vixilancia non pode extenderse máis alá dos eventos que sexan razoablemente previsibles, (ii) que con carácter xeral unha caída derivada dun tropezo nun obstáculo de dimensións insignificantes entraña un dano non antixurídico e que (iii) o Concello só é competente no mantemento das vías da súa titularidade; que a vía na que se produciu a caída é de titularidade provincial, tal e como quedou probado polo Concello de Vigo tanto no expediente como no acto da vista, polo que non se dan os requisitos esencial da responsabilidade patrimonial.

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal de Patrimonio para o seu coñecemento.

10.- Contencioso. Expediente nº 15926/111
Auto nº 78 do 18 de outubro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 159/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, da reclamación RPA polos danos ocasionados no seu vehículo ao impactar contra unha arqueta, cando circulaba pola Avda. Hispanidade nº 100
Expte(s): 6891/243

O Auto declara rematado o procedemento xudicial por recoñecerse en vía administrativa das pretensións da recorrente.



Concello de Vigo

Debe coñecer o resolto o departamento de Patrimonio-Responsabilidade Patrimonial.

11.- Contencioso. Expediente nº 16057/111

Decreto nº 24 do 18 de outubro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 213/2023

Demandante/Recorrente: Empresa e particular

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos sufridos no vehículo cando circulaba pola Avda. Ricardo Mella nº 123

Expte(s): 6924/243

O decreto, firme, acorda ter por desistido aos recorrentes e declara a terminación deste procedemento, deixando sen efecto o sinalamento fixado para o 26/10/2023.

12.- Contencioso. Expediente nº 16102/111

Auto nº 79 do 18 de outubro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 224/2023

Demandante/Recorrente: Empresa e particular

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos ocasionados ao vehículo cando circulaba pola Estrada das Plantas-rotonda existente na saída do Tanatorio Vigo Memorial e atoparse cun valado de protección de obras.

Expte(s): 6892/243

Auto polo que se acorda declarar terminado o procedemento por recoñecemento en vía administrativa da pretensión do demandante e o pagamento por parte de Aqualia ao demandante da indemnización reclamada en concepto de danos en vehículo por colisionar cunha valla de obras da concesionaria. O Auto arquiva as actuacións, sen imposición de custas, devolve o expediente administrativo e deixa sen efecto a vista prevista para o día 2 de novembro de 2023. Cabe interpoñer contra o mesmo recurso de reposición.

Darase traslado deste Auto ao servizo de Patrimonio para o seu coñecemento.

13.- Contencioso. Expediente nº 16121/111

Auto nº 88 do 20 de outubro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 231/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, da reclamación de RPA presentada en data 12/09/2022 (nº rexistro 220219507), polos danos producidos con motivo dunha caída na rúa Fotógrafo Luis Ksado nº 10

Expte(s): 6846/243

Contía: 3.621,92 €

Auto firme polo que se declara terminado o procedemento abreviado e se ordena o arquivo do recurso e a devolución do expediente administrativo. O obxecto do recurso o constituía a desestimación presunta por silencio administrativo fronte á reclamación patrimonial por importe de 3.621,92 euros con motivo dunha caída nunha rúa de titularidade municipal. O

Concello resolveu expresamente o procedemento antes da celebración da vista, indemnizando á parte recorrente.

Darase traslado deste Auto ao servizo municipal de Patrimonio para o seu coñecemento.

14.- Contencioso. Expediente nº 15993/111
Sentenza nº 269 do 2 de novembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 183/2023
Demandante/Recorrente: Empresa e particular
Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, da reclamación de RPA polos danos ocasionados ao vehículo ao introducir unha roda nun canlón de augas pluviais que se atopaba sen rexilla.
Expte(s): 6771/243
Contía: 262,69 €

Sentenza firme pola que se desestima a pretensión do actor de indemnización de 200 euros á compañía de seguros demandante e 62,69 euros ao demandante por danos no neumático do vehículo de titularidade deste último, por causa da inexistencia dunha rexilla de augas pluviais situada sobre un paso de peóns e fora da liña de rodadura da calzada. A xulgadora determina que non quedou probado o nexo causal por parte da demandante e acóllese ao alegado pola representación do Concello de Vigo: o oco de recollida de pluviais atópase situado nun paso de peóns, fóra da liña de rodadura, a zona estaba debidamente sinalizada e os feitos ocorreron de día, polo que a visualización das indicación de tráfico era clara. Recoñece a sentenza que o estacionamento ou parada na zona denunciada non está permitida pola ordenanza municipal, ao estar situada nunha curva, e que o dano padeceuse por unha circulación negligente. Non hai imposición de custas.

Darase traslado desta resolución ao servizo municipal de Patrimonio para o seu coñecemento.

15.- Contencioso. Expediente nº 16173/111
Decreto nº 29 do 3 de novembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 250/2023
Demandante/Recorrente: Empresa e particular
Obxecto: Desestimación presunta por silencio administrativo da reclamación de RPA formulada o 15/07/2022, polos danos sufridos no vehículo cando circulaba pola Avda. da Gran Vía á altura do nº 140.
Expte(s): 6803/243
Contía: 834,83 €

O decreto acorda ter por desistido aos recorrentes declarando a terminación do procedemento.

Debe coñecer o resolto a Oficina de Responsabilidade Patrimonial.

16.- Contencioso. Expediente nº 14986/111
Sentenza nº 275 do 9 de novembro de 2023



Concello de Vigo

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 262/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada o 15/09/2021, polos danos sufridos por mor dunha caída na rúa República Arxentina

Expte(s): 6547/243

Contía: 34.093,25 €

Esta sentenza, que non é firme, estima parcialmente o recurso e condena ao Concello ao abono de 11.406,47 €, mailos xuros legais dende o 15/9/2021 en concepto de indemnización por danos.

A resolución considera que se produciu a caída da actora, e os danos corporais sufridos, por mor da falta de adherencia da tapa de rexistro de telecomunicacións situada na esquina da R/ República Arxentina, nas inmediacións do aparcamento da Praza de Portugal, pola escorrentía de auga dende os xardíns da Praza de Portugal.

A sentenza entende, con cita doutra resolución do XCA 2 de Vigo, que sen prexuízo da acción de repetición contra as compañías subministradoras, o feito de que eses elementos se sitúen no dominio público non exime de responsabilidade á administración.

Canto á valoración dos danos que se estiman, lonxe dos 34.093,25 € pretendidos, resolveuse como correcta e probada a cantidade de 11.406,47 €, coincidente coa da resolución do 16/6/2023, estimatoria parcial.

O servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto.

17.- Contencioso. Expediente nº 16035/111

Sentenza nº 243 do 9 de novembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 206/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo da reclamación de responsabilidade patrimonial, polos danos sufridos nunha motocicleta a consecuencia dun accidente de circulación na Avda Citroën.

Expte(s): 6894/243

Contía: 977,67 €

A sentenza desestima o recurso interposto contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos e prexuízos sufridos na motocicleta do recorrente (977,67 euros) con motivo dun accidente na confluencia entre a Avenida de Citroën e a circunvalación VG-20 debido a presenza dunha substancia na calzada.

A sentenza logo da proba practicada conclúe que o accidente debeuse á intervención da conducta dun terceiro (responsable do verquido) sen que sexa reprochable a actuación da Administración ante o suceso, e baseándose no criterio xurisprudencial do TSXG na sentenza 99/2011 ou sentenza 603/2016.

A sentenza é firme sen imposición de custas.

Debe coñecer o resolto a Oficina de Patrimonio.

18.- Contencioso. Expediente nº 15930/111
Sentenza nº 227 do 20 de outubro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 168/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 27/04/2023 desestimatorio do recurso de reposición formulado contra a imposición de sanción por non identificar ao condutor
Expte(s): 304838/280
Contía: 300,00 €

A sentenza firme estima o recurso, con imposición de custas. Considera, por aplicación do disposto no art. 95.4 TRLTSV, que non procede realizar requirimento de identificación de condutor cando a infracción base (orixinaria) sexa grave e non coleve a detración de puntos.

Nestes casos, tras notificar a denuncia inicial, e non terse abonado a multa, nin formulado alegacións respecto da denuncia, notificada correctamente, debería terse executado directamente a sanción, sobre quen apareza como titular do coche na base de datos da Xefatura de Tráfico.

Debe coñecer e executar o resolto o departamento de Tráfico.

19.- Contencioso. Expediente nº 16330/111
Auto nº 110 do 27 de outubro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra
Peza Separada Medidas Cautelares (RC-A nº 311/2023 PA XC-A nº 2 Pontevedra)
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución ditada pola Concelleira delegada da Área de Seguridade do Concello de Vigo, do 28/08/2023, ditada no expediente sancionador nº 2023/17156
Expte(s): 309742/280

Este Auto, firme segundo se recolle no mesmo, ao non ser posible interpoñer recurso algún, desestima a medida cautelar solicitada, consistente na suspensión da executividade da resolución.

A única razón desta resolución é que a solicitude é xenérica e non se acredita nin sequera indiciariamente os extremos aludidos: condutor profesional e que lle xera un prexuízo económico.

O servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

20.- Contencioso. Expediente nº 16024/111
Sentenza nº 232 do 2 de novembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 204/2023



Concello de Vigo

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución ditada pola Área de Seguridade o 13/03/2023 no expediente sancionador nº 2022/80689, que lle impón sanción de 300 € por non identificar ao condutor

Expte(s): 305540/280

Contía: 300,00 €

A sentenza firme estima o recurso e declara a disconformidade a dereito das resolucións ditas no expediente sancionador por requirir indebidamente a identificación do titular do vehículo con infracción do disposto nos artigos 77.j) e 95.4 do RD6/15.

A sentenza considera que o requirimento de identificación do condutor dunha infracción en materia de seguridade vial só é preceptivo nos casos previstos no artigo 95.4 do RD6/15 (cando non fose posible notificar a denuncia presencialmente ao seu responsable, e aquela constituía unha sanción grave que comporte a detracción de puntos do permiso de condución).

Noutro caso, unha vez notificada validamente a denuncia inicial, por non terse pagado a multa, nin formulado alegacións, debería executarse directamente a sanción sobre quen apareza como titular do vehículo na base de datos da Xefatura de Tráfico.

A sentenza impón as custas a administración municipal co límite máximo de 100 euros.

Debe coñecer o resolto o Departamento de Seguridade e de Recadación Executiva.

21.- Contencioso. Expediente nº 16233/111

Sentenza nº 276 do 10 de novembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 252/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución ditada pola Área de Seguridade no expediente sancionador nº 66581/2022, que lle impón sanción de 100 € por exceso de velocidade

Expte(s): 308744/280

Contía: 400,00 €

A sentenza desestima o recurso interposto contra a resolución ditada no procedemento sancionador en materia de tráfico que declara conforme a dereito por non apreciar erro ningún na tramitación realizada e por considerar que non foron desvirtuados os feitos captados polo cinemómetro que mediu o exceso de velocidade considerando suficiente proba de cargo a única fotografía obrante no expediente.

A sentenza, que é firme, non efectúa condena en custas.

Debe coñecer o resolto o Departamento de Seguridade e de Recadación Executiva.

22.- Contencioso. Expediente nº 16250/111

Sentenza nº 277 do 10 de novembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 255/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución ditada pola Área de Seguridade en expediente sancionador que impón sanción de 400 € por exceso de velocidade e a retirada de 4 puntos.

Expte(s): 309411/280

Contía: 400,00 €

A sentenza desestima o recurso interposto contra a resolución ditada no procedemento sancionador en materia de tráfico que declara conforme a dereito por non apreciar erro ningún na tramitación realizada e por considerar que non foron desvirtuados os feitos captados polo cinemómetro que mediu o exceso de velocidade considerando suficiente proba de cargo a única fotografía obrante no expediente.

A sentenza, que é firme, non efectúa condena en custas.

Debe coñecer o resolto o Departamento de Seguridade e de Recadación Executiva.

23.- Contencioso. Expediente nº 15487/111

Sentenza nº 330 do 6 de outubro de 2023

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7035/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta de reposición. Resolución do 8-3-2022 (autorización de Vao na Avda. Galicia nº 76).

Expte(s): 116248/210

Contía: Indeterminada

Esta sentenza ditada pola Sala do C-A do TSXG non é firme pero só cabe un recurso de casación contra a mesma. Resolve a desestimación do recurso de apelación interposto pola demandante contra a sentenza de instancia que inadmitira o recurso contencioso-administrativo contra a desestimación presunta dun recurso de reposición.

O pretendido pola recorrente é o recoñecemento ao dereito a dispoñer dun vao que impida o estacionamento de vehículos, pero acreditado o incumprimento dos requisitos para isto. A sentenza valida a actuación do Xulgador de instancia, posto que o acto recorrido é reprodución doutro firme, polo que procedía a inadmisión que resolveu.

A Sala de maneira expresa considera que ese uso exclusivo de dominio público só procede recoñecelo cando se cumpren os requisitos, que neste caso non só non se dan, senón que a recorrente non procede á regularización da súa propiedade en orde a que prospere tal solicitude.

Polo que se ratifica a sentenza de instancia e desestima o recurso, con imposición de custas por importe de 1.200 euros.

O servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 176/2022 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 287 de 01/12/2022, inadmisión, comunicada na sesión da XGL do 26/01/2023



Concello de Vigo

24.- Contencioso. Expediente nº 15946/111

Sentenza nº 359 do 20 de outubro de 2023

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7113/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, das solicitudes dirixidas ao Concello cos núms. Número de entrada: 220053009, Fecha de entrada: 14/03/22, Expediente: 2200220053009; Número de entrada: 220051311, Fecha de entrada: 10/03/22, Expediente: 220051311; Número de entrada: 220056138, Fecha de entrada: 17/03/22, Expediente: 220056138; Número de entrada: 220059316, Fecha de entrada: 22/03/22, Expediente: 220059316; Número de entrada: 220066903, Fecha de entrada: 04/04/22, Expediente: 220066903; Número de entrada: 220064823, Fecha de entrada: 31/03/22, Expediente: 220064823; Número de entrada: 220062702, Fecha de entrada: 29/03/22, Expediente: 220062702.

Expte(s): 298469/280

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, pero contra a que só cabe recurso de casación, desestima o recurso de apelación interposto polo demandante contra a sentenza de instancia.

O obxecto do recurso é unha resolución de instancia de inadmisión dun recurso, contra a desestimación presunta dunha pluralidade de reclamacións presentadas polo demandante e relativas ao mal funcionamento da Policía Local en procedementos sancionadores (redacción de denuncias).

A sentenza conclúe que a argumentación do apelante non critica a sentenza en absoluto, e non relaciona a discapacidade do apelante coa súa lexitimación -que foi o resolto na instancia e determinante da inadmisión-.

O servizo de Seguridade debe coñecer do resolto.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 361/2022 PA XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 110 de 11/05/2023, inadmisión, comunicada na sesión da XGL do 28/07/2023

25.- Contencioso. Expediente nº 15716/111

Auto nº 84 do 13 de outubro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 97/2023

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Desestimación presunta de reclamación económico-administrativa presentada contra resolución do Concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda do 23/12/2021, desestimatoria de recurso de reposición formulado contra acordo de modificación e fraccionamento por calificación rectificadora de créditos de data 19/08/2021, con relación á data de inicio do pagamento e os xuros devengados polo aprazamento (IAE, Imposto de bens especiais, atrasos de Xestión Urbana e EUI dos anos 2013, 2014, 2015 e 2016)

Expte(s): 179693/700 e 5469/550

A Auto recaído, firme, declara a falta de xurisdición da orde contencioso-administrativa para coñecer do recurso, ao entender competente á xurisdición mercantil.

A Recadación Executiva e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

26.- Contencioso. Expediente nº 15393/111
Sentenza nº 256 do 10 de outubro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 361/2022
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Acordo do TE-A do Concello de Vigo de data 17/11/2022, desestimatorio da reclamación económico-administrativa formulada contra outro que desestima a solicitude de devolución de ingresos indebidos relacionada co Imposto sobre Actividades Económicas 2020
Expte(s): 5559/550 e 54495/516
Contía: 1.100,21 €

Esta sentenza, firme, desestima integramente o recurso, con imposición de custas, ao considerar improcedente a devolución de ingresos indebidos en relación a unha parte proporcional do IAE do 2020.

Os servizos tributarios (IAE) e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

27.- Contencioso. Expediente nº 16030/111
Sentenza nº 210 do 28 de setembro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 203/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo, ditada o 26/04/2023, desestimatoria do recurso formulado contra desestimación da impugnación da liquidación PV 2697/21 de IIV-TNU e da solicitude de ingresos indebidos
Expte(s): 5780/550 e 57715/514
Contía: 1.792,34 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso con imposición de custas ao demandante, validando a actuación municipal, ao tratarse dunha situación xurídica consolidada non revisable en relación co IIVTNU.

Os servizos tributarios (IIVTNU) e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

28.- Contencioso. Expediente nº 16090/111
Sentenza nº 214 do 5 de outubro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 201/2023
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do TEA do 27/04/2023 desestimatoria do recurso formulado contra a desestimación da impugnación da liquidación PV 2695/21, do IIVTNU e da solicitude de ingresos indebidos.
Expte(s): 5784/550 e 57713/514



Concello de Vigo

Contía: 1.792,34 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso con imposición de custas ao demandante, validando a actuación municipal, ao tratarse de situacións xurídicas consolidadas non revisables en relación co IIVTNU.

Os servizos tributarios (IIVTNU) e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

29.- Contencioso. Expediente nº 16034/111

Sentenza nº 254 do 9 de outubro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 205/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do TEA de data 20/04/2023, que desestima solicitude de rectificación de autoliquidación do PV2551,18,2 e devolución de ingresos indebidos.

Expte(s): 5698/550 e 67401/514

Contía: 17.799,64 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, sen imposición de custas, ao tratarse dunha situación xurídica consolidada non susceptible de revisión, a efectos do IIVTNU, validando así a actuación municipal.

Os servizos tributarios (IIVTNU) e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

30.- Contencioso. Expediente nº 15982/111

Sentenza nº 219 do 10 de outubro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 186/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Acordo ditado polo TEA o 14/03/2023 desestimatorio da reclamación económico-administrativa formulada contra a desestimación da impugnación da autoliquidación polo IIVTNU PV 3190-18.1 a 3 e da devolución de ingresos indebidos

Expte(s): 41150/514 e 5761/550

Contía: 22.537,88 €

A sentenza, firme, desestima o recurso contra a desestimación da solicitude de rectificación de varias autoliquidacións e devolución de ingresos indebidos, practicadas en concepto do Imposto do Incremento do Valor dos Inmobles de Natureza Urbana (en adelante, IIVTNU).

Considérase que se trata dunha situación susceptible de ser revisada en base ao pronunciamiento de inconstitucionalidade recaído na STC 182/21 de 26 de outubro de 2021, logo que se trata dunha obriga tributaria devengada por este imposto que na data de ditarse a sentenza xa foi decidida mediante resolución administrativa firme e a solicitude de rectificación foi solicitada o 2 de novembro de 2021; é dicir con posterioridade a dita data.

Tamén se analiza que a solicitude non é igual que noutros casos nos que si se procedeu a rectificación toda vez que que as outras autoliquidacións aínda non foran ingresadas (art. 126.2 do Real Decreto 1065/2007, de 27 de xullo).

Debe coñecer o resolto o departamento de Ingresos - Imposto do Incremento do Valor dos Inmobles de Natureza Urbana (Plusvalía).

31.- Contencioso. Expediente nº 14977/111
Decreto nº 25 do 23 de outubro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 258/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo do 30/06/2022 ditada no expediente nº 5531/550, rectificación da autoliquidación e devolución de ingresos indebidos Expte. nº 920.18.2
Expte(s): 5531/550

O presente decreto, firme, ten por desistido ao recorrente, declarando a terminación do procedemento.

Os servizos tributarios (IIVTNU-Plusvalía) e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

32.- Contencioso. Expediente nº 15810/111
Sentenza nº 266 do 26 de outubro de 2023
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Ordinario: 125/2023
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Acordo do Tribunal Económico-Administrativo do 01/03/2023 que inadmite reclamación económico-administrativa contra resolución desestimatoria de solicitude de rectificación de autoliquidación nº PV4557.19
Expte(s): 5739/550 e 52042/514
Contía: 109.592,24 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso contencioso-administrativo, sen imposición de custas.

Os servizos tributarios (Plusvalía-IIVTNU) e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

33.- Contencioso. Expediente nº 15570/111
Sentenza nº 341 do 13 de outubro de 2023
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3
Recurso de apelación: 7080/2023
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 31/10/2022, polo que se fixan os servizos mínimos a manter durante a folga.
Expte(s): 3926/449
Contía: Indeterminada



Concello de Vigo

Esta sentenza non é firme, pero só cabe contra a mesma recurso de casación. Resolve o recurso de apelación interposto na instancia contra os Decretos do 31/10/2022 e 25/11/2022 sobre fixación de servizos mínimos na folga do servizo público de transporte urbano colectivo de viaxeiros. Este procedemento é especial para a protección de dereitos fundamentais.

A sentenza estima o recurso de apelación interposto pola representación do Concello e considera que a sentenza de instancia se excede ao resolver fóra das pretensións das partes, creando unha alternativa. Pero a sentenza de apelación manifesta que nin comparte a solución do Xulgador de instancia nin tampouco a resolución(s) municipal do 31/10 e 25/11.

Considera que o impugnado polo comité de folga (pretensión relativa á continuación ou non do percorrido polo vehículo iniciada a folga) é equilibrada, polo que se revoga a sentenza apelada e se estima a pretensión de nulidade recollida na demanda.

O servizo de Transportes debe coñecer do resolto.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 326/2022 DF XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 45 de 15/02/2023, estimatoria, comunicada na sesión da XGL do 20/04/2023

34.- Contencioso. Expediente nº 15357/111

Auto do 13 de outubro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Execución Definitiva: 3/2023

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Resolución de 10-5-2022. Solicitud de información sobre gastos e ingresos públicos.

Expte(s): 1209/1102

Contía: Indeterminada

Auto firme polo que se declara executada a sentenza estimatoria firme ditada neste procedemento, pola que se estimaba a demanda interposta pola representación da sección sindical da CUT e outros, e se condenaba ao Concello de Vigo a entregar á actora toda a información solicitada no seu escrito de data 27 de abril de 2022, no prazo de un mes. Co fin da execución da sentenza foron remitidos varios informes da Dirección Superior Contable aos solicitantes. Co último informe emitido e a súa remisión ás demandantes, declarouse executada a sentenza.

Darase traslado deste auto á Secretaría de Goberno Local e á Dirección Superior Contable para o seu coñecemento.

Procedemento de orixe:

RC-A nº 227/2022 PA XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 299 de 09/11/2022, estimatoria, comunicada na sesión da XGL do 16/12/2022

35.- Contencioso. Expediente nº 15911/111

Sentenza nº 261 do 18 de outubro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 152/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, da solicitude de recoñecemento do traspaso da concesión administrativa do posto C9 do Mercado do Progreso.

Expte(s): 152/551, 5419/106, 9558/106 e 183152/700

Contía: 25.000,00 €

A sentenza firme desestima o recurso contra a desestimación presunta por silencio da solicitude da recorrente de que se lle recoñeza o traspaso da concesión administrativa do posto C9 do Mercado do Progreso, por considerar que o Acordo da XGL de 26.07.2019 que autorizaba a cesión da concesión do dominio público do posto, o facía suxeito a unha serie de condicións, unha delas consistente na liquidación polo cedente do posto do importe de 12.493,54 euros que non consta cumprida.

No FX 3º expón que a recorrente ven ocupando o posto, desenvolvendo a actividade e pagando o canon mensual como ela mesma recoñece, pero non se cumpren- por causas a ela non imputables- unha das condicións para que poida facerse efectivo o traspaso segundo a normativa aplicable: o pago do canon de saída polo cedente. Non obstante, o acordo autorizando o traspaso constituíu título suficiente para seguir ocupando o posto e exercer a actividade en tanto o Concello tratou de obter por vía executiva o pago do canón para facer efectiva a cesión.

A sentenza non realiza expresa imposición de custas.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Comercio.

36.- Contencioso. Expediente nº 16214/111

Decreto nº 22 do 2 de novembro de 2023

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 266/2023

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Acordo da XGL do 30/06/2023 polo que se aprobaron as listas definitivas de adjudicación, reserva e denegación da convocatoria do Programa Municipal de Inmersión da Lingua Inglesa "Vigo en Inglés 2023"

Expte(s): 44937/332 e 62806/332

Contía: Indeterminada

O decreto, firme, acorda ter por desistida á recorrente declarando a terminación do procedemento.

Debe coñecer o resolto o servizo de Educación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio



Concello de Vigo

constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuizamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1009).- RESOLUCIÓN DE RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA A DENEGACIÓN DE AXUDA ECONÓMICA CON CARGO ÁS “SUBVENCIONES A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ANIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2023”. EXPTE. 258577/301.

Dáse conta do INFORME-PROPOSTA de data 07/12/2023 asinado polo asesor xurídico adxunto á xefatura de Benestar Social, a xefa do servizo de Benestar Social, o xefe de área de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. FEITOS/ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión do 05.05.2023, acordou aprobar as bases reguladoras e a convocatoria das «SUBVENCIONES A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ANIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2023» (BOP n.º 93 do 16.05.2023; extracto BOP n.º 103 do 31.05.2023).

I.2. O obxectivo destas axudas é o de posibilitar a execución de proxectos e actividades na área dos servizos sociais de Vigo por parte de entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro, dirixidos ós colectivos que na Base 2ª se relacionan: familia e infancia, maiores, persoas con discapacidade, persoas emigrantes, inmigrantes e pertencentes a minorías étnicas, persoas marxinas sen fogar e persoas toxicómanas.

I.3. De acordo coas Bases e a normativa reguladora das subvencions, estas axudas públicas outórganse de acordo cos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade (Bases primeira, novena, décimo primeira e concordantes), así como os de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, transparencia, igualdade e non discriminación (Art. 8.3 LXS e Art. 5.2 LSG).

I.4. As Bases foron integramente publicadas no BOP, na web municipal e no taboleiro oficial de anuncios e edictos do Concello. O prazo de presentación de solicitudes foi dun mes, contado desde o día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no BOP n.º 103 do 31.05.2023 e rematou o 30.06.2023.

I.5. Tal como se reflicte na Acta da Comisión de Avaliación destas axudas de data 18.07.2023, durante ese prazo presentáronse un total de 46 proxectos de distintas asociacións, comprobándose o cumprimento dos requisitos esixibles e a achega da documentación acreditativa e realizando os requirimentos de documentación preceptivos.

Todos eles foron examinados e valorados por esa Comisión, quen propuxo a estimación duns, cos importes concretos a percibir en cada caso, e a desestimación doutros, indicando neste caso o motivo concreto da denegación con fundamento nas Bases da convocatoria.

I.6. Conforme co establecido na normativa de réxime local (Art. 127.g] LRBRL), na reguladora das subvencions públicas (Arts. 7.4, 23.3 LSG...) e na Base reguladora undécima, a Xunta de Goberno Lo-



Concello de Vigo

cal, na súa sesión ordinaria do 01.09.2023 acordou, por proposta da instrutora do expediente e previo informe da Comisión de Avaliación, resolver esta convocatoria de axudas nos seguintes termos:

«PRIMEIRO: Conceder con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.00 do vixente orzamento a cantidade de **69.926,45€** en concepto de subvencións a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2023, segundo o seguinte desglose:

EXPTE.	NOME ENTIDADE	PROXECTO	PUNTAUACIÓN OBTIDA	IMPORTE CONCEDIDO (€)
254494/301	FUNDACION CUME PARA EL DESARROLLO DE CULTURAS Y PUEBLOS	CUME-ACCESO A VIVENDA A PERSOAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL	36	2.905,16
253930/301	ASOC ACCION SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)	DARNOS VIGO- ACOMPAÑAMIENTOS ACTIVIDADES E ASISTENCIA A MAIORES	34	2.743,76
253154/301	FUNDACIÓN ALDABA	ACTIVAMONOS IV	32	2.582,36
254495/301	FUNDACIÓN JUANSOÑADOR	PROXECTO EDUCATIVO NA RÚA VIGO	32	2.582,36
253759/301	ASOC NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DEFICIT DE ATENCION ANHIDA	TERAPIA PSICOLÓXICA E APOIO ESCOLAR PARA NENOS E NENAS CON TDAH	31	2.501,67
253894/301	ASOCIACION XARUMA	NATURALMENTE: ACOMPAÑAMIENTOS, RESPIROS FAMILIARES E FOMENTO DA VIDA AUTÓNOMA	30	2.420,97
254616/301	FADEMG GALICIA	SERVIZOS DE EMPREGO ESPECIFICOS PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL OU DO DESENVOLVEMENTO DA PROVINCIA DE	30	2.420,97
254238/301	FUNDACION AMIGÓ	PROYECTO CONVIVENDO	29	2.340,27
254694/301	ASOCIACION CENTRO CULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO VALLADARES	FACILITANDO O ACCESO A EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	28	2.259,57
251973/301	FUNDACION AMEDIS	PROGRAMA TIC 2023	27	2.178,87
251980/301	DOWN VIGO ASOC PARA EL SINDROME DE DOWN	"MOVE O TEU CORPO CON XEITO" A IMPORTANCIA DA PSICOMOTRICIDADE NO REFORZO EDUCATIVO	27	2.178,87
253437/301	BICOS DE PAPEL ASOC AXUDA NENOS ONCOLOXICOS HOSPITAL ALVARO CUNQUEIRO	ALOUMIÑO: PROXECTO DE ATENCIÓN INTEGRAL O NENO CON PATOLOXIA ONCO-HEMATOLÓXICA	27	2.178,87
254514/301	ALENTO-ASOCIACION DE DAÑO CEREBRAL DE VIGO	PROXECTO DE BENESTAR FÍSICO A USUARI@S AFECTADOS DE DANO CEREBRAL ADQUIRIDO	26	2.098,17
253895/301	ASOCIACION ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER	PROGRAMA DE REHABILITACIÓN PSICOSOCIAL DO DOENTE LARINGECTOMIZADO	25	2.017,47
253153/301	HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL	PROGRAMA DE OCIO E TEMPO LIBRE E ADQUISICIÓN DE HÁBITOS FÍSICO-PSÍQUICO SAUDABLES	24	1.936,77
254237/301	APAMP ASOCIACION DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL	HIDROTERAPIA: REHABILITACIÓN LÚDICA PARA MELLORAR O BENESTAR DAS PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL	24	1.936,77
253612/301	ASOCIACION DOA SAUDE MENTAL	O TAL-CHI NA REHABILITACIÓN PSICOMOTRIZ DAS PERSOAS CON PROBLEMAS DE SAÚDE MENTAL 2023	24	1.900,00
253765/301	AGRUPACION SOCIO DEPORTIVA ALTER-NATIVA	VIVE DEPORTIVAMENTE AÑO 2023 CONTINUIDADE E CONSOLIDACIÓN	24	1.900,00
254749/301	FUNDACION DE LA SANTA CRUZ	PROYECTO MÓVETE CON NÓS	23	1.856,07
253932/301	ASOC GALLEGA DE FAMILIAS NUMEROSAS	SERVICIO DE APOIO E ASESORAMENTO ÁS FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS EN RISCO DE EXCLUSIÓN	22	1.775,38
251874/301	FEDERACION COGAMI PONTEVEDRA	FISIOTERAPIA APLICADA Á MELLORA DA PSICOMOTRICIDADE. 2023	22	1.650,00
254543/301	ASOCIACION VIGUESA DE ESCLEROSIS MULTIPLE DE PONTEVEDRA	PROGRAMA DE ATENCIÓN INTEGRAL PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE: Atención socio sanitaria a través da Terapia Ocupacional	22	1.600,00
252604/301	FEDERACION DE ASOCIACIONES DE FAMILIARES E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA	PROGR. INTEGRAL DE INFORMACIÓN Y ATENCIÓN SOCIOFAMILIAR A COIDADORES, FAMILIARES E PERSOAS CON ENFERMIDADE MENTAL.	21	1.694,68
254019/301	ASOCIACION A FAVOR DE LAS PERSONAS CON DISCAPACIDAD INTELLECTUAL DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (ASPAÑAEX)	ME ACTIVO	21	1.694,68
254240/301	ASOC DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER Y OTRAS DEMENCIAS DE GALIC	Proxecto de prevención do deterioro cognitivo e a soidade non desexada "Cultiva a Mente en Rede"	21	1.694,68
252396/301	FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN	PROXECTO VERBAS	21	1.444,76
253767/301	ASOCIACION GALEGA TECENDO SONHOS	PROGRAMA DE RECUPERACIÓN FUNCIONAL E OCUPACIÓN DOS TEMPOS DE OCIO: UN SONHO	20	1.000,00

SEGUNDO: Desestimar as solicitudes de subvención ás entidades que a seguir se relacionan, por non ser conformes coas bases reguladoras aprobadas en Xunta de Goberno Local (...):

Asociación para a Loita Contra as Enfermidades do Ril (ALCER PONTEVEDRA)	"ALCER ACOMPaña" A IMPORTANCIA DO APOIO PSICOSOCIAL NAS PERSOAS CON ENFERMIDADE RENAL CRÓNICA DO CONCELLO DE VIGO	3	BASE 3.4.- Non acadada puntuación mínima
ASOCIACIÓN PEQUES AZULES	VIGOTEA	3	BASE 3.4.- Non acadada puntuación mínima
FUNDACIÓN FORMAVIGO	SERVIZOS DE INFORMACIÓN, ORIENTACIÓN LABORAL E APOIOS AO EMPREGO ESPECÍFICO	3	BASE 3.4.- Non acadada puntuación mínima
AGRUPACIÓN DEPORTIVA XOGARA	ACTIVIDADE LÚDICO DEPORTIVA O CACHIBOL	0	BASE 3.1 Solicitada axuda no outras áreas/ BASE 3.2 Non se encadra no ámbito de actuación dos servizos sociais
ASOC CULTURAL TRIANA DE VIGO	CURS OFORMACIÓN DA SAUDE PERSOAS MAIORES E FOMENTO PSICOMOTRICIDADE	13	BASE 3.4.- Non acadada puntuación mínima
ASOC DE COLABORACIÓN Y PROMOCIÓN DEL SORDO	"INFORMACIÓN Y SENSIBILIZACIÓN SOBRE LA RELACIÓN ENTRE LA PÉRDIDA AUDITIVA Y DETERIORO COGNITIVO"	0	BASE 6.d) Non ter sede ou delegación permanente no termo municipal de Vigo
ASOC.CELIACOS DE GALICIA	III XORNADA DE FORMACIÓN E ENCONTRO	0	BASE 3.4 Proxecto que non reúne as condicións de interese social
ASOC VECINAL CULTURAL, DEPORTIVA E DE CONSUMIDORES E USUARIOS DE LAVADORES	COS PÉS NO CHAN E A MIRADA NO MUNDO	0	BASE 2- Proxecto no n subvencionable. Non se trata dun proxecto da área dos servizos sociais.

TERCEIRO: Publicar este acordo e os seus Anexos no "Portal da Transparencia e Bo Goberno" do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

CUARTO: Notificar o acordo a todas as entidades interesadas, con indicación de que contra o presente acordo poderá interpoñerse, potestativamente recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun (1) mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses. Os prazos contaránse a partir do día seguinte ó das respectivas notificacións».

I.7. Este Acordo da Xunta de Goberno local, que puxo fin á vía administrativa, foi debidamente notificado ós interesados nas datas que constan nos respectivos expedientes. Durante o prazo habilitado para a interposición do recurso potestativo de reposición, presentouse un (1) por parte do representante da «Agrupación Deportiva XOGARA» (CIF G-36655033), co contido que será obxecto de análise neste informe, emitido por solicitude da Xefatura de Área de Benestar Social.

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).



Concello de Vigo

- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- L.10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.
- L.13/2008, do 3 de decembro, Lei de servizos sociais de Galicia.
- LXS (L.38/2003, do 17 de novembro, Lei xeral de subvencións).
- LSG (L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia).
- RD.887/2006, do 21 de xuño, Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Bases reguladoras e convocatoria para a concesión de subvencións a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro para a realización de actividades na área dos servizos sociais no ano 2023 (BOP nº 93 do 16.05.2023; extracto BOP nº 103 do 31.05.2023).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. O recurso potestativo de reposición presentado diríxese contra o precitado Acordo da Xunta de Goberno Local do 01.09.2023, desestimatorio da solicitude da «Agrupación Deportiva XOGARA» de concesión dunha axuda económica con cargo ás bases reguladoras das «SUBVENCIÓNS A ENTIDADES E ASOCIACIÓNS DE CARÁCTER SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NA ÁREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2023».

III.2. O escrito de recurso cumpre cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade: interponse en prazo (o acordo desestimatorio foi efectivamente notificado o 24.10.2023) e forma (ppio. antiformalista: Art. 115.2 LPACAP) polo secretario da entidade e responsable do proxecto (D. Antonio Piñeiro Domínguez; DNI nº ****7312**) e diríxese fronte a un acto administrativo susceptible de impugnación por este medio (Art. 112, 123 e ccdtes. LPACAP e Base décimo terceira), solicitando “*una respuesta urgente por nuestra situación económica precaria. Y la justificación de por qué a otras actividades similares a las nuestras se les concede y a nosotros no...*” e, en consecuencia, que se deixe sen efecto a resolución impugnada e se estime a concesión da subvención directa solicitada na instancia.

III.3. De acordo co disposto no Art. 124.2 da LPACAP, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición é dun (1) mes. Transcorrido este sen que se producise a súa resolución expresa, deberíase entender desestimado por silencio administrativo (Art. 24.1 LPACAP) para os efectos de poder deducir o recurso contencioso-administrativo; sen prexuízo da obriga que pesa sobre a Administración de dicar resolución expresa en todos os procedementos e de notificala, calquera que sexa a súa forma de iniciación (Art. 21.1 LPACAP).

III.4. Procede, pois, entrar a coñecer o recurso:

- **Recurso:** Recurso de reposición presentado pola «Agrupación Deportiva XOGARA» (CIF G-36655033). Rexistro electrónico municipal: 27.10.2023; Cod. Solicitude W986820-6904;

Doc. n.º 230340580; Notificación acordo XGL: 24.10.2023; Exp. solicitude n.º 253762/301; Exp. recurso n.º 258577/301.

- **Fundamento:** Indican que a “Agrupación Deportiva Xogara desarrolla la actividad lúdica, multideportiva del Cachibol con más de 60 personas mayores en Vigo, los lunes, miércoles y viernes en el IES Calvario y los martes y los jueves en Valladares y San Andrés (...) con el fin de cuidar la salud de las personas mayores de forma física, mental y social”. Entenden que cumpren os requisitos para acceder á subvención de Benestar Social do mesmo xeito que outras asociacións ás que sí se lles concedeu e urxen unha resposta á súa reclamación.
- **Resposta:** A Base 3ª Apdo. 2 dispón que serán desestimadas as solicitudes que, aínda que só se presentasen na Área de Política de Benestar Social, teñan unha relación ou canle máis específica de subvención noutras Áreas do Concello ou noutras Administracións, ou aquelas que, pola súa natureza ou obxectivo, non se encadren exactamente dentro do ámbito de actuación dos servizos sociais.

A «Agrupación Deportiva XOGARA» figura inscrita co n.º 01031-08 no Rexistro Municipal de Asociacións no ámbito do deporte, ocio e tempo de lecer (“Xogos sociais, peñas recreativas e deportivas”). Ademais, segundo a propia documentación presentada por esta asociación, figura inscrita no “Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia” (n.º C-01401); polo tanto, semella claro que as actividades desenvolvidas por esta Asociación teñen unha canle máis específica de subvención na área de Deportes e non da propia dos Servizos sociais.

Por outra banda, a Base 3ª establece claramente no seu Apdo. 1 que desestimaranse aquelas solicitudes referidas a proxectos para os que xa se solicitase axuda a outras áreas ou servizos do Concello de Vigo.

É o caso que a «Agrupación Deportiva XOGARA» presentou o 18.04.2023 unha solicitude de subvención á Concellería de Deportes do Concello de Vigo ó abeiro da “CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACION A SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2022-2023” (Exp. 22469/333; BOP n.º 61, do 28.03.2023), concedendoselles unha axuda económica por importe de 1.700,48 € para a “actividade lúdico deportiva do Cachibol”, segundo acordo da Xunta de Goberno Local do 13.10.2023 que resolveu esa convocatoria de subvencions (Exp. n.º 22776/333; beneficiaria n.º 183).

- **Proposta:** Polas razóns expostas e con fundamento na Base 3ª do programa de subvencions a entidades e asociacións de carácter social sen ánimo de lucro, para a realización de actividades na área dos servizos sociais no ano 2023, procedería desestimar o recurso presentado.

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, os artigos 112-119 e 123-124 da LPACAP, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte,



Concello de Vigo

«ACORDO

RIMEIRO: Desestimar expresamente, con base no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste Acordo e polos motivos que no mesmo se indican, o recurso potestativo de reposición presentado pola «Agrupación Deportiva XOGARA» (CIF G-36655033), contra o Acordo da Xunta de Goberno Local de data 01.09.2023 polo que, en aplicación da Base 3ª (Apdos. 1 e 2), denegouse a súa solicitude de concesión dunha axuda económica ó abeiro das bases reguladoras das «SUBVENCIONS A ENTIDADES E ASOCIACIONES DE CARÁCTER SOCIAL SEN ANIMO DE LUCRO, PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES NA AREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2023».

SEGUNDO: Notificar este Acordo á entidade recorrente, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, a non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no Art. 125.1 da LPACAP, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contado desde o día seguinte ó da súa notificación».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1010).- PROPOSTA DE DECISION DE NON CELEBRAR O CONTRATO DO LOTE 1 DO PROCEDIMENTO ABERTO DOS SERVIZOS DE FORMACION NAS INSTALACIONES MUNICIPAIS DO "CENTRO DE FORMACION" DA CONCELLERIA DE POLITICA DE BENESTAR SOCIAL, NA RUA ALTA Nº 23. EXPTE. 248390/301.

Dáse conta do INFORME-PROPOSTA de data 15/12/2023, asinado pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos, conformado pola concelleira da Área de Goberno, e fiscalizado de conformidade polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACION

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP)
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación por procedemento aberto dos servizos para o desenvolvemento dos servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 20 de abril de 2023 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) aprobou o expediente de contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23, autorizou o gasto e acordou a apertura do procedemento de licitación.

Segundo.- En data 8 de setembro de 2023 a XGL acordou adxudicar MAGNAFOR QUALITAS, S.L., o lote 1 deste procedemento.

Terceiro.- En data 14 de decembro de 2023, o xefe da área de Benestar Social, responsable do contrato, solicita a no celebración do contrato.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

-I-

DA DESISTENCIA E DA DECISIÓN DE NON ADXUDICAR OU NON CELEBRAR O CONTRATO

A nosa lexislación contractual permite ao órgano de contratación desistir do procedemento de adxudicación ou adoptar a decisión de non adxudicar ou non celebrar un contrato en determinados supostos.

Para poder adoptar un destes acordos é preciso que se cumpran os seguintes requisitos (artigo 152 LCSP):

1. Que se acorde polo órgano de contratación antes da formalización do contrato.
2. Que estea fundado:
 - Nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, no caso da desistencia.
 - En razóns de interese público, no caso da decisión de non adxudicar ou non celebrar un contrato.
3. Que se xustifique no expediente a concorrencia da causa.

Este artigo recolle dúas institucións distintas: a renuncia (decisión de non adxudicar ou non celebrar un contrato) e a desistencia. A principal diferenza entre ambas é que a primeira supón un cambio da vontade da Administración fundado en razóns de interese público, mentres que a desistencia é un acto regrado fundado en causas de legalidade, que esixe a concorrencia dunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación.



Concello de Vigo

Afirma ó respecto a doutrina, citaremos por todas a Resolución nº 1125/2018 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales que:

“La renuncia, a diferencia del desistimiento, supone un cambio en la voluntad de la Administración de contratar la prestación, por razones de interés público y, por ello, es un acto de contenido discrecional. Ha de ser acordado -al igual que el desistimiento- antes de la adjudicación del contrato, para evitar lesionar derechos y no meras expectativas, y precisamente por su carácter discrecional el artículo 152.3 de la LCSP introduce como cautela, para evitar fraudes en el procedimiento de adjudicación, la prohibición al órgano de contratación de promover una nueva licitación del objeto del contrato en tanto subsistan las razones alegadas para fundamentar la renuncia.

Por el contrario, el desistimiento tiene un contenido por completo diferente, a diferencia de la renuncia no es un acto discrecional determinado por el cambio de voluntad de la Administración contratante, sino un acto reglado fundado en causas de legalidad y no de oportunidad. Por ello exige, como señala el apartado 4 del artículo 152 de la LCSP, la concurrencia de una infracción no subsanable de las normas de preparación del contrato o de las reguladoras del procedimiento de adjudicación, que haga imposible continuar con la licitación hasta su adjudicación; y por ello el desistimiento, a diferencia de la renuncia, no impide la iniciación inmediata de un nuevo procedimiento de licitación con el mismo objeto. En relación con el desistimiento este Tribunal ha señalado (Resolución 323/2016, de 29 de abril) que “se configura como un mecanismo que la Ley ofrece a la Administración para evitar la celebración de aquellos contratos en cuya preparación o procedimiento para la adjudicación se haya incurrido en defecto no subsanable, evitándose así que llegue a generar derechos y obligaciones para las partes. Este procedimiento, lógicamente, podrá ser utilizado por la Administración en todos aquellos casos en que concurren los requisitos que se exigen legalmente. Para que pueda acordarse válidamente, es necesario que esté basado, como se desprende del precepto transcrito, en defecto no subsanable, que se justifique la concurrencia de la causa en que se basa y que se produzca antes de la adjudicación del contrato”. En idénticos términos se pronuncia la Resolución de este Tribunal 697/2018 dictada en el recurso 622/2018”.

-II-

DA CONCORRENCIA DOS REQUISITOS LEGAIS PARA ACORDAR A DECISIÓN DE NON CELEBRAR O CONTRATO

Analizaremos a continuación a concorrencia dos requisitos esixidos na lei para adoptar a decisión de non celebración do contrato no suposto que nos ocupa:

a) Non formalización do contrato:

Queda acreditado no expediente que o contrato aínda non se formalizou.

b) Causa:

A causa alegada para a decisión de non adxudicar o contrato está fundada en razóns de interese público.

Tal e como informa o responsable do contrato *“O obxecto do contrato é a realización de actividades formativas nas instalacións municipais do “Centro de Formación” da Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, na rúa Alta nº 23, executadas con financiamento DUSI OT 9, coa finalidade de mellorar a inserción sociolaboral de persoas en situación ou risco de exclusión social. Por tratarse dun contrato con financiamento Dusi, a xustificar no ano 2023, a data máxima para a execución do contrato estableceuse no 30 de novembro sen posibilidade de prórroga.*

O PCAP establecía que trátase dun contrato de servizos en función das necesidades da Administración. Pola premura das datas dende a Concellería de Política Social contactouse cos usuarios en situación ou risco de exclusión social sen que puideran conseguirse alumnos para este lote I. Ante a falta de alumnos, e a imposibilidade de prorrogar a data de finalización da execución do contrato, non parece procedente asinar o contrato para despois resolvelo, pero si procedería a devolución da garantía”.

Efectivamente, se non hai alumnos para a realización do curso, e xa non se vai percibir o importe da subvención por ter transcorrida a data máxima de celebración dos cursos de formación, non ten sentido formalizar o contrato e que o eventual contratista teña retido o importe da garantía definitiva.

c) Xustificación da causa:

Coa exposición da concorrencia desta causa cumprírase o último dos requisitos legais para poder acordar a decisión de non adxudicar un contrato.

-III-

DOS EFECTOS DO ACORDO DE NON CELEBRACIÓN DO CONTRATO

A lexislación contractual impón á administración contratante a obriga de notificar a decisión de non adxudicar ou non celebrar o contrato aos candidatos ou licitadores participantes (artigo 152.1 LCSP).

A decisión de non adxudicar ou non celebrar o contrato por razóns de interese público impedirá que se promova unha nova licitación do seu obxecto en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a decisión (artigo 152.3 LCSP).



Concello de Vigo

-IV-

COMPETENCIA

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

ACORDO

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Decidir non celebrar o contrato dos servizos para o desenvolvemento dos servizos de formación nas instalacións municipais do "Centro de formación" da Concellería de Política de Benestar Social, na rúa Alta nº 23 polas razóns expostas no fundamento xurídico segundo deste informe.

2º.- Notificar ao adxudicatario o presente acordo”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1011).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCIÓN DO NOVO ESTADIO MUNICIPAL DE ATLETISMO DE BALAIÓDOS. EXPTE. 1237/441.

Visto o informe de fiscalización do 13/12/2023 dáse conta da PROPOSTA da Mesa de Contratación de data 12/12/23, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución das obras de construción do novo Estadio Municipal de Atletismo de Balaídos (expediente 1237-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución das obras de construción do novo Estadio Municipal de Atletismo de Balaídos

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 11 de agosto de 2023 a Xunta de Goberno local (en diante, XGL), acordou aprobar o expediente de contratación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución das obras de construción do novo Estadio Municipal de Atletismo de Balaídos, autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- En data 9 de novembro a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía do 19.06.2023 e acordo de delegación da Xunta de Goberno local do 22.06.2023) adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 3 de novembro, da UTE CAPITEL-EPTISA (Porcentaxe de participación 70 % e 30 %, respectivamente) por superar o limiar establecido para o orzamento para a execución das obras establecido no apartado 16.J do Anexo I -FEC- do PCAP (“O orzamento máximo estimado polo Concello de Vigo para a execución das obras é de 7.169.750,00 euros (IVE excluído). Aquelas proposicións que indiquen un custo da obra proxectada superior a dito limiar serán excluídos da licitación.”).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución das obras de construción do novo Estadio Municipal de Atletismo de Balaídos (1237-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P.	91,90
2	DOMINGUEZ Y ASOCIADOS ARQUITECTURA S.L.P.U.	79,00

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.



Concello de Vigo

3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P., o día 14 de novembro de 2023, que presenta a documentación requirida o día 24 de novembro de 2023, dentro do prazo concedido. Revisada a documentación presentada pola Mesa de Contratación na sesión do 1 de decembro de 2023, acordou solicitarlle emenda da mesma.

Cuarto.- En data 5 de decembro o licitador presenta nova documentación, sendo esta correcta, polo que a Mesa, na sesión do 12 de decembro, acordou, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P., de acordo cos informes asinados pola técnica do Servizo de Turismo e a concelleira delegada da Área de Turismo e Xuventude do 20 de outubro de 2023 de valoración do sobre B “*proposición*”

avaliable mediante xuízo de valor”, e de valoración do sobre C “Proposición avaliable mediante fórmula” de data 30 de novembro de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Adxudicar a NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P., o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción do proxecto básico e de execución das obras de construción do novo Estadio Municipal de Atletismo de Balaídos por un prezo de 149.000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 31.290 euros o que fai un prezo total de 180.290 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1012).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "URBANIZACIÓN DA RÚA VAL MIÑOR E AVENIDA FRAGOSO". EXPTE. 1584/441.

Visto o informe de fiscalización do 12/12/2023 dáse conta da PROPOSTA da Mesa de Contratación de data 11/12/23, que di o seguinte:

“11. Propostas de adxudicación

- a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Urbanización da rúa Val Miñor e avenida Fragoso" (1584-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)



Concello de Vigo

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Urbanización da rúa Val Miñor e avenida Fragoso" (1584-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de xullo de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "URBANIZACIÓN DA RÚA VAL MIÑOR E AVENIDA FRAGOSO" redactado polo Arquitecto Pedro de la Puente Crespo.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación e pola Xefa do Servizo de Contratación en data 21.06.2023 que rexerá o presente contrato, e cuxo orzamento de licitación ascende a UN MILLÓN OITOCENTOS TRINTA E UN MIL OITOCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (1.831.856,40 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 317.925,49 €, distribuído nas seguintes anualidades:

2023	1.750.000,00 €
2024	81.856,40 €

Terceiro.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 1532 619 00 39 (Humanización Rúa Val Miñor) do vixente orzamento por importe de 1.750.000,00 €, e asumir o compromiso de dotar no orzamento inicial do exercicio 2024, na mesma aplicación orzamentaria, crédito por importe de 81.856,40 €.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 26 de outubro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Urbanización da rúa Val Miñor e avenida Fragoso" (1584-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	95,74
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	92,16
3	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	91,55
4	ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.	91,42
5	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	90,97
6	NAROM, S.L.	88,24
7	COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	86,38
8	ORECO BALGON, S.A.	85,53
9	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	79,67

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., o día 8 de novembro de 2023, que presenta a documentación requirida o 21 de novembro de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de novembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Concello de Vigo

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SIELVIGO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SIELVIGO, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 2 e 16 de outubro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Urbanización da rúa Val Miñor e avenida Fragoso" (1584-441) cun prezo total do contrato é de 1.626.322,11 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 282.254,25 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1013).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REDACCIÓN DOS PLANS DE EMERXENCIA, AUTOPROTECCIÓN E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE PARA AS CAMPAÑAS DO NADAL 2023-2024, 2024-2025, 2025-2026 E 2026-2027. EXPTE. 9394/106.

Visto o informe xurídico do 17/11/2023 e o informe de fiscalización de data 27/11/2023, dáse conta do INFORME-PROPOSTA de data 16/11/2023, asinado polo enxeñeiro municipal adscrito ao servizo de Comercio e conformado polo concelleiro de Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“ANTECEDENTES

1.- Mediante resolución de data 07/08/2023 o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais acordou iniciar os trámites administrativos e técnicos para **contratar por procedemento aberto o contrato de servizos para a redacción dos plans de emerxencia, autoprotección e coordinación de seguridade para as Campaña do Nadal 2023-2024, 2024-2025, 2025-2026 e 2026-2027.**

2.- No expediente tramitado ao efecto consta, entre outra, a seguinte documentación:

- **Informe xustificativo da necesidade e idoneidade** modificado asinado polo enxeñeiro municipal adscrito ao Servizo de Comercio de data 24/10/2023.

- **Resolución de inicio de expediente de contratación** asinada polo enxeñeiro municipal adscrito ao Servizo de Comercio e polo concelleiro da Área de Goberno de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais en data 07/08/2023.

- **Documentos económicos de retención de crédito** con operacións RC-157446 e RCFUT-157447 asinados pola técnica de contabilidade con data 17/08/2023.

- **Prego de prescricións técnicas particulares** (artigo 116.3 LCSP) asinado polo enxeñeiro municipal adscrito ao Servizo de Comercio en data 30/08/2023.

- **Declaración de neutralidade** do redactor do prego de prescricións técnicas, de data 20/10/2023.

- **Memoria económica** asinada polo enxeñeiro municipal e polo concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais con data 08/08/2023.

- **Memoria xustificativa** do contrato asinada polo enxeñeiro municipal en data 10/11/23 e polo concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais de data 10/11/2023.

- **Informe do Servizo de Contratación** asinado pola técnica de administración xeral de data 10/11/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- **Prego de cláusulas administrativas particulares** para a contratación da prestación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola pola técnica de administración xeral de data 15/11/2023.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).



Concello de Vigo

- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 da devandita lei. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada por acordo da Xunta de goberno Local de 19 de xuño de 2023 nos concelleiros de Área. O concelleiro da Área de Goberno de Parques, Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especias mediante resolución de data 07/08/2023 autorizou o inicio da tramitación do presente expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 18 da LCSP, tramítase como un contrato de servizos.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e, nel constan tanto o prego de cláusulas administrativas particulares como o de prescricións técnicas que rexeran o contrato tal e como se sinala no artigo 116 apartado 2 e 3 da LCSP.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustificativa, xustifícase a insuficiencia de medios (116.4.f LCSP), o prezo e a súa determinación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1), a clasificación dos licitadores (116 e 77 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 e 131.2 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP e, a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xa incorporado ao expediente, xunto co informe da fiscalización previa que achegará a Intervención Xeral, uníranse ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Octavo.- A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de contratos do sector público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para contratar **por procedemento aberto o contrato de servizos para a redacción dos plans de emerxencia, autoprotección e coordinación de seguridade para as Campaña do Nadal 2023-2024, 2024-2025, 2025-2026 e 2026-2027.**

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares de data 30/08/2023 e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola técnica de administración xeral de data 15/11/2023.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de **64.767,32**, que inclúe un IVE de **11.240,60 €** , durante o seguinte prazo de execución:

Lote I-Plan Autoprotección.

Campaña Nadal	Inicio	Fin	Días
2023-2024	Sinatura contrato	14-01-2024	A determinar
2024-2025	01-09-2024	12-01-2025	134
2025-2026	01-09-2025	11-01-2026	133
2026-2027	01-09-2026	10-01-2027	132

Lote II-Coordinación Seguridade e Saúde.

Campaña Nadal	Inicio	Fin	Días
2023-2024	Sinatura contrato	28-02-2024	A determinar
2024-2025	01-08-2024	26-02-2025	210
2025-2026	01-08-2025	25-02-2026	209
2026-2027	01-08-2026	24-02-2027	208

o cal se imputará á partida 4310.2270600 "Asistencias Técnicas" co seguinte desglose:



Concello de Vigo

ANUALIDA DE	LOTE I	LOTE II	CUSTE NETO	IVE	IMPORTE (IVE engadido)
2023	6.618,50 €	4.086,85 €	10.705,35 €	2.248,12 €	12.953,47 €
2024	8.273,12 €	5.108,56 €	13.381,68 €	2.810,15 €	16.191,83 €
2025	8.273,12 €	5.108,56 €	13.381,68 €	2.810,15 €	16.191,83 €
2026	8.273,12 €	5.108,56 €	13.381,68 €	2.810,15 €	16.191,83 €
2027	1.654,62 €	1.021,71 €	2.676,33 €	562,03 €	3.238,36 €
TOTAL	33.092,48 €	20.434,24 €	53.526,72 €	11.240,60 €	64.767,32 €

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista .”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1014).- PROPOSTA DE PAGO DOS PREMIOS EN METÁLICO PARA O CIRCUÍTO DE CARREIRAS “RUNRUNVIGO 2023”. EXPTE. 22172/333.

Visto o informe xurídico do 14/12/2023 e o informe de fiscalización de data 18/12/2023, dáse conta do INFORME-PROPOSTA de data 11/12/2023, asinado polo xefe do servizo de deportes, o concelleiro-delegado de Deportes e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

“1.- Antecedentes:

A Concellería de deportes dinamiza e coordina o circuítio de carreiras populares da Cidade de Vigo RUNRUNVIGO. Este programa, que se impulsa como parte do traballo de fomento e difusión do deporte entre a sociedade viguesa, propón a coordinación, promoción e difusión de diferentes probas pedestres que tradicionalmente teñen lugar na cidade de Vigo, co propósito de estimular e fomentar a práctica do deporte popular.

O programa das carreiras populares, que se desenvolve no ámbito da cidade de Vigo, está configurado por 12 tradicionais probas (aínda que se celebraron finalmente 11) dinamizadas por cada unha das entidades organizadoras tal como se detalla:

PROBA

Subida ao Castro
Carreira do Calvario
Carreira popular 10K de Teis
Medio Maratón Vig Bay
Carreira Praia de Samil
Carreira da Cereixa
Carreira Nocturna Correndo por Vigo
Carreira Nocturna de San Xoán
Vigo Contra el Cáncer
Media Maratón de Vigo
Vigo+11
Carreira solidaria Érguete e corre

Entre as actuacións vinculadas co desenvolvemento do circuío, a Concellería de deportes realiza dúas actuacións básicas. Por unha banda, coordina os resultados de cada unha das probas integradas no circuío para a definición dunha clasificación xeral de todos os participantes que ven determinada polos resultados obtidos en cada unha das carreiras. Esta clasificación é publicada de maneira regular durante todo o ano, coa finalidade de potenciar a participación nas carreiras ó tempo que a mesma serve para establecer ó final de todo o circuío os gañadores e primeiros clasificados no “Circuío de Carreiras RunRunVigo”.

Esta clasificación ten como finalidade tamén que os mellores atletas se sumen á iniciativa e participen no maior número de probas, dando desta forma un impulso á calidade deportiva do “Circuío”, polo cal dende a Concellería de Deportes se propuxo o outorgamento dun premios en metálico que fundamentalmente teñen un carácter de recoñecemento testimonial e promocional para o propio circuío.

Para a clasificación final das carreiras celebradas no ámbito do circuío 2023, cuxa última proba foi celebrada o pasado 10 de decembro de 2023, e unha vez certificados os resultados de todas as probas, propóñense os seguintes premios en metálico, por un importe total de 5.900,00€, que se distribuirán nas seguintes categorías cos seguintes importes, xa que non todos/as os/as primeiros/as clasificados/as cumpriron co requisito de participación mínima establecido no regulamento para ter acceso ó premio en metálico:

Categorías*	1º Clasificado/a	2º Clasificado/a	3º Clasificado/a
M-1	300,00 €	200,00 €	0,00 €
M-2	300,00 €	200,00 €	100,00 €
M-3	300,00 €	200,00 €	100,00 €
M-4	300,00 €	200,00 €	100,00 €
M-5	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-1	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-2	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-3	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-4	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-5	300,00 €	200,00 €	100,00 €

Tendo en conta que o importe máximo de cada un dos premios non supera en ningún dos casos os 300€, e atendendo ó establecido no Real Decreto-Ley 9/2015, de 10 de xullo, e no Art. 75.3.f. do RD



Concello de Vigo

439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das persoas físicas e se modifica o Regulamento de Plans e Fondos de Pensións aprobado polo RD 304/2004 de 20 de febreiro, que determina que “No existirá obrigación de practicar retención o ingreso a cuenta sobre las rentas siguientes:f) Los premios.....cuya base de retención no sea superior a 300€”, non se practicará ningún tipo de retención sobre os importes dos premios. Os créditos necesarios para este expediente se aplicarán con cargo á aplicación 3410.489.00.01, o cal non perturba o normal funcionamento da execución orzamentario do servizo.

2.- Proposta:

Dos resultados parciais de cada unha das probas celebradas foi realizada unha clasificación xeral do “Circuíto de Carreiras RunRunVigo 2023” que se anexa ó presente expediente. Comprobose que os e as atletas propostos cumpren co establecido no regulamento do circuíto, do que se desprende que os gañadores da proposta de premios en metálico son os seguintes atletas, ós cales lles corresponde os premios en metálico que se indican:

Categoría Femenina-1 e Masculina-1:

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Ret IRPF (19%)	Importe líquido
F-1	1ª	11	NOEMI ÁLVAREZ RODRÍGUEZ	****5942P	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-1	2ª	11	LAURA GALLEGRO CANABAL	5****462R	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-1	3ª	10	NEREA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ	35****20D	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Ret IRPF (19%)	Importe líquido
M-1	1º	8	GUTIERREZ GONZALEZ CARLOS ENRIQUE	5**5**80F	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-1	2º	9	BARREIRO GOMEZ MARTÍN	3**7**74V	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-1	3º	5	*PÉREZ BLANCO XOSÉ	7**3**15C	0,00 €	0,00 €	0,00 €

*Non cumpre co requisito de ter participado nun mínimo de 8 carreiras para poder recibir o premio en metálico.

Categoría Femenina-2 e Masculina-2:

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-2	1ª	11	RODRIGUEZ OLIVEIRA ROCIO	35573****	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-2	2ª	10	CALVO SERRANO MARTA	3***3*12Q	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-2	3ª	8	ALONSO GARCIA ANA ROSA	36***4*7H	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-2	1er	10	BARGIELA ARAUJO DANIEL	7****328A	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-2	2º	10	FERNANDEZ SOENGAS JESÚS	33****87M	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-2	3º	10	GARCIA RODRIGUEZ SERGIO	535****7V	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Categoría Femenina-3 e Masculina-3:

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-3	1ª	9	LEMON SOAGE ANA	3***2*51Z	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-3	2ª	9	LEMAT CABRAL MARÍA BELÉN	353*29***	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-3	3ª	7	CANABAL VILLAVERDE ISA	7**13**2X	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-3	1º	10	PRIETO DE LA IGLESIA MANUEL	11967****	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-3	2º	8	FERNANDEZ DE TORO MANUEL	1***2*23V	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-3	3º	11	COSTAS COSTAS MIGUEL	****5022T	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Categoría Femenina-4 e Masculina-4:

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-4	1ª	9	CARRERA SOUTELO JOSEFA	35**41**R	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-4	2ª	6	LÓPEZ REGUEIRO ALICIA	3**5952**	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-4	3ª	6	OSSORIO TERRON ASUNCION	***5699*V	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-4	1º	9	RIVEIRO RODRIGUEZ ARLINDO	39155****	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-4	2º	9	FUERTES SAAVEDRA ANTONIO	0****475H	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-4	3º	11	PEREZ PASCUAL MANUEL	3492****A	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Categoría Femenina-5 e Masculina-5:

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-5	1ª	11	CARMEN COSTAS RODRÍGUEZ	*6***832J	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-5	2ª	11	ALVAREZ DOMINGUEZ ROSA M.	36****20V	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-5	3ª	7	BARROS RIVERO JOSEFINA	36**2**0P	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-5	1º	11	SUAREZ MARTINEZ Manuel	36****31J	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-5	2º	9	JARDON LOPEZ José	10****95V	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-5	3º	11	DOMINGUEZ RODRIGUEZ Carlos	3600****A	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Tendo en conta os antecedentes descritos, atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten a continuidade de proxectos de promoción do deporte popular, considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva en xeral, e atendendo a que o circuíto rematou o pasado día 10 de decembro de 2023 coa celebración da



Concello de Vigo

derradeira, plantéase a presente proposta ao obxecto de aprobar os pagos dos importes vinculados ao outorgamento dos premios do “Circuíto de Carreiras RunRunVigo 2023”.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:

PROPOSTA

1. Dispoñer e comprometer o gasto polo importe de 5.900,00€ destinados a facer fronte ós premios para os e as gañadoras do “Circuíto de Carreiras RunRunVigo 2022” co desglose detallado na táboa adxunta, a aplicación do crédito realizarase a cargo da aplicación orzamentaria 3410.489.00.01.

Categoría Femenina-1 e Masculina-1:

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Ret IRPF (19%)	Importe líquido
F-1	1ª	11	NOEMI ÁLVAREZ RODRÍGUEZ	****5942P	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-1	2ª	11	LAURA GALLEGO CANABAL	5****462R	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-1	3ª	10	NEREA RODRÍGUEZ GONZÁLEZ	35****20D	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Ret IRPF (19%)	Importe líquido
M-1	1º	8	GUTIERREZ GONZALEZ CARLOS ENRIQUE	5**5**80F	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-1	2º	9	BARREIRO GOMEZ MARTÍN	3**7**74V	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-1	3º	5	*PÉREZ BLANCO ROSÉ	7**3**15C	0,00 €	0,00 €	0,00 €

*Non cumpre co requisito de ter participado nun mínimo de 8 carreiras para poder recibir o premio en metálico.

Categoría Femenina-2 e Masculina-2:

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-2	1ª	11	RODRIGUEZ OLIVEIRA ROCIO	35573****	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-2	2ª	10	CALVO SERRANO MARTA	3***3*12Q	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-2	3ª	8	ALONSO GARCIA ANA ROSA	36***4*7H	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-2	1er	10	BARGIELA ARAUJO DANIEL	7****328A	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-2	2º	10	FERNANDEZ SOENGAS JESÚS	33****87M	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-2	3º	10	GARCIA RODRIGUEZ SERGIO	535****7V	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Categoría Femenina-3 e Masculina-3:

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-3	1ª	9	LEMOS SOAGE ANA	3***2*51Z	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-3	2ª	9	LEMAT CABRAL MARÍA BELÉN	353*29***	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-3	3ª	7	CANABAL VILLAVERDE ISA	7**13**2X	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-3	1º	10	PRIETO DE LA IGLESIA MANUEL	11967****	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-3	2º	8	FERNANDEZ DE TORO MANUEL	1***2*23V	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-3	3º	11	COSTAS COSTAS MIGUEL	****5022T	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Categoría Femenina-4 e Masculina-4:

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-4	1ª	9	CARRERA SOUTELO JOSEFA	35**41**R	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-4	2ª	6	LÓPEZ REGUEIRO ALICIA	3**5952**	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-4	3ª	6	OSSORIO TERRON ASUNCION	***5699*V	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-4	1º	9	RIVEIRO RODRIGUEZ ARLINDO	39155****	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-4	2º	9	FUERTES SAAVEDRA ANTONIO	0****475H	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-4	3º	11	PEREZ PASCUAL MANUEL	3492****A	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Categoría Femenina-5 e Masculina-5:

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
F-5	1ª	11	CARMEN COSTAS RODRÍGUEZ	*6***832J	300,00 €	0,00 €	300,00 €
F-5	2ª	11	ALVAREZ DOMINGUEZ ROSA M.	36****20V	200,00 €	0,00 €	200,00 €
F-5	3ª	7	BARROS RIVERO JOSEFINA	36**2**0P	100,00 €	0,00 €	100,00 €

Catg.	Clasf	Nº probas	Nome e apelidos	DNI	premio	Retención IRPF (19%)	Importe líquido
M-5	1º	11	SUAREZ MARTINEZ Manuel	36****31J	300,00 €	0,00 €	300,00 €
M-5	2º	9	JARDON LOPEZ José	10****95V	200,00 €	0,00 €	200,00 €
M-5	3º	11	DOMINGUEZ RODRIGUEZ Carlos	3600****A	100,00 €	0,00 €	100,00 €



Concello de Vigo

O pago dos importes correspondentes a cada deportista serán realizados por transferencia bancaria, para o cal os interesados deberán acreditar a titularidade dunha conta bancaria e aceptar o premio.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1015).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO 2023. EXPTE. 22949/333.

Visto o informe xurídico do 13/12/2023, informe de fiscalización de data 15/12/2023 e INFORME-PROPOSTA de data 13/12/2023, asinada polo xefe do servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Deportes e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

“I- ANTECEDENTES:

Vista a proposta do 22 de novembro de 2023 da comisión de avaliación (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro de Deportes D. José Manuel Fernández Pérez, polo Xefe do servizo de deportes-Director deportivo e o Técnico deportivo do servizo de deportes como secretario, e consonte o establecido na cláusula 13ª das bases que regulan esta convocatoria, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.

A Xunta de Goberno local acordou aprobar, na sesión ordinaria do 22.09.2023, as bases e os criterios de avaliación da convocatoria para as “axudas a deportistas de alto nivel da cidade de Vigo, por un importe total de 50.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00.

O anuncio do extracto da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial de Pontevedra (02/10/2023), na prensa local e na Web do Concello de Vigo.

O órgano Colexiado, revisada a documentación, ordena ós e ás deportistas solicitantes en función dos criterios de avaliación e baremos da cláusula 6ª das bases da convocatoria, e que se establecen do seguinte xeito:

- Puntuacións:

	Outras compet. Intrais		Fase final Cto. España		Fase Final Cto. Europa		Fase final Cto. Mundo/XX.OO OU XXPP	
	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absoluta	Outras cat.
1º a 4º Posto	10 puntos	5 puntos	30 puntos	15 puntos	100 puntos	50 puntos	150 puntos	75 puntos
5º a 8º Posto	5 puntos	3 puntos	15 puntos	8 puntos	50 puntos	25 puntos	75 puntos	50 puntos
Participación	- puntos	- puntos	- puntos	- puntos	10 puntos	5 puntos	20 puntos	15 puntos

Por outra banda o apartado 3 da cláusula 7ª da convocatoria establece a contía máxima e límite individualizada das axudas do seguinte xeito:

- a) Límites máximos segundo a orde de prelación:

ORDE SEGUNDO PUNTUACIÓNS OBTIDAS	IMPORTE
1ª a 7ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	2.500,00€
8ª a 17ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	1.250,00€

18ª a 29ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	1.000,00€
30ª a 45ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	500,00€

b) Límites máximos dos importes en función das puntuacións obtidas:

PUNTUACIÓNS	IMPORTE MÁXIMO
De 10 a 40 puntos	1.250,00€
Máis de 40 puntos	2.500€

c) Nos casos de empate, a orde de prelación determinarase tendo en conta os seguintes criterios de desempate:

- 1º.- Mellor resultado nun campionato do mundo/Xogos Olímpicos ou Paralímpicos.
- 2º.- En caso de persistir o empate, mellor resultado nun campionato de Europa.
- 3º.- En caso de persistir o empate, mellor resultado nun campionato de España.
- 4º.- En caso de persistir o empate, mellor resultado en "Outras competicións internacionais".
- 5º.- En caso de persistir o empate, o importe correspondente dividiríase entre os deportistas empatados.

A esta convocatoria presentáronse un total de 68 solicitudes, das que se admitiron definitivamente 50 e rexeitáronse 18 polos motivos detallados no anexo II.

No anexo I relaciónanse os importes propostos correspondentes a cada un/unha dos/das solicitantes de subvención admitidos/as no proceso en virtude das puntuacións acadadas.

Tendo en conta a orde de prelación e os límites establecidos na cláusula 7ª das bases da convocatoria, resultou que o importe total distribuído entre os/as deportistas beneficiarios/as é de 50.000,00€.

Os/as solicitantes declaran que todos os datos reflexados na solicitude son certos e se axustan á realidade. Cómpre ter en conta a responsabilidade na que incorrerían os/as solicitantes no caso de falsear os datos na solicitude.

A comisión de valoración das solicitudes presentadas acredita que todos os solicitantes presentaron declaración responsable acreditativa de estar ao corrente coa Seguridade Social, a facenda autonómica, a AEAT e o Concello de Vigo. Así mesmo o servizo informa que a área de estatística informou que, comprobados os datos sobre o empadramento dos solicitantes, todos/as os solicitantes admitidos/as cumpren co requisito de estar empadroados ininterrompidamente en Vigo desde o 01/01/2022 ata a actualidade, tal e como establecen os requisitos establecidos na base 4ª.

Por todo o dito anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1.- Aprobar a resolución da convocatoria para o desenvolvemento do proxecto de axudas orientadas a deportistas de alto nivel da cidade de Vigo segundo a distribución detallada no Anexo I, por importe de 50.000,00€, con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00 do orzamento en vigor.

2.- Rexeitar as solicitudes dos/das deportistas relacionados segundo consta no anexo II segundo as causas dos rexeitamento detalladas.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: LISTADO DEFINITIVO DE BENEFICIARIOS/AS EN RELACIÓN Á CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO (EXPTE. 22949/333).



Concello de Vigo

NÚM.	APELIDOS E NOME	MODALIDADE	DNI	EXP.	PUNTOS	IMPORT E
1	GUZMÁN BITAR, JOHAN SEBASTIAN	PATINAXE VELOCIDADE	071**6*4*	23014-333	280	2.500,00 €
2	GARRIGÓS ROSA, FRANCISCO	JUDO	47*812***	23095-333	235	2.500,00 €
3	RODRÍGUEZ GACIO, SUSANA	TRIATLÓN	*613*1*6*	23060-333	200	2.500,00 €
4	SERRAT SEOANE, ANTONIO	TRIATLÓN	531*9**9*	23110-333	170	2.500,00 €
5	RODRÍGUEZ MENÉNDEZ, JUDITH	ESGRIMA ADAPTADA	3*4632*6*	23027-333	110	2.500,00 €
6	CABELLO VIEITEZ, PABLO	VELA	361**89**	23087-333	105	2.500,00 €
7	WIZNER PÉREZ-LAFUENTE, JAIME	VELA	39**6*35*	23025-333	100	2.500,00 €
8	SHERAZADISHVILI SAKVARELIDZE, NIKOLOZ	JUDO	5*47*26**	23097-333	90	1.250,00 €
9	VÁZQUEZ FERNÁNDEZ, LAURA	JUDO	5*1989***	23052-333	90	1.250,00 €
10	MARTÍNEZ NOVOA, MIGUEL	NATACIÓN	5*8178***	23017-333	90	1.250,00 €
11	WIZNER PÉREZ-LAFUENTE, MARTIN	VELA	*94664***	23026-333	75	1.250,00 €
12	CABELLO CAÑAS, MARÍA TERESA	VELA	*9*968*2Q	23086-333	75	1.250,00 €
13	NAVARRETE SANTANA, ESTHER	ATLETISMO	*3*9*762*	23061-333	70	1.250,00 €
14	DOMÍNGUEZ FERNÁNDEZ, MARTA	SQUASH	*94*82*7Z	23098-333	60	1.250,00 €
15	IGLESIAS GÓMEZ, CAROLINA	VELA	*9*9*330*	23122-333	50	1.250,00 €
16	FERNÁNDEZ SACRISTÁN, PEDRO	VELA	*3*994*2*	23123-333	50	1.250,00 €
17	GARCÍA TORNÉ, DAVID	JUDO	*82*2*47*	23093-333	50	1.250,00 €
18	GONZÁLEZ BORGES, DAVID	TRIATLÓN	*3*73*33*	23021-333	45	1.000,00 €
19	ARANDA OLALLA, JOSÉ ANTONIO	JUDO	048*64*8*	23091-333	45	1.000,00 €
20	MÉNDEZ PUGA, MARIO	NATACIÓN	*9488**8*	23083-333	45	1.000,00 €
21	FERNÁNDEZ-HERRERIN RODRÍGUEZ, TOMÁS	TAEKWONDO	*442*3*7*	23032-333	40	1.000,00 €
22	SÍO SEIJO, AROA	MONTAÑISMO	*3174*6**	23055-333	40	1.000,00 €
23	CAMPOS MÉNDEZ, IGNACIO	VELA	36*5*2*5*	23115-333	35	1.000,00 €
24	BASTOS NOVELLE, YOLANDA	VELA	77*10*1**	23116-333	35	1.000,00 €
25	DEL PRADO RODRÍGUEZ, XULIO	XADREZ	539*66*5*	23018-333	35	1.000,00 €
26	RODRÍGUEZ ALONSO, JULIA	NATACIÓN	*4468**1*	23033-333	30	1.000,00 €
27	MOREIRA ALONSO, ADRIÁN	ORIENTACIÓN	53*94*4**	23022-333	30	1.000,00 €
28	SALGADO GARCÍA, CARLOTA	ATLETISMO	544*8*3**	23084-333	30	1.000,00 €
29	ÁLAVA MONTENEGRO, JAVIER	BADMINTON	*423*4*0*	23119-333	30	1.000,00 €
30	DAPENA GARCÍA, AINTZANE	XIMNASIA TRAMPOLÍN	*3859*2**	23106-333	30	500,00 €
31	SOLER BENITO, JACOB	ATLETISMO	3*467*7**	23019-333	30	500,00 €
32	VARELA CAMPO, HUGO	SQUASH	39*6**27*	23128-333	30	500,00 €
33	RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, SARA	JUDO	535**7*2V	23114-333	25	500,00 €
34	FERNÁNDEZ FERREIRO, JACOBO	BADMINTON	3*4867*1*	23089-333	25	500,00 €
35	GONZÁLEZ FRANCO, NICOLÁS	VELA	3*49*5*2*	23102-333	20	500,00 €
36	PÉREZ ÁLVAREZ, MARTÍN	VELA	395**61**	23108-333	20	500,00 €

NÚM.	APELIDOS E NOME	MODALIDADE	DNI	EXP.	PUNTOS	IMPORT E
37	GARCÍA FERNÁNDEZ, MENCÍA	VELA	7*4*73*2*	23118-333	20	500,00 €
38	GARCÍA FERNÁNDEZ, RODRIGO	VELA	394*85***	23117-333	20	500,00 €
39	ESPIÑEIRA AMEJEIRAS, ÁLVARO	PATINAXE	*44*0*03*	23005-333	20	500,00 €
40	FERNÁNDEZ LÓPEZ, RUBÉN	XADREZ	**46*683*	23029-333	16	500,00 €
41	ÁLVAREZ NUÑEZ, MARTÍN	ESGRIMA	3*5145***	23063-333	15	500,00 €
42	IBÁÑEZ CRUCES, DIEGO	XADREZ	*34337*4**	23126-333	15	500,00 €
43	VÁZQUEZ LÓPEZ, MARÍA TERESA	BADMINTON	*60*52**C	23104-333	15	500,00 €
44	ROMÁN LEIRÓS, JORGE	ATLETISMO	39**95**	23100-333	15	500,00 €
45	REY BARCIELA, MATEO	XADREZ	*49*8*6*Q	23012-333	15	500,00 €
46	RASCADO NOVAS, MARCOS	ESGRIMA	539**82**	23035-333	15	0,00 €
47	DÍAZ FERNÁNDEZ, ASHEBER	ATLETISMO	5*2**6*0Z	23013-333	15	0,00 €
48	SALGADO GARCÍA, MARTIÑO	ATLETISMO	54*2*03**	23085-333	15	0,00 €
49	PÉREZ GÓMEZ, AIDA	VOLEIBOL	**9515*7**	23109-333	15	0,00 €
50	CRUZ GÓMEZ, LORENA	VOLEIBOL	36*1*54**	23096-333	15	0,00 €

ANEXO II: SOLICITUDES REXEITADAS NA AVALIACIÓN REALIZADA POLO ÓRGANO COLEXIADO ENCARGADO DO PROCESO DE AVALIACIÓN DAS MESMAS EN BASE Á EN RELACIÓN Á CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO (EXPTE. 22949/333).

1. Por non alcanzar a puntuación mínima de 10 puntos establecida na base 6ª das da convocatoria e/ou non acreditar o recoñecemento como deportista de alto nivel ou o Ranking necesario esixido na cláusula 4ª:

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº EXPTE
ENERITZ DAPENA GARCÍA	**8590*1*	23107-333
MAURO GONZÁLEZ RODRÍGUEZ	**65*70*M	23120-333
MARTA DORELLE RODRÍGUEZ	*450*6*3*	23121-333
CELIA GARCÍA BLANCO	*316**09*	23020-333
NOA ÁLVAREZ ROMERO	538*8**8*	23062-333
SERGIO MARTÍN OTERO	*95*12*3*	23088-333

2. Por non acreditar o cumprimento do requisito de estar recoñecido como deportista de alto nivel, a clasificación entre o 20% dos mellores do ranking ou estar recoñecido pola federación de deporte adaptado como deportista de alto nivel:

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº EXPTE
ADRIANA RODRIGUEZ ÁLVAREZ	****5309K	23124-333
ANA PÉREZ LEMA	3****596L	23015-333
BLANCA FIDALGO GARCÍA	53****14S	23053-333
LUCÍA BREL LAGO	545****2P	23094-333
INÉS AMENEIRO SOBRINO	3948****T	23028-333

3. Por presentar competicións fora do período subvencionable:

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº EXPTE
ALBA BONILLA FERNÁNDEZ	5*2**679*	23099-333



Concello de Vigo

JUAN FERRÓN GUTIÉRREZ	5***8*96D	23023-333
-----------------------	-----------	-----------

4. Por presentar competicións non subvencionables:

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº EXPTE
XIÁN PELÁEZ LÓPEZ	**54597**	23008-333
LUCA PIÑEIRO MOSQUERA	5***19*9W	23030-333
LORENA NOVAS BENAVIDES	394****4W	23024-333

5. Por non cumprir coa obriga de estar empadroadado dende 01/01/2021:

SOLICITANTE	NIF/CIF	Nº EXPTE
MARTINEZ ABELENDA LAURA	***97502*	23092-333
BECERRIL ÁLVAREZ, OLGA GISELA	5**7336**	23054-333

10(1016).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROGRAMA MUNICIPAL CIRCUÍTO DE CARREIRAS POPULARES “RUNRUNVIGO 2024” E DOTACIÓN DE PREMIOS EN METÁLICO PARA OS PARTICIPANTES. EXPTE. 23319/333.

Visto o informe xurídico do 30/10/2023 e o informe de fiscalización de data 18/12/2023, dáse conta do INFORME-PROPOSTA de data 21/11/2023, asinado polo xefe do servizo de deportes, o concelleiro-delegado de Deportes e a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

A Concellería de deportes dinamiza e coordina o circuítio de carreiras populares da Cidade de Vigo “RunRunVigo”. Este programa, que se impulsa como parte do traballo de fomento e difusión do deporte entre a sociedade viguesa, propón a coordinación, promoción e difusión de diferentes probas pedestres que tradicionalmente teñen lugar na cidade de Vigo, co propósito de estimular e fomentar a práctica do deporte popular.

Este programa ten entre os seus fins fundamentais continuar co apoio ó atletismo popular da cidade de Vigo. Desde a Concellería, co pleno convencemento do beneficio que supón a práctica do deporte para a cidadanía en xeral, continuando co traballo de dinamización do deporte popular, segue a apostar polo xa consolidado circuítio de carreiras populares na súa edición do ano 2024.

No ano 2024, o proxecto cumpre a súa décimo quinta edición, o que o converte nun dos grandes atractivos do ámbito do atletismo popular na cidade de Vigo ó longo do ano.

O programa RunRunVigo, que se desenvolve na cidade de Vigo, estará configurado por 12 tradicionais probas que se celebran ó longo do ano 2024 dinamizadas por cada unha das entidades organizadoras.

PROBA
Subida ao Castro
Carreira do Calvario
Carreira popular 10K de Teis

Medio Maratón Gran Bahía Vig Bay
Carreira Praia de Samil
Carreira da Cereixa
Carreira Nocturna Correndo por Vigo
Carreira Nocturna de San Xoán
Vigo Contra el Cáncer
Media Maratón de Vigo
Vigo+11
Carreira solidaria Érguete e corre

Entre as actuacións vinculadas co desenvolvemento do circuío, a Concellería de deportes realiza dúas actuacións básicas. Por unha banda, coordina os resultados de cada unha das probas integradas no mesmo para a definición dunha clasificación xeral de todos os participantes que ven determinada polos resultados obtidos en cada unha das carreiras. Esta clasificación é publicada de maneira regular durante todo o ano, coa finalidade de potenciar a participación nas carreiras ó tempo que a mesma servirá para establecer ó final do circuío os gañadores e gañadoras e primeiros clasificados/as no “Circuío RunRunVigo”.

Esta clasificación ten como finalidade tamén que os mellores atletas se sumen á iniciativa e participen no maior número de probas, dando desta forma un impulso á calidade deportiva do “Circuío”, polo cal dende a Concellería de Deportes se propón o outorgamento duns premios en metálico que fundamentalmente teñen un carácter de recoñecemento testimonial e promocional para o propio circuío.

Para a clasificación final das carreiras que integran o circuío 2024, que remata no mes de decembro, e unha vez certificados os resultados de todas as probas, propóñense os seguintes premios en metálico, por un importe total de 6.000,00 €.

Categorías*	1º Clasificado/a	2º Clasificado/a	3º Clasificado/a
F-1 e M-1	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-2 e M-2	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-3 e M-3	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-4 e M-4	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-5 e M-5	300,00 €	200,00 €	100,00 €

En relación ás retencións obrigatorias por Lei, atenderase ó establecido no Real Decreto-Ley 9/2015, de 10 de xullo, tendo en conta o establecido no Art. 75.3.f. do RD 439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das persoas físicas e se modifica o Regulamento de Plans e Fondos de Pensións aprobado polo RD 304/2004 de 20 de febreiro, que determina que *“No existirá obrigación de practicar retención o ingreso a conta sobre as rentas seguintes:f) os premios.....cunha base de retención no sexa superior a 300€”*.

II- PROGRAMA MUNICIPAL RUNRUNVIGO 2024:

1.- PROBAS:

PROBA



Concello de Vigo

Subida ao Castro
Carreira do Calvario
Carreira popular 10K de Teis
Medio Maratón Vig Bay
Carreira Praia de Samil
Carreira da Cereixa
Carreira Nocturna Correndo por Vigo
Carreira Nocturna de San Xoán
Vigo Contra el Cáncer
Media Maratón de Vigo
Vigo+11
Carreira solidaria Érguete e corre

*Se por calquera causa algunha das probas non se celebra ou non cumpre cos criterios establecidos para formar parte do circuito, o Concello de Vigo terá a potestade de integrar no circuito unha proba alternativa, ou reducir o nº de probas que o conforman.

2.- CATEGORÍAS PARTICIPANTES E CLASIFICACIÓNS:

Femininas	Masculinas	Ano de nacemento
F-1	M-1	Entre 1985-2004 (ambos incluídos)
F-2	M-2	Entre 1975-1984 (ambos incluídos)
F-3	M-3	Entre 1965-1974 (ambos incluídos)
F-4	M-4	Entre 1960-1964 (ambos incluídos)
F-5	M-5	1959 ou anteriores

- Os/As atletas quedarán inscritos a efectos de clasificación no circuito por ano de nacemento.
- O/A atleta que, a nivel federativo, por cuestións relacionadas coa súa data de nacemento, cambie de categoría en parte das probas, puntuará, a efectos do circuito, na categoría que lle corresponda por ano de nacemento.
- **Os/As atletas das categorías 2, 3, 4 e 5 poderán competir na categoría 1 unicamente se o solicitan por escrito á organización do circuito (vide@vide.es) antes da celebración da segunda proba do circuito, computando os puntos na nova categoría a partires dese momento.**
- **Clasificación de equipos:** Haberá unha clasificación final por equipos. Os equipos interesados en participar nesta clasificación, deberán remitir á Fundación Vide unha solicitude de participación nesta clasificación, co listado de atletas (Nome, apelidos e dni) que queiran que puntúen nela. Teranse en conta os puntos acadados polos/as atletas tras a súa inscrición no equipo. O prazo para inscribir atletas nos equipos rematará o día de peche da inscrición na segunda carreira do circuito, momento no que quedará pechada a configuración de todos os equipos. En caso de empate na clasificación, teranse en conta, neste orde, os seguintes criterios:
 - Maior número de atletas femininas inscritas no equipo.
 - Maior número de mellores postos.
 - Suma de puntos de atletas femininas.
 - Número total de compoñentes do equipo.
- **Clasificación ponderada:** Elaborarase unha clasificación compensada masculina e

unha feminina.

3.- INSCRIPCIÓN NO PROGRAMA MUNICIPAL “CIRCUITO DE CARREIRAS POPULARES RUNRUNVIGO 2024”:

1. **Automática:** Os/as participantes inscritos/as en calquera das probas quedarán incluídos automaticamente no circuíto RunRunVigo 2024 salvo petición contraria escrita dirixida polo/a atleta á organización do circuíto.
2. **Gratuíta:** A inscrición no circuíto é gratuíta.
1. **Independente:** A inscrición no circuíto RunRunVigo 2024 é independente da que se realiza en cada unha das probas. Polo tanto, independentemente de estar inscritos no circuíto, o/a atleta deberá formalizar a inscrición en cada unha das probas segundo as normas específicas de cada unha delas.

4.- PUNTUACIÓNS DAS PROBAS:

Os e as participantes no circuíto irán conseguindo puntuacións en cada unha das probas, as cales irán sumándose. A puntuación sairá da clasificación particular por categoría dos inscritos no circuíto segundo os postos en cada proba do circuíto.

PUNTUACIÓNS POR PROBA		
	Dist. Longa	Dist. Curta*
1º clasificado/a	250 puntos	120 puntos
2º clasificado/a	200 Puntos	90 Puntos
3º clasificado/a	150 Puntos	75 Puntos
4º clasificado/a	125 Puntos	60 Puntos
5º clasificado/a	100 Puntos	50 Puntos
6º clasificado/a	90 Puntos	45 Puntos
7º clasificado/a	80 Puntos	40 Puntos
8º clasificado/a	75 Puntos	35 Puntos
9º clasificado/a	70 Puntos	30 Puntos
10º clasificado/a	60 Puntos	20 Puntos
11º-15º clasificado/a	35 Puntos	15 Puntos
16º-20º clasificado/a	30 Puntos	8 Puntos
21º-50º clasificado/a	20 Puntos	5 Puntos
51º-150º clasificado/a	15 Puntos	3 Puntos
151º-300 clasificado/a	8 Puntos	2 Puntos
301º-600 clasificado/a	5 Puntos	1 Punto
601º-900 clasificado/a	3 Puntos	1 Punto
901º-1200 clasificado/a	2 Puntos	1 Punto
>1200 clasificado/a	1 punto	1 punto

*As carreiras que desenvolvan dúas distancias competitivas cronometradas mediante o sistema de chip a través da plataforma oficial, terán unha dobre clasificación a efectos do circuíto, de forma que os/as atletas que participen nas distancias curtas puntuarán segundo o establecido na táboa.

5.- CONTROL E XESTIÓN DE RESULTADOS:

O Control e xestión dos resultados das probas estará centralizado a través dunha plataforma única. O Concello de Vigo, actualizará as clasificacións cos datos aportados por cada unha das probas, e publicará a clasificación.

6.- PREMIOS FINAIS POR CATEGORÍAS:

6.1.- Os premios en metálico ós/ás gañadores/as do circuíto outórganse con independencia dos



Concello de Vigo

que cada unha das probas entrega ós mesmos.

Categorías*	1º Clasificado/a	2º Clasificado/a	3º Clasificado/a
F-1 e M-1	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-2 e M-2	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-3 e M-3	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-4 e M-4	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-5 e M-5	300,00 €	200,00 €	100,00 €

*Para ter dereito ó premio metálico, o/a atleta deberá ter rematadas como mínimo 8 probas, e a categoría deberá contar cun mínimo de 5 atletas inscritos/as que remataran polo menos 7 probas. Nas categorías F-3, F-4, F-5 e M-5, as/os atletas deberán ter rematado polo menos 6 probas, aínda que non haberá participación mínima esixida na categoría para optar ós premios en metálico. A estes importes aplicaranse as retencións obrigatorias por lei.

1. Criterios de desempate: En caso de empate, utilizaranse os seguintes criterios no orde que se detalla en caso de persistir o empate:

2.1º criterio: Nº de probas rematadas ó final do circuío.

3.2º criterio: Nº de probas gañadas.

4.3º criterio: Mellor posto na derradeira carreira do circuío.

6.2.- Premio mellor equipo do circuío RunRunVigo:

A organización outorgará o trofeo ó mellor equipo do circuío. Na clasificación de entidades, irán computando os puntos que consigan os e as atletas de cada un dos equipos inscritos formalmente segundo as condicións establecidas no apartado 3 deste regulamento.

6.3.- Premio clasificación compensada: O circuío outorgará trofeos ós e ás mellores clasificados/as da clasificación compensada.

Ó remate do circuío, farase entrega nun acto de clausura do Circuío dos premios correspondentes ós gañadores e as gañadoras do Circuío RunRunVigo 2024 en cada unha das categorías.

7.- RECLAMACIÓNS:

Os/As participantes no circuío terán 5 días naturais desde a publicación da clasificación de cada unha das probas para remitir por escrito calquera reclamación á dirección de correo electrónico: vide@vide.es

8.- INFORMACIÓN XERAL DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO:

–A información Xeral do circuío estará dispoñíbel en www.vigo.org , www.runrunvigo.com , www.vide.es e na web oficial da empresa cronometradora do circuío.

–

9.- CANCELACIÓN DO CIRCUÍTO:

Se por calquera circunstancia, non se celebraran un mínimo de 7 probas, o circuío quedará suspendido, quedando desertas as clasificacións finais.

–

III.- APLICACIÓN DOS PREMIOS EN METALICO.

Coa finalización das probas do Circuito RunRunVigo, será tramitado por parte da Concellería de Deportes o correspondente expediente para a aprobación dos premios en metálico vinculados ó citado circuito.

Os premios en metálico previstos do circuito RUNRUNVIGO, ao tratarse de premios deportivos concedidos segundo unha clasificación xeral de todos os participantes nas carreiras incluídas no circuito de carreiras RUNRUNVIGO, non teñen directamente a consideración de subvencións, polo tanto, outorgaranse sen a previa solicitude dos interesados, consonte ao disposto no artigo 4 da LXS.

Para afrontar o gasto derivado do presente expediente, deberase imputar o mesmo ao capítulo IV do orzamento, polo cal, tendo en conta que a proposta do gasto derivada do correspondente expediente, no cal se propoña os gañadores do circuito de carreiras RUNRUNVIGO, será desenvolto ó remate do circuito, a proposta de autorización do gasto será sobre a aplicación orzamentaria 3410.489.00.01 do orzamento do ano 2024.

IV.- PROPOSTA:

Tendo en conta os antecedentes descritos, e atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten a continuidade de proxectos de promoción do deporte popular, considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva en xeral, previo informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o Programa Municipal Circuito RunRunVigo 2024.

Segundo: Autorizar o gasto polo importe de 6.000,00€ destinados a facer fronte ós premios para os e as gañadoras do "RunRunVigo 2024". A aplicación do crédito realizarase a cargo da aplicación orzamentaria 3410.489.00.01, do orzamento do ano 2024.

Terceiro: Proceder á publicación Programa Municipal Circuito RunRunVigo 2024, na web municipal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1017).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO E IMPLEMENTACIÓN DO SOFTWARE INFORMÁTICO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE DEPORTES. EXPTE. 5983/611.

Visto o informe xurídico do 07/12/2023 e o informe de fiscalización de data 11/12/2023, dáse conta do INFORME-PROPOSTA de data 30/11/2023, asinado polo adxunto á xefatura do Servizo de Deportes, o xefe do servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Deportes e a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES.-

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), previa á resolución de inicio do expediente, o 23 de xaneiro de 2023
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2023, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 30 de decembro de 2022 e publicado na plataforma de contratación.
- Memoria económica de data 3 de agosto de 2023, coa última modificación de data 20 de novembro de 2023, relativa aos seguintes extremos:
 - 1) Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP, en base os custos que ten actualmente o propio servizo de deportes nos contratos para o desenvolvemento do servizo.
 - 2) Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - 3) Forma de pagamento do prezo (artigo 67.2.ñ do RLCAP).
 - 4) Reservas de crédito de data 23 de novembro de 2023 (operacións nº 202300205344 e 202300205337).
 - 5) Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 11 de agosto de 2023.

6) Memoria xustificativa, de data 11 de agosto de 2023, corrixida o 27 de outubro de 2023 cuxa versión definitiva asínase con data 2 de novembro de 2023, relativa aos seguintes extremos:

* A xustificación do procedemento elixido rexerese polo disposto no artigo 159. 6 da LCSP que regula o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada.

* Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).

* Xustificación do prazo de duración dos contratos e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).

* Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).

* Xustificación da solvencia esixida aos licitadores.

* Lugar de entrega do obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

- Informe do Servizo de Contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 21 de novembro do 2023..
- Prego de Cláusulas administrativas particulares asinado pola servizo de contratación de data 21 de novembro de 2023.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.-

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023 nos concelleiros de Area. O concelleiro- delegado de Deportes mediante resolución de 31 de xullo de 2023 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizo (art. 17 LCSP). O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviado(art. 159.6 LCSP), o ter un valor estimado inferior a 60.000,00 euros.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.



Concello de Vigo

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª .4 LCSP)

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada **CONTRATO DE SERVICIOS PARA O MANTENIMENTO E IMPLEMENTACIÓN DO SOFTWARE INFORMÁTICO DE XESTIÓN DO SERVIZO DE DEPORTES** (expte núm. 5983-611).

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 11 de agosto de 2023 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado o 21 de novembro de 2023 polo Servizo de Contratación.

Terceiro.- Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de **59.271,27 euros con IVE, sendo o IVE 10.286,76 euros**, e co seguinte distribución de anualidades.

DISTRIBUCIÓN ORZAMENTARIA

Período	Distribución en anualidades euros con IVE parte fixa	Distribución en anualidades euros con IVE parte variable	Distribución en anualidades euros con IVE parte fixa + parte variable, con IVE.	Dias	Meses
29/12/2023 31/12/2023	146,10 €		146,10 €	3	
2024	17.775,24 €	1.981,85 €	19.757,09 €		12
2025	17.775,24 €	1.981,85 €	19.757,09 €		12
01/01/2026 29/12/2026	17.629,14 €	1.981,85 €	19.610,99 €	362	
total	53.325,72 €	5.945,55 €	59.271,27 €		36

O contrato financiarase con cargo a seguinte aplicación orzamentaria 3420.2279907“ “mantemento equipos e aplicacións informáticas”.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1018).- SOLICITUDE DE MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE XESTIÓN CATASTRAL NO RELATIVO Á COLABORACIÓN NA NOTIFICACIÓN DE ACORDOS DE ALTERACIÓN CATASTRAL. EXPTE. 2816/500.

Visto o informe de intervención do 15/12/2023, dáse conta do INFORME-PROPOSTA de data 12/12/2023, asinado pola técnica de administración xeral da Dirección de Ingresos/xeфа Inspección de Tributos (Resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal do 21.11.2023), que di o seguinte:



Concello de Vigo

“Primeiro.- En data 22/11/2021 subscribiuse Convenio entre a Secretaria de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e o Concello de Vigo de colaboración en materia de xestión catastral (expediente municipal 2816/500). Este convenio substituiu ao subscrito anteriormente o 20/12/2001.

O citado Convenio foi publicado no BOE nº 289 do 03/12/2021.

Segundo.- O modelo de convenio aprobado pola Dirección Xeral de Catastro incorporado ao presente expediente no trámite 15 sobre o que se definiu o contido finalmente subscrito sinalaba na Cláusula Sexta as seguintes opcións para notificación postal aos/ás titulares catastrais:

- “- *Correos SICER,*
- *Correos NO SICER*
- *Medios propios y Correos SICER*
- *Medios propios y Correos NO SICER*
- *Medios propios/franqueo operador postal*
- *Medios propios”*

Terceiro.- O contido da Cláusula sexta do Convenio asinado finalmente entre o Concello de Vigo e a Secretaría de Estado de Facenda (Dirección Xeral do Catastro) e actualmente vixente, contén de entre as anteriores, a seguinte modalidade: *“Medios propios y Correos NO SICER”*.

Cuarto.- Conveniencia e motivación da substitución da modalidade conveniada para notificación.

En aplicación do disposto no artigo 3.1.h) e j) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas, a actuación das administracións públicas ten que rexirse polos principios de eficacia e a eficiencia. Para dar cumprimento aos citados principios, cómpre instruír o presente expediente polos motivos que a continuación se expoñen.

Dende a suscripción do primeiro convenio que tivo lugar o 20/12/2001, o sistema de notificación conveniado foi un sistema híbrido: Correos faría as notificacións de fora do municipio e operadores privados as de domicilios dentro do término municipal. Na actualidade este sistema resulta pouco eficiente este sistema porque os actos administrativos de contido catastral a notificar tardan demasiado en chegar ás persoas destinatarias: son emitidos pola Dirección Xeral do Catastro en Madrid, remitidos á Xerencia Territorial de Catastro de Pontevedra- Oficina de Vigo, remitidos ao Concello e, finalmente, remitidos a operadores privados para a súa entrega nos domicilios. Toda a secuencia anterior implica un tempo promedio dende a emisión da notificación en Madrid ata a chegada ao domicilio do titular catastral de 82,3 días. Esta demora constitúe un problema grave para a culminación dos efectos de calquera expediente catastral: Rexistro da Propiedade, contratación privada de alugueres, pagamento do IBI a cargo do titular legal e outros.

Polo anteriormente exposto, procede solicitar da Dirección Xeral do Catastro, previo acordo da Xunta de Goberno Local, o cambio sistema de notificación. O novo sistema implicará a

utilización da Sociedade Estatal de Correos y Telégrafos S.A. SME para a totalidade das notificacións catastrais emitidas de xeito centralizado pola Dirección Xeral do Catastro relativas a actos comprendidos no vixente convenio de colaboración.

Este novo sistema reducirá o tempo promedio aludido de 82,3 días a 18,9 días e aínda que o custo unitario se incrementará, o Concello non terá repercusión orzamentaria ningunha por canto a partir do vindeiro exercicio se producirán aforros nas modalidades de notificación de actos tributarios. A contía dos aforros compensarán dabondo o sobrecusto derivado do cambio na modalidade do Convenio, polas seguintes causas:

1) unha notificación de alteración catastral executada con celeridade elimina custos de notificación postal relativos a recibos/liquidacións do Imposto de Bens Inmóveis e implica tamén aforros tamén no imposto municipal de plusvalía nos casos de variación de valor catastral.

2) o novo sistema de clave concertada CSV para notificacións tributarias impulsado polo Servizo de Administración Electrónica e a Dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada e aprobado en expediente 3010/500, mediante Resolución conxunta do Concelleiro de Orzamentos e Facenda e da Concelleira de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal do 05/04/2023, publicada no BOP nº 71 do 13/04/2023, reduciu extraordinariamente o número de notificacións postais a persoas físicas.

Dito noutros termos, a dotación orzamentaria de 50.000€ que ven consignándose nos sucesivos orzamentos de gastos para notificacións tributarias e catastrais na Partida 2220100.9320 resultará suficiente para afrontar esta nova modalidade de notificación.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Solicitar á Dirección Xeral do Catastro a modificación da Cláusula Sexta do vixente Convenio de colaboración en materia de xestión catastral suscrito en data 22/11/2021, nos seguintes termos:

- no apartado 1, parágrafo primeiro da Cláusula Sexta, onde di "*acogiéndose al sistema de reparto medios propios y Correos NO SICER*" deberá dicir "*acogiéndose al sistema de reparto Correos NO SICER*".

- apartado 2, parágrafo primeiro da Cláusula Sexta, onde di "*acogiéndose al sistema de reparto medios propios y Correos NO SICER*" deberá dicir "*acogiéndose al sistema de reparto Correos NO SICER*".

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Dirección Xeral do Catastro.

Terceiro.- Autorizar ao Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda para formalizar a solicitude e subscribir a modificación da Cláusula Sexta do Convenio.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1019).- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS PARA O ANO 2024 NOS CONSELLOS ESCOLARES DOS CENTROS DE ENSINO PÚBLICO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E SECUNDARIA. EXPTE. 62868/332.



Concello de Vigo

Visto o informe de fiscalización do 18/12/2023, dáse conta do informe-proposta de data 15/12/2023, asinado polo técnico do servizo de Educación, a xefa do servizo e conformado pola concelleira-delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Os municipios exercerán como competencia propia nos términos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na seguinte materia de “conservación, mantemento e vixianza dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación especial, segundo se recolle no art. 25.2, apartado n)”, da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, segundo redacción pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalidade e sostenibilidade da Administración Local.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio de Educación (LOE), establece o Consello Escolar no seu Capítulo III “Órganos Colexiados de goberno e de coordinación docente dos centros públicos”, artigo 126 “Composición Consello Escolar” e artigo 127 “Competencias Consello Escolar”; vixentes despois da entrada en vigor da Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro de Educación (LOMLOE) pola que se modifica a LOE.

En cumprimento do establecido no Decreto 92/1988 do 28 de abril, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario (DOG 29/04/88) e demais disposicións legais vixentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, o Consello Escolar de Centro defínese como o órgano de participación da comunidade escolar, ademais de constituír a canle para o control e a xestión dos fondos públicos. A participación é o mecanismo idóneo para atender axeitadamente os dereitos e liberdades das nais e pais, do profesorado e alumnado.

Os Concellos, como organismos que teñen responsabilidades legais no mantemento, conservación e vixianza dos colexios públicos e que colaboran coa Administración responsable na común tarefa de educar, teñen un Concelleiro/a ou representante municipal nos Consellos Escolares dos centros de ensino público, segundo o artigo 126 da Lei Orgánica 2/2006 do 3 de marzo de Educación (LOE), vixente despois da entrada en vigor da Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro de Educación (LOMLOE) pola que se modifica a LOE. Estes representantes municipais nos consellos escolares dos centros públicos de educación infantil, primaria e secundaria, desempeñarán as atribucións e competencias que están establecidas no artigo 127 da LOE, vixente despois da entrada en vigor da LOMLOE.

Como funcións específicas dos representantes municipais cabe salientar as seguintes:

1. Achegar os recursos ubicados no Municipio á escola, para levar á práctica o principio de interacción escola-medio.
2. Levar a realidade da escola, as súas necesidades e propostas ao Concello, e si fora preciso trasladala a outras institucións ou áreas da Administración Pública.
3. Velar pola neutralidade dos centros públicos e porque se respecten e cumpran os dereitos dos diferentes sectores da Comunidade Educativa, especialmente os que recollen os artigos 14, 16, 20 e 27 da Constitución, da LOE que posteriormente foi modificada pola LOMLOE e dos Decretos desenvolvidos con posterioridade.

4. Canalizar os procesos de admisión de alumnado de acordo coa planificación xeral que se realice pola Administración Educativa.
5. Canalizar a información e propostas sobre prestación de servizos complementarios como os comedores escolares, transporte ou becas.
6. Plantexar ao Consello Escolar, que con criterios pedagóxicos se programen actividades orientadas a facer dos centros lugares axeitados para unha acción educativa.
7. Por especial atención ao seguimento do Plan de Centro.
8. Velar para que se cumpra a LOE que posteriormente foi modificada pola LOMLOE, e especialmente acadar que a escolarización obrigatoria e gratuíta se faga compensando as desigualdades.
9. Comprobar que o destino dos recursos económicos que reciben do Concello os colexios públicos de educación infantil e primaria, é o que está previsto no expediente de financiamento municipal de autoxestión correspondente, destinado ás tarefas de mantemento preventivo e ordinario.

Con estas funcións específicas, e seguindo instrucións da Concelleira Delegada de Educación, a proposta xeral do Servizo de Educación do Concello de Vigo é que o persoal nomeado para este cometido sexan funcionarios e funcionarias adscritos ao servizo de Educación, Benestar Social, Xuventude, Festas, Vías e Obras, Disciplina Urbanística, Admon. de Tributos, Dirección de Ingresos e Tenenza de Alcaldía, polo seu coñecemento na xestión das competencias educativas municipais e pola súa experiencia en promover e planificar dende estes Servizos municipais intervencións de apoio ao ensino.

Por outra banda, se facilitan así as xuntanzas de coordinación e intercambio de información referente ás actuacións municipais no eido do ensino, que obrigatoriamente deberán manter os/as representantes municipais co obxecto que o desenvolvemento deste programa sexa eficaz para acadar unha axeitada interacción Concello-Escola.

A efectos retributivos, a cantidade económica a percibir polos/as representantes municipais por asistencias aos Consellos Escolares de Centro serán, as homologadas por asistencia e participación en tribunais de oposicións, concursos, ou outros órganos encargados da selección de persoal; por unha banda, na categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos B e C quedando establecidas en 39,78.-€, e por outra banda, na categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos grupos D e E quedando establecidas en 36,72.-€, consonte co recollido no artigo 30 e anexo IV do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo, e normativa de concordante aplicación.

As asistencias aos Consellos escolares de Centro se totalizarán, a efectos de pago, dúas veces ó ano, o 31 de Xullo e o 31 de Decembro de 2024. Os custes totais destinados ao pago das dietas por asistencias aos Consellos Escolares de Centro para o ano 2024, serán aplicados con cargo á bolsa de vinculación da partida presupostaria 3230.233.00.00 “Dietas de asistencia a Consellos Escolares” do presuposto de 2024. O uso destes créditos con cargo á bolsa de vinculación non afecta ao normal funcionamento do servizo.

Por todo o anteriormente exposto, solicítase á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:



Concello de Vigo

Primeiro.- Nomear representantes municipais nos consellos escolares de centro das escolas e colexios públicos de Vigo, ás persoas que de seguido se relacionan, con vixencia dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2024.

ZONA 1.

PEDRO M^a VÁZQUEZ IGLESIAS (NIF ****0480**) Pertenece ao Grupo A2

1. CEIP Emilia Pardo Bazán.
2. CEIP Illas Cíes.
3. CEIP Escultor Acuña.
4. CEIP Seis do Nadal.
5. CEIP Pintor Laxeiro.
6. IES Alexandre Bóveda.
7. IES Alvaro Cunqueiro.
8. Escola Oficial de Idiomas de Vigo (EOIV)

ZONA 2.

VICTOR MARTÍNEZ OYA (NIF ***8479**) Pertenece ao grupo C1

1. E.E.I Vilalaura
2. CEP Doutor Fléming.
3. IES O Castro.
4. E.E.I Cristo da Victoria.
5. CEP Celso E. Ferreiro.
6. IES Politécnico.
7. IES Sta. Irene.
8. IES Sto. Tomé Freixeiro.

ZONA 3.

MARIA GABRIELA ROMERO BANDEIRA (NIF ***3536**) Pertenece a grupo C1

1. Escola Infantil Municipal Sta. Cristina.
2. Escola Infantil Municipal Atalaia.
3. Escola Infantil Municipal Sta. Marta.
4. Escola Infantil Municipal Costeira.
5. Escola Infantil Municipal Tomás Alonso.
6. Escola Infantil Municipal Bouzas.
7. Escola Infantil Municipal Mestres Goldar.
8. Escola Infantil Municipal Navia.
9. Escola Infantil Municipal Bembrive.

ZONA 4.

ROCÍO BRUZON ALCANIZ (NIF ***5864**) Pertenece ao grupo C1

1. CEIP Frián-Teis.
2. CEIP Paraixal.
3. EPA Berbés.
4. IES ROU (Rosais I).
5. IES Rosais 2.

ZONA 5.

ANGELES LANDIN LORENZO (NIF ****9165**) Pertenece ao grupo C1

1. CEIP Eduardo Pondal.
2. CEIP O Pombal.
3. E.E.I Rúa Aragón
4. E.E.I. Palencia.
5. E.E.I Hernán Cortés.
6. E.E.I Valadares.

ZONA 6.

MARIA I. BILBAO ECHEGARAY (NIF ****6481**) Pertenece a grupo C1

1. CEIP Josefa Alonso.
2. CEIP Otero Pedraio.
3. CEIP Canicouva- Pereiró.
4. E.E.I. Monte da Guía.
5. CEIP Ramón y Cajal.

ZONA 7.

MARIA RITA RIELO FRANCO (NIF ****6707**) Pertenece a grupo C1

1. CEIP Mosteiro-Bembrive.
2. CEIP Chans-Bembrive.
3. CEIP Santa Mariña – Cabral.
4. CEIP Cabral Sello.
5. IES Carlos Casares.
6. CEE Saladino Cortizo.

ZONA 8.

YOLANDA FAJIN TORRES (NIF ***9755**) Pertenece a grupo A2

1. CEIP A Doblada.
2. CEIP Carballal (Cabral).
3. IES Castelao.
4. IES Ricardo Mella.

ZONA 9.

ESTELA ROSENDE VILLAR (NIF ***6911**) Pertenece a grupo A2

1. CEIP Sobreira-Valadares.
2. CEIP Coutada-Beadé.
3. CEP Valadares Igrexa.
4. EEI Monte do Alba.

ZONA 10.

IRIA MARÍA ÁLVAREZ CANELLA (NIF: ***3259**) Pertenece a grupo C2

1. CEIP Balaídos.
2. CEIP Vicente Risco.
3. CEIP Altamar.
4. CEIP Ría de Vigo.

ZONA 11.

JOSE ANTONIO FRANCO REZA (NIF ****9778**) Pertenece a grupo C2

1. CEIP Coruxo Carrasqueira.



Concello de Vigo

2. CEIP A Paz Tintureira.
3. CEIP Sárdoma Moledo.
4. CEIP Mestres Goldar.
5. IES Coruxo Carrasqueira.
6. IES Beade.

ZONA 12.

NURIA MÉNDEZ LEMA (NIF ***1656**) Pertenece a grupo C1

1. CEP Santa Tegra.
2. CEIP San Salvador.
3. IES Teis.
4. IES A Guía.

ZONA 13.

FERNANDO GONZÁLEZ NÚÑEZ (NIF ***5678**) Pertenece a grupo C2

1. CEIP García Barbón.
2. CEIP Lope de Vega.
3. Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico.
4. Conservatorio Profesional de Música de Vigo.
5. IES Valadares.

ZONA 14.

ANTÍA MOSQUERA GONZÁLEZ (NIF ***5912**) Pertenece a grupo C1

1. CEIP Bouzas Virxe do Rocío.
2. CEIP Valle Inclán.
3. CEIP Candeán Igrexa.
4. CEIP Candeán Fonteescura.

ZONA 15.

BEGOÑA CABALEIRO VILLANUEVA (NIF ***2375**) Pertenece a grupo C1

1. CEIP Alcabre- Javier Sensat.
2. CEIP Navia A. R. Castelao.
3. CEIP Comesaña-Párroco Don Camilo.

Segundo:- Aprobar a aplicación para este concepto da dieta de 39,78.-€, establecida na actualidade para a categoría segunda de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos B e C e da dieta de 36,72.-€, establecida na actualidade para a categoría terceira de vocais que inclúe ao persoal clasificado nos Grupos D e E, consonte co recollido no artigo 30 e anexo IV do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razóns de servizo.

As asistencias aos Consellos escolares de Centro totalizaranse, a efectos de pago, dúas veces ao ano, o 31 de Xullo e o 31 de Decembro de 2024.

A previsión do gasto anual polo concepto “Dietas de asistencia dos Representantes Municipais nos Consellos Escolares dos Centros Públicos de Vigo” é de 15.500.-€, con cargo á bolsa de vinculación da partida 3230.233.00.00 do orzamento de 2024.

Terceiro.- Establecer a perda da condición de representante municipal para quen non xustifique, antes da súa realización, a súa ausencia á reunión do consello escolar de centro ou á de coordinación do Servizo de Educación que, a fin de estudar a situación xeral, convocarase cando menos, de xeito trimestral.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1020).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DA CASA DAS MULLERES. EXPTE. 12530/224.

Visto o informe xurídico do 18/12/2023 e o informe de fiscalización de data 19/12/2023, dáse conta do informe-proposta de data 14/12/2023, asinado pola axente de igualdade e a xefa do servizo de Igualdade, e conformado pola concelleira delegada de Igualdade e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O obxecto deste contrato de servizos é a “Xestión e dinamización da Casa das Mulleres”.

A Casa das Mulleres de Vigo é un centro dependente da Concellería de Igualdade do Concello de Vigo, aberto ás iniciativas e intereses das mulleres da cidade e das asociacións e colectivos que as representan, poñendo á súa disposición un equipamento con locais que ofrece un lugar de encontro e de referencia para todas as mulleres, fomentando o encontro, o intercambio de experiencias e as redes de solidariedade entre os distintos colectivos feministas, dando lugar ao fortalecemento do asociacionismo de mulleres.

Neste espazo realízanse xuntanzas, exposicións e relatorios, impártense cursos e outras actividades que promoven a participación e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, unhas veces organizadas pola propia Concellería de Igualdade e outras por mulleres, ben a título individual ou ben como colectivo, a través das súas organizacións.

É un centro que dá cabida aos proxectos do asociacionismo feminino local, dá resposta ás demandas do movemento asociativo das mulleres de Vigo, concretándose tamén con tarefas de información e asesoramento sobre recursos e actividades e xestionando os espazos da Casa das Mulleres onde os colectivos se poden reunir.

O seu obxectivo principal é fortalecer as posicións das mulleres en todos os ámbitos da vida mediante o encontro, as redes de solidariedade e intercambio, a formación (cursos, xornadas, foros...) e a investigación.

Coa execución do contrato perséguese integrar, de xeito transversal na devandita xestión, a perspectiva de xénero e elementos de dinamización que fomenten a participación social das mulleres dun xeito individual e/ou colectivo e o seu empoderamento.

En data do 31 de outubro de 2023, a axente de igualdade e a xefa do servizo de Igualdade asinan o informe sobre a necesidade e idoneidade para a contratación da “Xestión e



Concello de Vigo

dinamización da Casa das Mulleres”. O informe é conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio. En cumprimento do establecido nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en data 02.11.2023 resólvese o inicio do expediente de contratación pola concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, no uso das competencias que lle atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, e Resolucións de Alcaldía de datas 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), 28/06/2023 (BOPPO núm. 129 do 5 de xullo de 2023) e 30/06/2023 (BOPPO núm. 136 do 14 de xullo de 2023), e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo de 2023 (BOPPO núm. 164 do 25 de agosto de 2023).

No expediente consta a seguinte documentación:

- Informe sobre a necesidade e idoneidade e orde de inicio do procedemento aberto do contrato de servizos da “Xestión e dinamización da Casa das Mulleres” asinados o 31 de outubro de 2023 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira delegada de Igualdade e Comercio, e o 2 de novembro de 2023 pola concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda e a secretaria da Administración Municipal.
- Memoria económica asinada o 17 de novembro de 2023 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada de Igualdade e Comercio e a concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e o 20 de novembro de 2023 polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.
- Certificado de retención de crédito asinado polo director superior contable o 24 de novembro de 2023 (operación RCFUT 202300205464)
- Declaración das redactoras do prego de prescricións técnicas asinada o 22 de novembro de 2023 sobre o cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso das licitadores en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado o 22 de novembro de 2023 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada de Igualdade e Comercio e a concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.
- Memoria xustificativa asinada o 1 de decembro de 2023 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada de Igualdade e Comercio e a concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.
- Informe favorable do Servizo de Contratación sobre o a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado o 11 de decembro 2023 pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 13 de decembro de 2023 pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.

Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP este contrato terá un prazo de duración de dous anos, coa posibilidade de realizar como máximo 1 prórroga, cunha duración dun ano.

Segundo se motiva na memoria económica, o importe do contrato (sen IVE) é de 64.578,18 €. O importe do valor total estimado do contrato, incluída a prórroga é de 96.867,27 €

O prezo do contrato (2 anos de duración) é de 78.139,60 € que inclúe un IVE de 13.561,42 €

O expediente ten a condición de gasto plurianual, pois o inicio do contrato está previsto para o exercicio do ano 2024 e a súa finalización está prevista para o exercicio do ano 2026.

As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta da aplicación orzamentaria “Dinamización Casa das Mulleres” 2311 2279910 e bolsa de vinculación xurídica “Plan municipal de Igualdade” 2311 2279906 dos orzamentos futuros que se aproben para os exercicios 2024, 2025 e 2026, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos ditos orzamentos.

Exercicio 2024: 35.518 €

Exercicio 2025: 39.069,80 €

Exercicio 2026: 3.551,80 €

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero*.
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, especificamente nos artigos relacionados co procedemento aberto que rexerán esta contratación.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 9/2017.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP) que, nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de



Concello de Vigo

Goberno Local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nos concelleiros/as delegados/as de Área por Resolución de Alcaldía de delegación de competencias xenéricas en concelleiros/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os de data 20/06/2023, BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023; Resolución de Alcaldía de estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias (2023-2027) de data 28/06/23, BOPPO núm. 129 de 5 de xullo de 2023; Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística de data 30/06/2023, BOPPO núm. 136 do 14 de xullo de 2023; e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/07/2023 de modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os concelleiros/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os e aprobación do texto refundido, BOPPO núm. 164 de 25 de agosto de 2023).

2.- O expediente refírese á totalidade obxecto do contrato e nel constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexeran o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

3.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente, a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

4.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 LCSP.

5.- Na memoria económica xustifícase o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo. 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP) así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira); a elección do procedemento aberto e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

6.- De conformidade coa disposición adicional terceira apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

7.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Constan no expediente o certificado de retención de crédito de data 24 de novembro de 2023. O informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

8.- A competencia para a resolución deste expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP).

Polo exposto, e previo informe favorable da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, que adopte o seguinte

ACORDO:

- 1.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a “Xestión e dinamización da Casa das Mulleres”.
- 2.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 13 de decembro de 2023.
- 3.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado o 22 de novembro de 2023.
- 4.- Autorizar o gasto por importe total de 78.139,60 € que inclúe un IVE (21%) de 13.561,42 €, para a contratación da “Xestión e dinamización da Casa das Mulleres”, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria “Dinamización Casa das Mulleres” 2311 2279910 e bolsa de vinculación xurídica dos orzamentos futuros do Servizo de Igualdade que se aproben para os exercicios 2024, 2025 e 2026, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos ditos orzamentos, desglosado do seguinte xeito: 35.518 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2024, 39.069,80 € imputarase ao orzamento futuro do exercicio 2025, e 3.551,80 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2026.
- 5.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

15(1021).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN E DINAMIZACIÓN DO CENTRO DE DOCUMENTACIÓN E RECURSOS FEMINISTAS DE VIGO. EXPTE. 12531/224.

Visto o informe xurídico do 18/12/2023 e o informe de fiscalización de data 19/12/2023, dáse conta do informe-proposta de data 14/12/2023, asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades e a xefa do servizo de Igualdade, e conformado pola concelleira delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O obxecto deste contrato é a “Xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas”.

O Centro de Documentación e Recursos Feministas é centro dependente da Concellería de Igualdade que xestiona información, documentación e materiais de traballo sobre muller, xénero e igualdade dirixido ao público en xeral ou a persoal especializado e interesado nas citadas temáticas.

Este centro está integrado na Rede de Centros de Documentación e Bibliotecas de Mulleres, e ofrece ao público: consulta de documentación para 12 postos en sala de lectura, préstamo a domicilio, préstamo interbibliotecario, asesoramento documental e actividades de extensión cultural (presentación de libros, videoforum, club de lectura, faladoiros, etc). Ten un fondo documental que consta de 11.127 volumes; 151 títulos de publicacións periódicas e 722 unidades de material audiovisual.

Coa execución do contrato perséguese integrar de xeito transversal na devandita xestión, a perspectiva de xénero e os elementos de extensión e dinamización da cultura da igualdade que fomenten o coñecemento e a participación entre a cidadanía.

En data do 31 de outubro de 2023, a axente de igualdade e a xefa do servizo de Igualdade asina o informe sobre a necesidade e idoneidade para a contratación da “Xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas”. O informe é conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio. En cumprimento do establecido nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en data 02.11.2023 resólvese o inicio do expediente de contratación pola concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, no uso das competencias que lle atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, e Resolucións de Alcaldía de datas 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), 28/06/2023 (BOPPO núm. 129 do 5 de xullo de

2023) e 30/06/2023 (BOPPO núm. 136 do 14 de xullo de 2023), e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo de 2023 (BOPPO núm. 164 do 25 de agosto de 2023).

No expediente consta a seguinte documentación:

- Informe sobre a necesidade e idoneidade e orde de inicio do procedemento aberto do contrato de servizos do “Xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas” asinados o 31 de outubro de 2023 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira delegada de Igualdade e Comercio, e o 2 de novembro de 2023 pola concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda e a secretaria da Administración Municipal.
- Memoria económica asinada o 21 de novembro de 2023 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada de Igualdade e Comercio e a concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e o 22 de novembro de 2023 polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.
- Certificado de retención de crédito asinado polo director superior contable o 24 de novembro de 2023 (operación RCFUT 202300205463)
- Declaración das redactoras do prego de prescricións técnicas asinada o 22 de novembro de 2023 sobre o cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso das licitadores en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia
- Pregos de prescricións técnicas particulares asinado o 22 de novembro de 2023 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada de Igualdade e Comercio e a concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.
- Memoria xustificativa asinada o 1 de decembro de 2023 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada de Igualdade e Comercio e a concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.
- Informe favorable do Servizo de Contratación sobre o a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado o 13 de decembro 2023 pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.
- Pregos de cláusulas administrativas particulares asinado o 13 de decembro de 2023 pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.



Concello de Vigo

Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP este contrato terá un prazo de duración de dous anos, coa posibilidade de realizar como máximo 1 prórroga, cunha duración dun ano.

Segundo se motiva na memoria económica, o importe do contrato (sen IVE) é de 52.857,46 €. O importe do valor total estimado do contrato, incluída a prórroga é de 79.286,19 €.

O prezo do contrato (2 anos de duración) é de 63.957,52 € que inclúe un IVE de 11.100,06 € .

O expediente ten a condición de gasto plurianual, pois o inicio do contrato está previsto para o exercicio do ano 2024 e a súa finalización está prevista para o exercicio do ano 2026.

As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta da aplicación orzamentaria "*Plan municipal de Igualdade*" 2311 2279906 dos orzamentos futuros que se aproben para os exercicios 2024, 2025 e 2026, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos ditos orzamentos.

Exercicio 2024: 29.071,60 €

Exercicio 2025: 31.978,76 €

Exercicio 2026: 2.907,16 €

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero*.
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, especificamente nos artigos relacionados co procedemento aberto que rexerán esta contratación.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 9/2017.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP) que, nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nos concelleiros/as delegados/as de Área por Resolución de Alcaldía de delegación de competencias xenéricas en concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os de data 20/06/2023, BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023; Resolución de Alcaldía de estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias (2023-2027) de data 28/06/23, BOPPO núm. 129 de 5 de xullo de 2023; Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística de data 30/06/2023, BOPPO núm. 136 do 14 de xullo de 2023; e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/07/2023 de modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os e aprobación do texto refundido, BOPPO núm. 164 de 25 de agosto de 2023).

2.- O expediente refírese á totalidade obxecto do contrato e nel constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexeran o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

3.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente, a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

4.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 LCSP.

5.- Na memoria económica xustifícase o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP) así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira); a elección do procedemento aberto e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

6.- De conformidade coa disposición adicional terceira apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

7.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Constan no expediente o certificado de retención de crédito de data



Concello de Vigo

24 de novembro de 2023. O informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

8.- A competencia para a resolución deste expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP).

Polo exposto, e previo informe favorable da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, que adopte o seguinte

ACORDO:

- 1.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a “Xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas”.
- 2.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos o 13 de decembro de 2023.
- 3.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado o 22 de novembro de 2023.
- 4.- Autorizar o gasto por importe total de 63.957,52 € que inclúe un IVE (21%) de 11.100,06 €, para a contratación da “Xestión e dinamización do Centro de Documentación e Recursos Feministas”, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria “*Plan municipal de Igualdade*” 2311 2279906 dos orzamentos futuros do Servizo de Igualdade que se aproben para os exercicios 2024, 2025 e 2026, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos ditos orzamentos, desglosado do seguinte xeito: 29.071,60 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2024, 31.978,76 € imputárase ao orzamento futuro do exercicio 2025, e 2.907,16 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2026.
- 5.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(1022).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DA REPOSICIÓN DUNHA SUPERESTRUTURA DE SALVAMENTO EN ALTURA SOBRE UN CHASIS IVECO DA FLOTA DE VEHÍCULOS DO SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 6963/213.

Visto o informe xurídico do 12/12/2023 e o informe de fiscalización de data 13/12/2023, dáse conta do informe-proposta de data 11/12/2023, asinado polo xefe do servizo de Extinción de Incendios, conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público 8RLCSP no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que no se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 09 de outubro de 2023 a Concelleira da Área de Goberno, Seguridade Contratación, Festas e Xestión Municipal Municipal acordou iniciar o procedemento de contratación para o subministro da reposición da superestrutura do brazo articulado para o Servizo de Bombeiros.

Segundo.- No expediente tramitado ó efecto consta entre outra a seguinte documentación:

Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo xefe do servizo de Bombeiros o 09 de outubro de 2023 e a Concelleira da Área de Goberno, Seguridade Contratación, Festas e Xestión Municipal Municipal de data 09 de outubro de 2023.

Resolución de inicio do expediente de contratación do a Concelleira da Área de Goberno, Seguridade Contratación, Festas e Xestión Municipal de 09 de outubro de 2023.



Concello de Vigo

Certificado de crédito de data 11 de outubro de 2023, emitido e asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentos.

Dilixencia do Servizo de contratación de data 14 de novembro de 2023.

Declaración do redactor do prego técnico de data de 11 de outubro de 2023 e 16 de novembro de 2023, asinado polo xefe do servizo de Bombeiros.

Memoria económica do contrato de data 10 de outubro de 2023 e 15 de novembro de 2023, asinado polo xefe do Servizo de Bombeiros e o conforme da Concelleira da Área de Goberno Seguridade Contratación, Festas e Xestión Municipal.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 11 de outubro, 16 de novembro de 2023 e 17 de novembro de 2023, asinado polo xefe do servizo de Bombeiros.
- Memoria xustificativa do contrato de data 11 de outubro, 16 de novembro de 2023 e 17 de novembro de 2023, asinado polo xefe do Servizo de Bombeiros e o conforme da Concelleira da Área de Goberno, Seguridade Contratación, Festas e Xestión Municipal de 16 de novembro de 2023.
- Informe da Técnica da Administración Xeral de 17 de novembro de 2023 sobre a incorporación da documentación esixida pola normativa de contratación pública. Corexido en data de 11 de decembro de 2023.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do subministro da reposición da superestrutura do brazo articulado para o Servizo de Bombeiros, asinado pola Técnica da Administración Xeral o 17 de novembro de 2023. Corexido en data de 11 de decembro de 2023 e firmado pola Técnica da Administración Xeral e Xefa da Área de Contratación e novos proxectos.
- Anuncio dende o Servizo de Contratación de data 16 de novembro de 2023.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Área. A concelleira de Goberno, Seguridade Contratación, Festas e Xestión Municipal Municipal mediante resolución de 09 de outubro de 2023 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de subministro (art. 16 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o aberto (art. 156 LCSP) e ao tratarse dun procedemento aberto non é necesaria a súa xustificación.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 2 e 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto para o subministro da reposición da superestrutura do brazo articulado para o Servizo de Bombeiros que contén o prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo en data 17 de novembro de 2023.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado e firmado pola Técnica da Administración Xeral e Xefa da Área de Contratación e novos proxectos en data de 11 de decembro de 2023.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 1.350.000,00 euros, do que 234.297,52€ corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606340000 “ Reparación Estructural Vehículo” como anticipado de gasto do presuposto municipal vixente.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

17(1023).- INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA A RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DE AUGAS DE GALICIA DITADA NO EXPEDIENTE DE XESTIÓN RECADATORIA DA TAXA 32.68.00 —OBRAS HIDRÁULICAS DE REGULACIÓN XESTIONADAS POLA ADMINISTRACIÓN HIDRÁULICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA (CANON DE REGULACIÓN)— DO PRIMEIRO E SEGUNDO SEMESTRE DE 2019. EXPTE. 1713/441.

Dáse conta do informe-proposta de data 19/12/2023, asinada polo xefe do servizo xurídico de Servizos Xerais e conformada polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

Con data 28 de novembro de 2023 tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello de Vigo resolución desa Dirección de Augas de Galicia, de 27 de novembro de 2023, ditada no expediente de xestión recadatoria da taxa 32.68.00 —Obras hidráulicas de regulación xestionadas pola Administración hidráulica da Comunidade autónoma de Galicia (canon de regulación)— do primeiro e segundo semestre de 2019; expediente no que desestimando as alegacións reiteradamente aducidas por esta Administración municipal en relación coa inexistencia do feito impositivo para a esixibilidade ao Concello de Vigo de tal taxa, se reclama deste o pago da cantidade de 565.098,77 euros polo dito concepto e ano.

ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Tal e como se recolle na devandita resolución de Augas de Galicia, por Orde Ministerial de 31 de xullo de 1962 outorgouse ao Concello de Vigo unha concesión de augas no río Oitavén para o abastecemento da cidade, que se materializou xa execución pola Administración do Estado do Encoro de Eiras; embalse que foi traspasado a Comunidade Autónoma de Galicia por Real Decreto 2792/1986, de 30 de decembro.

2º.- A explotación deste encoro de Eiras, tras a súa posta en funcionamento, foi asumida polo Concello de Vigo, que viña prestando directamente e sen órgano especial de administración o servizo de abastecemento e saneamento de auga ao municipio.

3º.- O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 30 de marzo de 1981 acordou transformar a forma de prestación do servizo municipalizado de augas para pasar a prestalo mediante xestión directa da Corporación a través de sociedade privada municipal, e, con data 14 de decembro do mesmo, ano aprobou os estatutos da Empresa Municipal de Augas de Vigo, S.A. para a xestión directa do servizo; xestión directa do servizo na que se incluía a explotación do encoro. Así resulta do estatutos da empresa municipal, aprobados polo mesmo órgano en sesión de 14 de decembro de 1981, cuxo artigo 2 dispón que:

«La Empresa Municipal de Aguas de Vigo, S.A. tiene por objeto la realización de los fines siguientes:

- a) La captación, embalse, depósitos, conducción, depuración, distribución y suministro de agua a la ciudad de Vigo y su término municipal.*
- b) Estaciones depuradoras de aguas residuales, colectores generales, redes de alcantarillado y desagüe de aguas pluviales y residuales.*

c) Las ampliaciones, instalaciones, reformas, reparaciones o mejoras en toda clase de obras y servicios a que se refieren los precedentes apartados.

d) Cuantas actividades que con carácter principal, accesorio o complementario se relacionen o afecten a la gestión y explotación de las obras y servicios indicados.

e) La gestión y explotación de las actuales concesiones de aprovechamiento de aguas públicas y las que en lo sucesivo se adquirieran».

4º.- Disolta e liquidada a devandita empresa municipal de augas, o servizo pasou a prestarse, a partir do 8 de xaneiro de 1991, en réxime de concesión administrativa, pola UTE Seragua-Focsa, actualmente "FCC AQUALIA, S.A. Y FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A., Ley 18/1982, DE 26 DE MAYO", abreviadamente "FCC AQUALIA VIGO, U.T.E.".

O obxecto do contrato de concesión é a xestión integral do "Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo" e entre os bens que se puxeron a disposición da adxudicataria para a súa explotación figura, en primeiro lugar, o encoro de Eiras; encoro, que FCC Aqualia Vigo UTE veu explotando desde o inicio da concesión ata xaneiro do ano 2023.

5º.- Con data 12 de maio de 2010 a presidenta de Augas de Galicia aprobou as Normas de Explotación da presa de Eiras.

Nas ditas normas, no apartado 1º —Datos administrativos— do Capítulo II, dise textualmente que:

«El Pleno del Excelentísimo Ayuntamiento de Vigo reunido en sesión extraordinaria el día 25 de octubre de 1990, adjudicó a Seragua FCC Vigo UTE la concesión para la explotación del Servicio Municipal de Aguas de Vigo por un periodo de veinticinco años. A finales de 2002, Seragua pasó a denominarse Aqualia, gestión integral del agua. Desde entonces, la gestión de la explotación del embalse Eiras depende de la empresa Aqualia.»

6º.- Augas de Galicia ven reclamando deste Concello de Vigo, en sucesivos escritos, desde o ano 2014, o pago do canon de regulación pola Presa de Eiras e esta Administración municipal ven opoñendo ao pago do dito canon de regulación, nos sucesivos escritos de contestación aos ditos requirimentos, as razóns que seguidamente se expoñen

Neste expediente se da contestación —e se rexeitan— ás alegacións reiteradamente aducidas por esta Administración municipal en relación coa inexistencia do feito impositivo para a esixibilidade ao Concello de Vigo de tal taxa. Ditas contestacións poden resumirse nos termos que seguen: (i) que o concello de Vigo so ten unha concesión para captación de augas da presa para o abastecemento da cidade, correspondendo a Augas de Galicia a titularidade da presa, a cal é conservada, mantida e explotada pola dita Administración hidráulica; (ii) que ambos ámbitos de actuación son compatibles; (iii) que Augas de Galicia executou en 2012 obras de mellora e automatización do encoro de Eiras, co obxecto de actualizar e modernizar esta infraestrutura, que deron resposta ás problemáticas de operatividade e seguridade da presa; (iv) que concretamente no ano 2019 augas de Galicia realizou na presa de Eiras diversos traballos de xestión, conservación e mantemento, que a continuación enumera; (v) que no mesmo ano 2019 Augas de Galicia redactou un proxecto



Concello de Vigo

de mellora da presa co que se pretende dar solución aos problemas de seguridade estrutural e operacional da presa; (vi) que a acta de 25 de xaneiro de 2023 non exclúe que a explotación da presa de Eiras a realizara Augas de Galicia, a cal obedeceu a cuestións meramente operativas e de coordinación e non tivo outra finalidade que a de poñer fin ao conflito existente entre o personal da concesionaria do Concello e a da empresa Ain Active Om, S.L.; (vii) que o importe da liquidación non é exorbitante nin abusivo ou confiscatorio ; (viii) que a taxa do canon de regulación configúrase como un dos instrumentos para a recuperación dos custos dos servizos da auga, principio establecido no artigo 9 da Directiva Marco da Auga, no artigo 111 bis do texto refundido da Lei de augas aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo (TRLA) e no artigo 3 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (LAG) e, en concreto, daqueles custos nos que se incorre polo investimento, explotación e conservación destas obras de regulación de ámbito autonómico; (ix) que a tarifa do canon de regulación fíxase para cada exercicio orzamentario de acordó cos parámetros establecidos no artigo 32 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, a través das leis de orzamentos ou de medidas fiscais que se aproban polo Parlamento de Galicia no mes de decembro do ano anterior sobre as previsións do custo total do servizo no que vai incorrer a Comunidade Autónoma pola xestión da totalidade do sistema durante o exercicio; (x) que este custo total estimado divídese entre a previsión do volume total de auga captada pola totalidade do sistema xestionado pola Administración autonómica e do resultado dése cociente obtense a tarifa da taxa expresada en euros/m³; (xi) que os custos do servizo operan como límite do importe das taxas establecidas pero esa equivalencia resulta dun cómputo global de custos e ingresos, reais ou previsibles, da totalidade ou conxunto do servizo prestado pola Administración autonómica e non en relación co custo do servizo concreto e individualizado prestado a cada suxeito pasivo, tal e como pretende o Concello de Vigo; (xii) que non cabe esixir, polo tanto, esta equivalencia en cada liquidación nin tampouco que en cada expediente liquidatorio se esixa un estudo económico individualizado para cada suxeito pasivo.

7º.- Sen prexuízo de agradecer o esforzo argumentativo que nesta resolución, a diferenza das anteriores, se desenvolve, non cabe aceptar as consideracións que en rexeitamento das alegacións formuladas por esta Administración municipal no expediente recadatorio da taxa e procede interponer contra a resolución de referencia recurso de reposición con fundamento nas seguintes:

ALEGACIONES

Primeira.- Sobre a explotación da presa de Eiras ata o ano 2023.

1. Augas de Galicia continúa a negar a evidencia de que a explotación do encoro de Eiras foi realizada desde a súa posta en funcionamento ata o ano 2023 polo concello de Vigo, en cumprimento das previsións da resolución da Dirección Xeral de Obras Hidráulicas, do Ministerio de obras Públicas, de 31 de xullo de 1962, publicada no BOE de 17 de agosto de 1962, pola que fíxose pública a autorización polo entón Ministerio de Obras Públicas ao Concello de Vigo «1ª (...) para aproveitar del río Oitaven aguas mediante la creación de un embalse regulador de unos seis millones de metros cúbicos en las proximidades del lugar de Eiras, en términos de Fornelos de Montes y Puente Caldelas (Pontevedra) con destino a la ampliación del abastecimiento de aguas de la ciudad», conforme ao «2ª (...) proyecto que sirvió de base a la petición, suscrito en Vigo, en febrero de 1958» «3ª (...) El volumen

medio anual que se podrá derivar será de 1.000 litros por segundo con un medio diario máximo de 1.500 litros por segundo».

Das condicións da autorización, temos que recordar, no que aquí importa, o que segue:

«La inspección y vigilancia de las obras e instalaciones, tanto durante la construcción como en el período de explotación del aprovechamiento quedarán a cargo de la Comisaría de Aguas del Norte de España, siendo de cuenta del Ayuntamiento concesionario las remuneraciones y gastos que por dichos conceptos se originen, debiendo dar cuenta a dicho Servicio del principio de los trabajos.

Una vez terminados y previo aviso del Ayuntamiento, se procedera a su reconocimiento, levantando acta en la que conste el cumplimiento de estas condiciones y expresamente se consignen los nombres de los productores españoles que hayan suministrado las maquinas y materiales empleados. sin que pueda camenzar la explotación antes de aprobar esta acta la Dirección General.

10ª. Queda sujeta esta concesión al pago del canon que el día de mañana pudiera establecerse por la Comisaría de Aguas del Norte de España, con motivo de las obras de regulación de la corriente realizadas por el Estado.

11ª. El Ayuntamiento concesionario queda obligado a cumplir, tanto en la construcción como en la explotación, las disposiciones de la Ley de Pesca Fluvial para conservación de las especies (...).

17ª. El Ayuntamiento concesionario queda abligado a tener las obras en perfecto estado de conservación, evitando toda clase de filtraciones que puedan originar perjuicio a tecero».

2. Tal e como resulta do texto da Resolución da Dirección Xeral de Obras Hidráulicas do Ministerio de Obras Públicas que vai transcrito, a explotación do encoro de Eiras, tras a súa posta en funcionamento, correspondía e foi asumida polo Concello de Vigo; á Comisaría de Aguas del Norte de España correspondía *«La inspección y vigilancia de las obras e instalaciones, tanto durante la construcción como en el período de explotación del aprovechamiento»*. O concello de Vigo inicialmente operou e explotou a presa e prestou o servizo de abastecemento e saneamento de auga ao municipio directamente e sen órgano especial de administración. Posteriormente, o Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 30 de marzo de 1981, acordou transformar a forma de prestación do servizo municipalizado de augas para pasar a prestalo mediante xestión directa da Corporación, a través de sociedade privada municipal, a Empresa Municipal de Augas de Vigo, S.A.

3. Por Real Decreto 2792/1986, de 30 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de obras hidráulicas, a Administración do Estado transpasou á Comunidade Autónoma os dereitos e obrigas que á primeira correspondían en relación coa presa de Eiras; dereitos e obrigas entre os so se contaba a inspección e vixianza da presa, pero non a súa explotación, mantemento e conservación, que correspondía, segundo vimos de ver, ao Concello de Vigo a virtude do título concesional, sen que tal explotación, conservación e mantemento, fora asumida de feito pola Administración hidráulica do Estado.



Concello de Vigo

4. Disolta e liquidada a empresa municipal de augas que prestaba o servizo de abastecemento e saneamento de augas á Vigo e que, como prestación incluída no servizo, operaba e explotaba o encoro de Eiras, o servizo pasou a prestarse, a partir do 8 de xaneiro de 1991, en réxime de concesión administrativa, pola UTE Seragua-Focsa, actualmente "FCC AQUALIA, S.A. Y FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A., Ley 18/1982, DE 26 DE MAYO", abreviadamente "FCC AQUALIA VIGO, U.T.E.". O obxecto do contrato de concesión é a xestión integral do "Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo" e entre os bens que se puxeron a disposición da adxudicataria para a súa explotación figura, en primeiro lugar, o encoro de Eiras; encoro, que FCC Aqualia Vigo UTE ven operando e explotando desde o inicio da concesión ata agora.

5. Así o veu recoñecendo, sen discusión algunha, a Subirección Xeral de Infraestruturas Hidráulicas de Galicia, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia. Sirva de exemplo o escrito de 19 de febreiro de 1996, que se achega dirixido ao Concello de Vigo, sobre a clasificación dos encoros da bacía Galicia-Costa, no que se di:

«O pasado día 15 de febreiro de 1996, publicouse no Diario Oficial de Galicia, o Decreto 54/1996, do 12 de xaneiro, sobre asignación de funcións ante emerxencias motivadas por variacións extraordinarias no réxime hidráulico.

No artigo 6 do devandito Decreto establece que a Consellería de Política Teritorial, Obras Públicas e Vivenda ten a función de clasificar os encoros en función do seu risco potencial. Así mesmo, na disposición transitoria do Decreto establécese que "os titulares de presas xa existentes deberán enviar ao órgano competente para resolver no prazo que éste fixe, non superior a un ano, a súa resposta de clasificación da presa respecto ao risco, xunto coa da información necesaria para que o mencionado órgano decida acerca da clasificación que corresponda".

*De acordo co Decreto, **informámoslle que no prazo máximo de catro meses desde a recepción desta carta, deberán remitir a este Centro Directivo a súa proposta de clasificacións dos encoros dos que vostede é titular no ámbito territorial de Galicia-Costa (concretamente os de Eiras, Zamáns).** A devandita proposta deberá achegarse xunto coa información que permita a esta Subdirección Xeral establecer a clasificación que corresponda».*

No mesmo sentido, no escrito de 21 de agosto seguinte, de Augas de Galicia, que se acompaña, sobre revisión dos datos das características técnicas das presas de Galicia-Costa, dirixido tamén ao Concello de Vigo, se di que:

«En estas fechas el Ministerio de Medio Ambiente está llevando a cabo la actualización y corrección del inventario de presas, ordenándolas por Confederaciones Hidrográficas. En el ámbito de este trabajo, está prevista la publicación en breve del inventario de presas ubicadas en Galicia-Costa.

Dada la importancia que implica el contar con una información completa y fiable, nos ha sido remitida una ficha de cada presa, en la que se incluyen un buen número de datos técnicos relacionados con la misma.

El objeto que se persigue es proceder, contando con la valiosa colaboración de los organismos y empresas que explotan dichos embalses, a una revisión de estas fichas, completando los datos que faltan y modificando los que sean erróneos.

Con este fin se envía a cada explotador la ficha de la presa y dos hojas tituladas "Notas para el envío de Datos de Cuencas". Las correcciones de los datos de las fichas se deben efectuar, a ser posible, sobre el ejemplar que se envía y de acuerdo a las indicaciones incluidas en las dos hojas citadas anteriormente. El resto de datos

solicitados a mayores se enviarán en una memoria técnica, acompañándose si es posible de fotografías de las presas y sus instalaciones o bien folletos ilustrativos de las mismas.

Para las presas de Eiras y Zamanes, cuya competencia recae sobre el Ayuntamiento de Vigo, fueron enviadas estas fichas junto con un escrito a Seragua-FCC, concesionaria del Servicio Municipal de Abastecimiento de Auga y Saneamiento de Vigo. Dicho escrito fue contestado por dicha empresa con fecha 18 de julio de 1996, cuya copia se adjunta a éste, donde queda reflejado su total disposición a colaborar, siempre y cuando cuente con la debida autorización del Excmo. Concello de Vigo.»

6. Con data 12 de maio de 2010 a presidenta de Augas de Galicia aprobou as Normas de Explotación da presa de Eiras.

Neste documento, Augas de Galicia, se ben nomea Director da Explotación do encoro ao Xefe de Servizo de Execución e Planificación de Sistemas, de Augas de Galicia, como responsable do equipo técnico de explotación, auxiliado, polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, de Augas de Galicia en Vigo, recoñece que a explotación da Presa a realiza a concesionaria do servizo de augas do Concello de Vigo: FCC Aqualia Vigo UTE.

Así resulta das ditas Normas de Explotación e do Plan de Emerxencias da Presa de Eiras:

— Do apartado 1º —Datos administrativos— do Capítulo II, das ditas Normas de Explotación, no que textualmente se di:

«El Pleno del Excelentísimo Ayuntamiento de Vigo reunido en sesión extraordinaria el día 25 de octubre de 1990, adjudicó a Seragua FCC Vigo UTE la concesión para la explotación del Servicio Municipal de Aguas de Vigo por un periodo de veinticinco años. A finales de 2002, Seragua pasó a denominarse Aqualia, gestión integral del agua. Desde entonces, la gestión de la explotación del embalse Eiras depende de la empresa Aqualia.»

— Da referencia no capítulo na páxina 31 do Capítulo III aos equipos de emerxencia existentes na presa, que pertencen, e así o recoñecen as Normas de Explotación, a Aqualia FCC Vigo UTE.

— Do consignado no capítulo IV, das Normas de Explotación, sobre “Organización xeral da explotación e as normas”, que, en relación ao persoal da explotación (paxina 3 do capítulo IV) di:

«El organigrama del personal de explotación de la Presa de Eiras se estructura en dos niveles, equipo técnico de explotación y equipo de instalaciones. Al frente del organigrama general del servicio de explotación de la Presa de Eiras figura el Director de Explotación —empleado público pertenente a Augas de Galicia— de quien depende el Jefe de la Unidad Operativa—pertenente a Aqualia— que a su vez es el Jefe de Explotación. Dependientes de este último se encuentran (e son persoal de Aqualia):
- Oficina técnica: Asistida en los procedimientos y seguridad y con asesoría en auscultación.



Concello de Vigo

- *Jefe de instalaciones: de quien dependen los vigilantes de la presa, así como los oficiales de mantenimiento y electricistas». Todos eles*

— Do disposto nas mesmas Normas canto ás funcións do persoal (páxinas 4 e 5 do Capítulo IV):

«Las funciones asignadas a cada uno de ellos en la Explotación normal de la presa se resumen brevemente a continuación.

El Director de Explotación estará encargado de desarrollar las siguientes funciones:

- 1. Coordinación de actuaciones y equipos.*
- 2. Toma de decisión sobre intensificación de vigilancia de la presa y ejecución de medidas correctoras en el caso de acontecimiento extraordinario.*
- 3. Contratación de persoal externo y empresas colaboradoras.*
- 4. Información a organismos implicados.*

El jefe de la Unidad Operativa (jefe de Explotación) estará encargado de desarrollar las siguientes funciones:

- 1. Funcionamiento en general.*
- 2. Transmisión telefónica de datos.*
- 3. Prestar apoyo técnico y logístico al técnico encargado de la explotación o encargado que se lo requieran.*
- 4. Estudio de la evolución de los niveles del embalse en la Explotación.*
- 5. Dar cumplimiento a los programas de embalse y desembalse.*
- 6. Estudio de la evolución de los parámetros de auscultación medidos en la presa y redacción de informes.*
- 7. Elaborar el programa anual de auscultación y mantenimiento preventivo de la instrumentación, adaptándolo al resto de tareas de explotación, mantenimiento y vigilancia de las presas con el Director de Explotación, coordinándolo en el conjunto de presas a su cargo y vigilando su cumplimiento.*
- 8. Elaborar un programa de mantenimiento correctivo en función de lo que se vaya detectando durante el desarrollo del mantenimiento preventivo.*
- 9. Estudiar los procedimientos constructivos que mejor se adapten a las circunstancias y a los medios disponibles, evitando demoras en las reparaciones.*
- 10. Estudiar las mejoras técnicas que se puedan incorporar en la auscultación de la presa.*

El jefe de Instalaciones tendrá entre sus cometidos, las siguientes funciones:

- 1. Recepción de las tomas de datos recogidas por los vigilantes.*
- 2. Órdenes inmediatas a los vigilantes de la presa en situación de explotación normal.*
- 3. Archivo de los datos de embalse.*
- 4. Archivo de los datos recogidos en las labores de mantenimiento, tanto de la obra civil como de los equipos electromecánicos.*

Los vigilantes realizarán las siguientes funciones

- 1. Inspección de presa, embalse, caminos y laderas.*
- 2. Toma de datos de nivel en el embalse.*
- 3. Toma de datos meteorológicos.*
- 4. Desagüe de caudales ordenados por el Ingeniero responsable de Explotación.*
- 5. Guardería en presa y viviendas.*
- 6. Limpieza, engrase, pinturas y reparaciones menores en presa.*
- 7. Reparaciones en presa y viviendas.*

8. Reposición de elementos menores de electricidad.

9. Supervisión de las labores de las empresas especialistas.

El control del personal se llevará a cabo mediante partes que recojan las actuaciones del personal en los distintos cometidos a realizar. (...)».

— Das declaracións que se conteñen no Plan de Emerxencias da Presa de Eiras, canto a explotación do encoro:

«1. INTRODUCCIÓN:

El objeto del presente capítulo es reflejar la organización establecida tanto para las situaciones en explotación normal, como la establecida en el Plan de Emergencia , indicando así mismo los medios y recursos humanos y materiales asignados al Plan

2. ORGANIZACIÓN EN EXPLOTACIÓN NORMAL

La presa de Eiras está gestionada por Augas de Galicia, Organismo al que pertenece el Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos que desempeña las funciones de Director de Explotación (Xefe de Servizo de Execución y Planificación de Sistemas) y es el responsable del equipo técnico de explotación. Además otro ingeniero realiza las funciones como Representante Local, de adjunto al Director de Explotación, ayudando a éste para la correcta explotación de la presa y en constante contacto con el personal de la presa. La identificación y localización de ambos se incluye en el Apéndice 2.

En 1990, el Ayuntamiento de Vigo adjudicó la concesión de explotación de la presa de Eiras a la empresa Seragua FCC Vigo UTE por un periodo de 25 años. A finales de 2002, Seragua pasó a denominarse Aqualia, gestión integral del agua. Desde entonces la gestión del embalse de Eiras depende de la empresa Aqualia.

La empresa Aqualia dispone de una organización que incluye personal propio para las labores normales de explotación de la presa.

Entre los empleados de la empresa con obligaciones relacionadas con las labores de explotación, mantenimiento y vigilancia de la presa se encuentran:

Jefe de la Unidad Operativa de Explotación (Jefe de Explotación)

Jefe de instalaciones

Vigilantes de la presa

Oficial electricista

Oficial de mantenimiento».

— Do consignado no Capítulo IX das Normas de Explotación do encoro de Eiras, no que consta:

«1. DESCRIPCIÓN Y ORGANIZACIÓN DEL EQUIPO TÉCNICO DE LA EXPLOTACIÓN

El organigrama del personal de explotación de la Presa se estructura en:

Equipo técnico:

Director de Explotación

Ingeniero Jefe de la Unidad Operativa, que es Jefe de Explotación

Jefe de Instalaciones

El personal auxiliar de explotación está integrado por:

Vigilantes de la presa

Oficial electricista

Oficial de mantenimiento



Concello de Vigo

Además, la auscultación y vigilancia de la presa la realiza una empresa externa, que tiene adjudicado un contrato de asistencia técnica para realizar dichas tareas».

— Do apéndice 3 das Normas, no que se identifica e localiza o persoal arriba referido:
«PERSONAL DE AUGAS DE GALICIA

- *Servicios Centrais de Augas de Galicia*
Praza Camilo Díaz 7-9 15781 Santiago de Compostela
Telef: 981 545 381
Fax: 981 544 988

Director de Explotación (Director del Plan de Emergencia): Xefe de Servizo de Exe-
cución da Planificación e Explotación de Sistemas

Demarcación Sur de Augas de Galicia
R/San Salvador, nº 2-4º 36201 Vigo
Telf: 986 817 141
Fax: 986 817 155

Representante Local del Director del Plan: Xefe de Demarcación Territorial Galicia-
Sur

PERSONAL DE AQUALIA

Oficinas de Aqualia en Vigo
R/Cantabria s/n 36206 Vigo
Telf: 986 371 178
Fax: 986 266 505

Jefe de Explotación: José Luis Cividanes Matos

Jefe de Instalaciones: Eugenio Arjones Rodríguez

Asistencia Técnica: Francisco Cañada Fernández
Oficina de la Presa de Eiras

Oficial de Mantenimiento : Ismael Durán Ferro
Oficial Electricista: Antonio Sanmartín Blanco

Vigilantes: Manuel Vidal Cal
Manuel Casqueiro Casqueiro
Manuel Domínguez Sánchez».

7. De canto vimos de dicir e da documentación achegada resulta con toda claridade que é o Concello de Vigo, a través da súa concesionaria do servizo de augas, Aqualia FCC Vigo UTE, o que tiña asumida ata xaneiro de 2023 a explotación, conservación e mantemento do encoro de Eiras e non Augas de Galicia e que é a Administración municipal de Vigo, a través da dita concesionaria, a que —salvo a auscultación do encoro, que se reservou Augas de Galicia, na súa superior función de vixianza das presas da súa demarcación

hidrográfica— soportaba ata a dita data a totalidade dos gastos que implica a explotación e conservación da presa: as funcións que Augas de Galicia desempeñaba, a través do seu Xefe de Servizo de Execución da Planificación e Explotación de Sistemas, da Demarcación Sur de Augas de Galicia —ao que as Normas de Explotación do encoro denomina Director da Explotación— son funcións de superior fiscalización, vixianza e control da explotación, conservación e mantemento do encoro, que realiza a concesionaria do Concello de Vigo, pero non son funcións de explotación, conservación e mantemento da presa propiamente ditas, que —repetimos— eran desenvolvidas polo personal de Aqualia FCC Vigo UTE; mercantil ligada contractualmente co Concello de Vigo, como concesionaria do servizo integral de augas desta Administración municipal, e non coa Administración Hidráulica da Xunta de Galicia; relación contractual que esta parece descoñecer. Esta función superior de fiscalización e control da explotación corresponde e é obrigada para a Administración Hidráulica da Xunta de Galicia, como Administración con competencia en exclusiva en materia de augas e obras hidráulicas das concas hidrográficas intracomunitarias, como é a que nos ocupa, e é esta función superior de control a que as Normas de Explotación do Encoro e o seu Plan de Emerxencias, na súa inicial redacción, atribúe ao Xefe de Servizo de Execución da Planificación e Explotación de Sistemas, da Demarcación Sur de Augas de Galicia, aínda que nominalmente se designe a este como Director da Explotación: as funcións propiamente ditas de explotación, conservación e mantemento da presa son desenvolvidas, segundo as ditas Normas —temos que volver a repetir— polo persoal da concesionaria do Concello de Vigo.

O Xefe de Servizo de Execución da Planificación e Explotación de Sistemas, da Demarcación Sur de Augas de Galicia —ao que as Normas de Explotación do encoro denomina Director da Explotación— estaba a exercer ata 2023 as funcións que a Orde Ministerial de 31 de xullo de 1962, reservaba á **Comisaría de Aguas del Norte de España**: «*La inspección y vigilancia de las obras e instalaciones, tanto durante la construcción como en el período de explotación del aprovechamiento*»

En apoio desta alegación consta a esa Administración hidráulica, por tela remitido este concello de Vigo, documentación achegada pola concesionaria en relación ás funcións que esta viña desenvolvendo no encoro.

A dita documentación está integrada por:

A) Documentación descritiva das labores de explotación da presa de Eiras, realizadas pola concesionaria do servizo de augas.

— Descrición das intervencións que realiza Aqualia-FCC Vigo UTE para a explotación, vixianza e mantemento da presa de Eiras.

- Actuaciones de vigilancia presencial con personal adscrito al servicio, con objeto de conseguir en todo momento los niveles de seguridad requeridos y garantizar la operatividad del embalse, incluyéndose:

(i) Registros diarios del estado de todos los equipos electromecánicos.



Concello de Vigo

(ii) Registro de los principales datos de explotación del embalse: nivel, caudales de entrada, salida y desagüe, pluviometría, nivel de apertura de válvulas, etc.

(iii) Vigilancia del estado de la obra civil, galerías, drenajes, accesos y entorno del embalse.

— Intervenciones de mantenimiento de la obra civil, maquinaria e instalaciones:

- Se realiza un plan de mantenimiento preventivo donde se realizan una serie de intervenciones para la conservación de la infraestructura y equipo en los siguientes puntos:

- Coronación
- Galerías
- Aliviadero
- Pie de presa y paramentos
- Cimentación
- Desagües de fondo
- Tomas de agua
- Cámara de válvulas de salida
- Bombas de achique
- Instalación eléctrica
- Instrumentación y estación metereológica
- Sistema de comunicación
- Edificios Acceso
- Embalse y márgenes

-También se realizan las reparaciones y reformas necesarias para mantener la operatividad de la instalación.

— Revisiones de mantenimiento legal necesarias:

- Centros de transformación
- Instalación antiincendios

— Labores de conservación de estructuras, edificios, accesos y entorno del embalse, tales como desbroce, pintado y limpieza.

— Análisis periódico en laboratorio de los principales parámetros de la calidad del agua en el embalse a diferentes niveles y del agua de salida a consumo.

— Gastos administrativos varios derivados de:

- Certificación de la instalación bajo las siguientes normas y sistemas de gestión:

- ISO 9001 Gestión de la calidad
- ISO 14000 Gestión ambiental

ISO 50000 Gestión energética
OHSAS 18000 Gestión de la prevención
ISO 14064 Verificación huella del carbono

- Instalación asegurada con los siguientes seguros:

Responsabilidad civil
Riesgo de instalaciones

- Pago del impuesto sobre bienes inmuebles IBI).

B) En segundo lugar, recollese na dita documentación unha selección das partes das Normas de Explotación e do Plan de Emerxencia do encoro de Eiras que se refiren a explotación do encoro e que foron arriba transcritas, das que resulta que a explotación, conservación e mantemento da presa é realizado por Aqualia FCC Vigo UTE.

C) Documentación xustificativa da realización das actuacións de explotación, conservación e mantemento do encoro por parte de Aqualia FCC Vigo UTE:

- PARTE DIARIO EXPLOTACIÓN
- PARTE SEMANAL. EXPLOTACIÓN
- GRÁFICA SEMANAL NIVEL DE PRESA
- PARTE MENSUAL. DATOS PRESA EIRAS
- PLANIFICACIÓN MANTENIMIENTO
- INFORME PRINCIPALES ACTUACIONES PRESA EIRAS 2017
- FICHA TÉCNICA. GAMAS / INTERVENCIONES
- LISTADO HISTÓRICO DE CHECK LIST
- CHECK LIST MANTENIMIENTO
- ÓRDENES DE TRABAJO PRESA EIRAS
- CONTRATO E INFORME REVISIÓN CENTRO DE TRANSFORMACIÓN
- TOMA PARA APROVECHAMIENTO HIDROELÉCTRICO

D) Por último, achega a concesionaria do servizo de augas do Concello de Vigo certificacións dos contratos de seguro asinados por Aqualia FCC Vigo UTE, por danos que poda sufrir a presa, ata a contía de 2.157.069,50 euros, e de responsabilidade civil de explotación, patronal, profesional, cruzada, post-trabajos, defensa e fianzas, ata a contía de 60.000.000 €.

8. A Administración Hidráulica de Galicia recoñecía no ano 1996 —dez anos despois do decreto de transferencia de 1986— a titularidade da explotación da presa de Eiras ao concello de Vigo, nos escritos da Subirección Xeral de Infraestruturas Hidráulicas de Galicia, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, arriba transcritos:

«O pasado día 15 de febreiro de 1996 —dise no estrito da Administración hidráulica galega, de 19 de febreiro de 1996—, publicouse no Diario Oficial de Galicia, o Decreto 54/1996, do 12 de xaneiro, sobre asignación de funcións ante emerxencias motivadas por variacións extraordinarias no réxime hidráulico.



Concello de Vigo

(...)

De acordo co Decreto, informámoslle que no prazo máximo de catro meses dende a recepción desta carta, deberán remitir a este Centro Directivo a súa proposta de clasificacións dos encoros dos que vostede é titular no ámbito territorial de Galicia-Costa (concretamente os de Eiras, Zamáns). A devandita proposta deberá achegarse xunto coa información que permita a esta Subdirección Xeral establecer a clasificación que corresponda».

«En estas fechas —dise no estrito da Administración hidráulica galega, de agosto de 1996— el Ministerio de Medio Ambiente está llevando a cabo la actualización y corrección del inventario de presas, ordenándolas por Confederaciones Hidrográficas. En el ámbito de este trabajo, está prevista la publicación en breve del inventario de presas ubicadas en Galicia-Costa.

Dada la importancia que implica el contar con una información completa y fiable, nos ha sido remitida una ficha de cada presa, en la que se incluyen un buen número de datos técnicos relacionados con la misma.

(...)

Con este fin se envía a cada explotador la ficha de la presa y dos hojas tituladas "Notas para el envío de Datos de Cuencas". Las correcciones de los datos de las fichas se deben efectuar, a ser posible, sobre el ejemplar que se envía y de acuerdo a las indicaciones incluidas en las dos hojas citadas anteriormente. El resto de datos solicitados a mayores se enviarán en una memoria técnica, acompañándose si es posible de fotografías de las presas y sus instalaciones o bien folletos ilustrativos de las mismas.

Para las presas de Eiras y Zamanes, cuya competencia recae sobre el Ayuntamiento de Vigo, fueron enviadas estas fichas junto con un escrito a Seragua-FCC, concesionaria del Servicio Municipal de Abastecimiento de Auga y Saneamiento de Vigo. Dicho escrito fue contestado por dicha empresa con fecha 18 de julio de 1996, cuya copia se adjunta a éste, donde queda reflejado su total disposición a colaborar, siempre y cuando cuente con la debida autorización del Excmo. Concello de Vigo».

9. O carácter eminentemente técnico do persoal de Augas de Galicia e o descoñecemento por parte deste persoal da situación xurídica da presa de Eiras quizais teña levado a Administración hidráulica a adoptar actuacións contradictorias en relación a esta presa.

Polo que atinxe ás obras de Mellora e automatización da presa de Eiras, as mesmas nin eran necesarias nin foron solicitadas polo Concello de Vigo ou pola concesionaria do servizo de Augas. As ditas obras, dun importe ínfimo, en relación co satisfeito polo concello de Vigo para a execución do encoro, e que foron executadas pola Xunta con financiamento da UE, tiveron como principal obxecto o de proporcionar a Augas de Galicia un coñecemento directo e en tempo real de determinadas magnitudes da auga embalsada e da captada polo Concello.

A meirande parte das funcións que na resolución que recorremos se enumeran como funcións de explotación non son tales senón funcións de control e supervisión da explotación do encoro pola Administración hidráulica de Galicia.

Creemos que é tal descoñecemento da situación xurídica da Presa por Augas de Galicia a que levou a esta a redactar e aprobar unha Normas de Explotación que deberían ter sido redactadas, a requirimento de Augas de Galicia, pola explotadora da presa e aprobadas pola Administración hidráulica, e a recoñecer, daquela, como non podía ser doutra forma, nas propias Normas de Explotación e no Plan de Emerxencias, que a explotación da Presa a realizaba Aqualia e que o persoal que explota a presa, baixo a superior dirección e supervisión de Augas de Galicia, pertence a Aqualia FCC Vigo UTE.

Augas de Galicia debeu requirir ao concello de Vigo ou a súa concesionaria do servizo de augas, como explotadores do encoro, para a redacción das Normas de Explotación da presa e do Plan de Emerxencia da mesma e para a execución das obras necesarias para o desenvolvemento deste último. Porén a redacción por Augas de Galicia das Normas de Explotación e do Plan de Emerxencias da presa, non converte a esta en explotadora, nin tampouco a constitúe en explotadora da presa a redacción dun proxecto de mellora do encoro, que debería ser executado por Aqualia, a requirimento da administración Hidráulica.

Canto vimos de dicir resulta evidenciado polos seguintes feitos:

Dunha parte, pola aprobación por Augas de Galicia, en outubro de 2019, do expediente para a contratación do servizo de «explotación, conservación e mantemento da presa de Eiras e dos seus equipos e instalacións», que foi adxudicado por Augas de Galicia á mercantil Ain Active Om, S.L. o 9 de xullo de 2020.

Doutra, pola modificación pola directora de Augas de Galicia, con data 26 de novembro de 2020, dos organigramas do persoal en situacións de Explotación Ordinaria, en Explotación de Avenida, e do Plan de Emerxencia, que figuran nas Normas de Explotación e no Plan de Emerxencia da presa de Eiras, substituíndo o persoal de Aqualia, concesionaria do servizo municipal de augas de Vigo, encargado da explotación da presa polo persoal de Ain Active Om S.L..

A contratación da mercantil Ain Active Om, S.L por Augas de Galicia para a explotación, mantemento e conservación da presa, e a substitución do persoal da concesionaria do servizo municipal de augas de Vigo, encargado da explotación da presa polo persoal de Ain Active Om S.L. para o mesmo fin o que pon de manifesto é que a explotación, mantemento e conservación do encoro de Eiras non era desenvolvida por Augas de Galicia e sí por Aqualia FCC Vigo UTE, que é a mercantil contratada polo concello de Vigo para prestar o servizo de augas e que Augas de Galicia substitúe polo persoal de Ain Active Om, S.L, contratada por Augas de Galicia para desenvolver a explotación, conservación e mantemento da presa.

Resulta absolutamente contradictorio que Augas de Galicia afirme que explota a presa de Eiras e como xustificación do contrato de servizos adxudicado a Ain active Om, S.L., cuxo obxecto é a explotación, conservación e mantemento do encoro de Eiras, Augas de Galicia afirme, tamén, que carece do persoal necesario para a explotación da presa e, unha vez adxudicado o contrato, Augas de Galicia acorde substituír ao persoal de Aqualia, que figura dedicado a explotación da presa nas Normas de Explotación desta, polo persoal de Ain



Concello de Vigo

Active Om, S.L, o que evidencia que a explotación da presa era desenvolvida ata o 25 de xaneiro de 2023 por FCC Aqualia Vigo, UTE.

Ou sexa, Augas de Galicia, dunha parte, nega que o concello de Vigo explore o encoro e lle reclama o pago do canon de regulación por este; pero, doutra, válese, para a explotación da presa que se atribúe, da actividade de Aqualia FCC Vigo UTE, concesionaria do servizo municipal de augas, que paga o concello de Vigo. Isto é pretende cobrar a taxa por unha actividade que paga o Concello de Vigo.

Igualmente evidencia o feito de que a explotación da presa de Eiras foi realizada por Aqualia ata 2023 a acta levantada o 25 de xaneiro de 2023 do acto de entrega, a requirimento de Augas de Galicia, dun xogo completo de chaves por parte da representación municipal ao novo director de explotación e do Plan de Emerxencias da presa de Eiras que permitirá a este e ao equipo de Ain active Om, S.L. o acceso á totalidade das instalacións e equipos que conforman a presa de Eiras e a execución continuada dos traballos de explotación, conservación e mantemento das instalacións nos termos do servizo adxudicado por Augas de Galicia. Tal feito non obedeceu como afirma Augas de Galicia, na resolución que recorremos, a custións meramente operativas e de coordinación e a poñer fin ao conflito existente entre o personal da concesionaria do Concello para a xestión do abastecemento e o da empresa Ain Active Om, S.L. para a explotación da presa. A xunta de Galicia non tiña chaves de ningunha das dependencias da presa porque a explotación, a conservación e vixianza da mesma viña sendo realizada por Aqualia ata a entrega das chaves: a posesión da presa de Eiras e a súa explotación ata a adxudicación do contrato á mercantil Ain Active Om, S.L por Augas de Galicia para a explotación, mantemento e conservación da presa, e a substitución do persoal da concesionaria do servizo municipal de augas de Vigo, encargado da explotación da presa polo persoal de Ain Active Om S.L. para o mesmo fin, correspondía a Aqualia FCC Vigo, UTE e non era desenvolvida por Augas de Galicia, que non tiña chaves da presa, o que exclúe a devindicación da taxa reclamada.

Segunda.- Sobre a inconstitucionalidade da taxa reclamada por infracción da Lei básica do Estado en materia de taxas, Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, e pola incongruencia interna da Lei entre o feito imponible da taxa e a contía da mesma.

A inconstitucionalidade da taxa reclamada resulta das propias manifestacións da resolución recorrida.

Debemos comenzar por recordar a regulación desta taxa no Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei de Augas e no Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, polo que se aprobou o Regulamento do Dominio Público Hidráulico.

Dispón o artigo 114 TRLA, canto ao canon de regulación e no que aquí interesa, que:

«1. Los beneficiados por las obras de regulación de las aguas superficiales o subterráneas, financiadas total o parcialmente con cargo al Estado, satisfarán un canon de regulación destinado a compensar los costes de la inversión que soporta la Administración estatal y atender los gastos de explotación y conservación de tales obras.

Los beneficiarios podrán serlo directa o indirectamente. Serán beneficiarios directos aquellos que obtienen una mejora de la garantía de suministro mediante la utilización de las obras hidráulicas de regulación. Serán beneficiarios indirectos aquellos que, provocando afecciones sobre las masas de agua superficiales y subterráneas, se benefician de los efectos de las obras hidráulicas de regulación, aunque no sean usuarios directos de las mismas.

(...)

3. La cuantía de cada una de las exacciones se fijará, para cada ejercicio presupuestario, sumando las siguientes cantidades:

- a) El total previsto de gastos de funcionamiento y conservación de las obras realizadas.
- b) Los gastos de administración del organismo gestor imputables a dichas obras.
- c) El 4 por 100 del valor de las inversiones realizadas por el Estado, debidamente actualizado, teniendo en cuenta la amortización técnica de las obras e instalaciones y la depreciación de la moneda, en la forma que reglamentariamente se determine.

4. La distribución individual de dicho importe global, entre todos los beneficiados por las obras, se realizará con arreglo a criterios de racionalización del uso del agua, equidad en el reparto de las obligaciones y autofinanciación del servicio, en la forma que reglamentariamente se determine.

El Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, por el que se aprueba el Reglamento del Dominio Público Hidráulico, establece en su artículo 297 que:

«El canon que se establece en el artículo 114.1 del Texto Refundido de la Ley de Aguas se denominará «canon de regulación» y son objeto del mismo las mejoras producidas por la regulación de los caudales de agua sobre los regadíos, abastecimientos de poblaciones, aprovechamientos industriales o usos e instalaciones de cualquier tipo que utilicen los caudales que resulten beneficiados o mejorados por dichas obras hidráulicas de regulación.»

El artículo 299 que:

«Están obligados al pago del canon de regulación, las personas naturales o jurídicas y demás Entidades titulares de derechos al uso del agua, beneficiadas por la regulación de manera directa o indirecta.»

Se considera que lo son de manera directa los que, beneficiándose de la regulación, tienen su toma en los embalses o aguas abajo de los mismos, o se abastecen de un acuífero recargado artificialmente.

Se considera que lo son de manera indirecta los concesionarios de aguas públicas cuyos títulos de derecho al uso del agua estén fundamentados en la existencia de una regulación que permita la reposición de los caudales concedidos.

El cálculo de las cantidades que han de sumarse para obtener la cuantía del canon para cada ejercicio presupuestario se efectuará con arreglo a los siguientes criterios:

- a) *El total previsto de los gastos de funcionamiento y conservación de las obras realizadas referentes a la regulación.*

Dicho total se deducirá del presupuesto del ejercicio correspondiente, asignando la parte adecuada de los conceptos o artículos presupuestarios a los que se prevea imputar los gastos correspondientes a las obras de regulación.

El desglose será el suficiente para poder efectuar el cálculo de los distintos cánones aplicables para cada obra o grupo de obras que el Organismo de cuenca defina a efectos de este canon.



Concello de Vigo

A las cantidades así deducidas se añadirán las diferencias en más o en menos que pudieran resultar entre las cantidades previstas y los gastos realmente producidos y acreditados en el último ejercicio cerrado en el momento de proceder a la aprobación.

b) Los gastos de administración del Organismo gestor imputables a las obras de regulación.

Se procederá para su cálculo de una forma análoga al procedimiento establecido para determinar los gastos de funcionamiento y conservación del apartado a).

c) El 4 por 100 de las inversiones realizadas por el Estado. El importe de las inversiones incluirá los gastos motivados por la redacción de los proyectos, la construcción de las obras principales y las complementarias, las expropiaciones o indemnizaciones necesarias y, en general, todos los gastos de inversión sean o no de primer establecimiento.

Serán deducibles de dicho importe de las inversiones la parte correspondiente a la reposición de los servicios afectados que constituya una mejora de los mismos.

El período total de amortización técnica para las inversiones de regulación se fija en cincuenta años, durante los cuales persiste la obligación del pago del apartado c) del canon de regulación. La base imponible se obtendrá restando de la inversión total la amortización técnica lineal durante dicho período (...).

Pola súa parte, o artigo 26.3 da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, define o feito impoñible nos termos que seguen:

«3. Los beneficiados por las obras de regulación de los recursos hídricos gestionadas por la Administración hidráulica de la Comunidad Autónoma de Galicia, con captaciones situadas aguas abajo de los embalses gestionados por Aguas de Galicia y/o que capten directamente del embalse, financiadas total o parcialmente con cargo a los presupuestos de la Comunidad Autónoma de Galicia, siempre y cuando no hayan asumido la explotación, conservación y mantenimiento de estos embalses, satisfarán la tarifa 68 de la modalidad de actuaciones profesionales incluida en el anexo 3, en orden a compensar los costes de la inversión que soporte dicha administración y atender a los gastos de explotación y conservación de tales obras».

Das disposicións que van transcritas resulta que o canon de regulación ben a compensar os custes da inversión e os gastos de explotación e conservación das obras de regulación de que se beneficie o suxeito pasivo e non outras distintas.

O Texto Refundido da Lei de Augas e o seu regulamento considera como beneficiarios das obras de regulación tanto os directos como os indirectos, dispoñendo que «Serán beneficiarios directos aqueles que obtienen una mejora de la garantía de suministro mediante la utilización de las obras hidráulicas de regulación. Serán beneficiarios indirectos aquellos que, provocando afecciones sobre las masas de agua superficiales y

subterráneas, se benefician de los efectos de las obras hidráulicas de regulación, aunque no sean usuarios directos de las mismas».

E o artigo 26.3 da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, considera como beneficiarios aos titulares de captacións situadas augas abaixo dos embalses xestionados por Aguas de Galicia e/ou que capten directamente do embalse.

Pois ben, o concello de Vigo é, obviamente, beneficiario do encoro regulador de Eiras, porén o canon a satisfacer por este, se non fora o explotador do encoro, sería exclusivamente a necesario para «compensar los costes de la inversión que soporte dicha administración y atender a los gastos de explotación y conservación de **tales obras**» e «**tales obras**» son, segundo o tenor literal do artigo 26.3 da Lei 6/2003, de 9 de decembro, as obras de regulación de que se beneficie o suxeito pasivo con captacións no embalse ou en augas abaixo do mesmo e non outras distintas.

A demarcación hidrográfica Galicia Costa non é unha bacía hidrográfica senón un conxunto de bacías hidrográficas intracomunitarias que por esta razón —por discorrer exclusivamente pola Comunidade Autónoma de Galicia— son xestionadas pola Comunidade Autónoma de Galicia. A demarcación hidrográfica Galicia-costa comprende todas as bacías costeiras de A Coruña, Lugo e Pontevedra, cun total de dezanove sistemas de explotación.

Por esta razón non cabe aceptar a afirmación que se contén na resolución recorrida de que:

«No que respecta ao canon de regulación, a tarifa fíxase para cada exercicio orzamentario de acordo cos parámetros establecidos no artigo 32 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, a través das leis de orzamentos ou de medidas fiscais que se aproban polo Parlamento de Galicia no mes de decembro do ano anterior sobre as previsións do custo total do servizo no que vai incurrir a Comunidade Autónoma pola xestión da totalidade do sistema durante o exercicio.

Este custo total estimado divídese entre a previsión do volume total de auga captada pola totalidade do sistema xestionado pola Administración autonómica e do resultado dese cociente obtense a tarifa da taxa expresada en euros/m³. Para o ano 2019, e segundo se establece na Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, a tarifa por metro cúbico de auga captado foi 0,017 €.

É dicir, os custos do servizo operan como límite do importe das taxas establecidas pero esa equivalencia resulta dun cómputo global de custos e ingresos, reais ou previsibles, da totalidade ou conxunto do servizo prestado pola Administración autonómica e non en relación co custo do servizo concreto e individualizado prestado a cada suxeito pasivo, tal e como pretende o Concello de Vigo.

Non cabe esixir, polo tanto, esta equivalencia en cada liquidación nin tampouco que en cada expediente liquidatorio se esixa un estudo económico individualizado para cada suxeito pasivo.



Concello de Vigo

O deseño descrito, permite obter un prezo unitario por metro cúbico de auga captada igualitario e uniforme en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, tarifa que se aplicará sobre o volume total de auga captada por cada un dos suxeitos pasivos. Este deseño permite que, no caso de que o custo da taxa sexa repercutido nos usuarios finais a través das tarifas municipais de abastecemento, cada consumidor, con independencia da parte do territorio na que resida e da obra de regulación da que provena a captación da que se abastece, aboará por este servizo un mesmo prezo por metro cúbico de auga consumida».

O canon de regulación tanto na lei galega como no TRLA e o seu Regulamento ten por obxecto compensar os custes da inversión que soporte a Administración hidráulica e os gastos de explotación e conservación das obras de regulación de que se beneficia—directa ou indirectamente— o suxeito pasivo con captación de augas no proio encoro ou augas abaixo. O concello de Vigo, de non considerarse que explota a presa, non ten legalmente que soportar o custe das inversión, explotación e mantemento de obras de regulación que se sitúen nas bacias hidrográficas de Lugo ou A coruña, nin nas de Pontevedra distintas a bacía do Oitavén, das que o concello de Vigo non se beneficia con captación de augas. O concello de Vigo, de non considerarse que explota a presa, ten que soportar exclusivamente o custe das inversión na obra de Regulación realizadas pola Comunidade Autónoma de Galicia no encoro de Eiras e o custe das obras de explotación conservación e mantemento e, debería facelo nos termos que resultan da regulación da lexislación básica do Estado e non coa lixeireza e deplorable técnica legislativa coa que esta taxa se regula na Lei citada.

Polo demais, non se trata de que cada expediente liquidatorio incorpore un estudo económico financeiro da taxa, senón que, como dispón o artigo 20 da LTPP:

«1. Toda proposta de establecemento de una nueva tasa o de modificación específica de las cuantías de una preexistente deberá incluir, entre los antecedentes y estudios previos para su elaboración, una memoria económico-financiera sobre el coste o valor del recurso o actividad de que se trate y sobre la justificación de la cuantía de la tasa propuesta.

La falta de este requisito determinará la nulidad de pleno derecho de las disposiciones reglamentarias que determinen las cuantías de las tasas».

En tratándose dunha Lei a sanción pola falta de tal memoria económica-financiera terá como consecuencia a inconstitucionalidade da norma por infracción da lexislación básica do Estado en materia de taxas e prezos públicos.

Advírtase que a este respecto o artigo 302 do Regulamento do Texto refundido da a Lei de Augas — Lei que constitúe a lexislación básica do Estado en materia de augas— establece para a determinación da contía do canon de regulación para as obras hidráulicas explotadas polo organismo de conca que:

«1. Para las obras hidráulicas explotadas por el organismo de cuenca, éste determinará los cánones de regulación correspondientes a cada ejercicio, efectuando la liquidación conforme a lo indicado en los artículos siguientes.

2. El organismo de cuenca fijará los cánones correspondientes a cada ejercicio, para las obras hidráulicas a su cargo. Su cálculo irá acompañado del correspondiente estudio económico efectuado con participación de los órganos representativos de los usuarios o beneficiarios existentes en el organismo gestor correspondiente.

3. El valor propuesto se someterá a información pública en su portal de internet por un plazo de quince días y anunciada en el “Boletín Oficial del Estado”, a efecto de que puedan formularse las reclamaciones que procedan. Si no existieran reclamaciones durante el período de información pública, el canon de regulación se considerará automáticamente aprobado al finalizar la misma; en caso contrario, el Organismo de cuenca resolverá lo que proceda».

Terceiro.- Por todo o exposto procede anular e deixar sen efecto a resolución recorrida: nin se produciu o feito impositivo da taxa nin de entenderse producido este sería procedente a contía da taxa esixida.

Por todo o exposto propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Interpoñer recurso de reposición contra a resolución da Directora de Augas de Galicia, de de 27 de novembro de 2023, ditada no expediente de xestión recadatoria da taxa 32.68.00 —Obras hidráulicas de regulación xestionadas pola Administración hidráulica da Comunidade autónoma de Galicia (canon de regulación)— do primeiro e segundo semestre de 2019, na que se reclama do Concello de Vigo o pago da cantidade de 565.098,77 euros polo dito concepto e ano, e en mérito das consideración de feito e de Dereito que anteceden e da documentación que se achega ao presente escrito, anule e deixe sen efecto a resolución impugnada.

Segundo.- Solicitar ao abeiro do artigo 117 LPACAP a suspensión da execución da resolución impugnada toda vez que a súa execución suporía prexuízos de difícil reparación en canto que tal execución implica detraer do vixente orzamento municipal recursos municipais destinados a sufragar finalidades públicas de necesaria satisfacción no presente exercicio orzamentario.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.



Concello de Vigo

- .- Proposta de nomeamento como funcionarios de carreira con cargo a prazas vacantes de policía locais - OEP 2020-2021. Expte. 43281/220
- .- Prórroga para o ano 2024 do acordo marco para ampliación das xornadas laborais da Policía Local. Expte. 43292/220.
- .- Reaxuste dos importes correspondentes ao contrato do servizo de conservación e reposición das zonas de xogos, áreas biosaudables, espazos recreativos de auga, mobiliario urbano e fontes ornamentais das zonas verdes da cidade de Vigo. Expte. 50564/446.
- .- Segunda resolución da convocatoria das axudas municipais á contratación 2023. Expte. 19959/77.
- .- Suspensión da execución do acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/10/23 polo que se aproban os criterios xerais, convocatoria e bases reitoras para a provisión mediante concurso específico dos postos de traballo A1 e A2. Expte. 41702/220.
- .- Suspensión da execución do acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/11/23 polo que se aproban os criterios xerais, convocatoria e bases reitoras do concurso de traslados dos postos de traballo C1, C2 e AP de titulación do Concello de Vigo. Expte. 40685/220.
- .- Resolución da convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizados polo Concello de Vigo para os programas “Nadal 2023” e “Cabalgata de Reis 2024”. Expte. 9955/335.
- .- Proposta de liquidación definitiva de reintegro sobre a subvención para a elaboración do proxecto piloto do Plan de Acción da Axenda Urbana de Vigo. Expte. 1828/441.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

18(1024).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIOS DE CARREIRA CON CARGO A PRAZAS VACANTES DE POLICÍAS LOCAIS - OEP 2020-2021. EXPTE. 43281/220

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 18/12/2023, dáse conta do informe-proposta de data 14/12/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Por acordo de Xunta de Goberno local de data 16/02/2023, foron nomeados **funcionarios en prácticas** con cargo ás prazas convocadas de **POLICÍA LOCAL**, os/as seguintes aspirantes propostos/as polo Órgano de Selección e que se relacionan a continuación, por ter superado todos os exercicios da oposición libre, coas maiores puntuacións:

NOME E APELIDOS	DNI
S. J Rodríguez Domínguez	***7456**
A. Pérez Vilaboa	***1598**
P. Hugo Prado Pérez	***6627**
L. López López	***9022**
M. A. Rubal Palacios	***8134**
B. Parente Artime	***4630**
A. Dios Domínguez	***1266**
E. Insua Arias	***0732**
C. Fernández Fernández	***8707**
S. Piñeiro Calvo	***2064**
P. Quiroga Pousa	***4400**
G. Vázquez Varela	***8256**
P. Otero Vázquez	***6194**
A. Aballe Riobó	***6531**
R. Quintela Becerra	***0805**
R. Rodríguez Ferreiro	***8985**
G. Pastor Fernández	***1237**
L. Castro Barciela	***0743**
V. Cancela Rojo	***0115**
J. Candal Pardo	***3822**



Concello de Vigo

II.- Por acordo de Xunta de Goberno local de data 23/03/2023, foi nomeado funcionario en prácticas con cargo á praza convocada de POLICÍA LOCAL, o seguinte aspirante: Nomear como persoal funcionario en prácticas ao aspirante A. Barreiro Bernardez, con DNI ***5925* *, de conformidade coa resolución do director xeral da AGASP pola que se adxudica a praza que resultou vacante no Concello de Vigo á persoa á que lle corresponde de conformidade coa proposta do 13/01/2023 do tribunal do proceso selectivo.

O punto segundo do referido acordo dispoñía: “**SEGUNDO.**- *Dispoñer que as persoas nomeadas deberán superar o curso selectivo de formación teórico-práctico previsto na base 9.4 da convocatoria (Orde 11 de agosto de 2022 -DOG núm. 153) como requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría de policía, escala básica. No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais, considerarase que a persoa aspirante non superou o proceso perdendo todos os dereitos alcanzados.*”

III.- O día 06/02/2023 publicouse no DOG (núm. 25) resolución do 25/01/2023 que convocaba o curso selectivo para o acceso á categoría de policía, escala básica dos corpos da policía local.

IV.- A AGASP comunica ao Concello de Vigo en data 07/12/2023 (recibido na área de RRHH e Formación o día 11/12/2023), informe de data 05/12/2023 coa relación de alumnos que superaron o curso selectivo para o acceso á categoría de policía dos corpos da policía local de Galicia, convocado mediante resolución do 25/01/2023 (trámite 2 do expediente)

NOME E APELIDOS	DNI
S. J Rodríguez Domínguez	***7456**
A. Pérez Vilaboa	***1598**
P. Hugo Prado Pérez	***6627**
L. López López	***9022**
M. A. Rubal Palacios	***8134**
B. Parente Artime	***4630**
A. Dios Domínguez	***1266**
E. Insua Arias	***0732**
C. Fernández Fernández	***8707**
S. Piñeiro Calvo	***2064**
P. Quiroga Pousa	***4400**
G. Vázquez Varela	***8256**
P. Otero Vázquez	***6194**
A. Aballe Riobó	***6531**
R. Quintela Becerra	***0805**

R. Rodríguez Ferreiro	***8985**
G. Pastor Fernández	***1237**
L. Castro Barciela	***0743**
V. Cancela Rojo	***0115**
J. Candal Pardo	***3822**
A. Barreiro Bernárdez	***5925**

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Normativa de aplicación

A) -Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (...). Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación



Concello de Vigo

de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

B) No ámbito da **Policía local** a Constitución española recolle no título VIII, artigo 148.1º.22, como unha das competencias que poderán asumir as comunidades autónomas, a coordinación e demais facultades relacionadas cas policía locais, nos términos que establece unha ley orgánica. Neste marco, a Lei orgánica 2/1986, de 13 de marzo, regula no seu artigo 39 as competencias das comunidades autónomas.

De conformidade coas mencionadas disposicións, e no ámbito das competencias asumidas pola Comunidad Autónoma de Galicia, se promulgou a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais. Ase mesmo é de aplicación o Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais.

O artigo 16 do referido Decreto, dispón que: “1. *La superación del curso selectivo resulta obligatoria para acceder a la condición de personal funcionario de carrera en la categoría correspondiente. Sólo estarán dispensadas de realizar dicho curso aquellas personas que ya lo hubieran superado con anterioridad en la Academia Gallega de Seguridad Pública y los funcionarios que accediesen por movilidad desde la misma categoría desde otros cuerpos de policía local.*

2. En el caso de la no incorporación al curso, o abandono del mismo sin terminarlo, excepto por causas excepcionales, se considerará que el aspirante no superó el proceso selectivo.

3. El alumnado que no supere el curso teórico-práctico en la academia, incluidas las pruebas de carácter extraordinario, perderá todos los derechos conseguidos en el proceso selectivo.

De conformidad con lo dispuesto por el artículo 45 de la Ley 4/2007 y el artículo 15 de la Ley 11/2007, de 27 de julio, gallega para la prevención y el tratamiento integral de la violencia de género, los cursos selectivos incluirán la materia de formación en igualdad de género y de prevención, atención, asistencia y/o tratamiento de situaciones de violencia de género.

C) Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios de carreira en atención ao marco normativo vixente.

O artigo 9 do citado TREBEP contempla expresamente que “son funcionarios de carrera quienes, en virtud de nombramiento legal, están vinculados a una Administración Pública por una relación estatutaria regulada por el Derecho Administrativo para el desempeño de servicios profesionales retribuidos de carácter permanente”, estableciendo que “en todo caso, el ejercicio de las funciones que impliquen la participación directa o indirecta en el ejercicio de las potestades públicas o en la salvaguardia de los intereses generales del Es-

tado y de las Administraciones Públicas corresponden exclusivamente a los funcionarios públicos, en los términos que en la ley de desarrollo de cada Administración Pública se establezca.”

Respecto da adquisición de tal condición, é no artigo 62 da mesma norma onde se contempla que:

“1. La condición de funcionario de carrera se adquiere por el cumplimiento sucesivo de los siguientes requisitos:

a) Superación del proceso selectivo.

b) Nombramiento por el órgano o autoridad competente, que será publicado en el Diario Oficial correspondiente.

c) Acto de acatamiento de la Constitución y, en su caso, del Estatuto de Autonomía correspondiente y del resto del Ordenamiento Jurídico.

d) Toma de posesión dentro del plazo que se establezca.

2. A efectos de lo dispuesto en el apartado 1.b) anterior, no podrán ser funcionarios y quedarán sin efecto las actuaciones relativas a quienes no acrediten, una vez superado el proceso selectivo, que reúnen los requisitos y condiciones exigidos en la convocatoria.”

Os prazos establecidos para a toma de posesión contéplase no artigo 60 da lei 2/2015, de 29 de abril do emprego público de Galicia: “...e) *Toma de posesión dentro del plazo de un mes a partir de la publicación del nombramiento o dentro del plazo previsto en la correspondiente convocatoria del proceso selectivo*”

D) No presente caso, a AGASP comunica ao Concello de Vigo en data 07/12/2023 (recibido na área de RRHH e Formación o día 11/12/2023), informe de data 05/12/2023 coa relación de alumnos que superaron o curso selectivo para o acceso á categoría de policía dos corpos da policía local de Galicia, convocado mediante resolución do 25/01/2023 (trámite 2 do expediente), que constan no antecedente IV de este informe.

II.- Observacións respecto da xornada e horario.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo establece a xefatura da área ou servizo de destino, consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos e do servizo aos intereses xerais, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

III.- Sometemento a fiscalización previa e preceptiva

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:



Concello de Vigo

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.

b) La intervención formal de la ordenación del pago.

c) La intervención material del pago.

d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

IV.- Órgano municipal competente.

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais por Decreto da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023.

PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO: Nomear en base aos informes que obran no expediente como **funcionarios de carreira** con cargo ás prazas vacantes de **Policía Local** incluídas na OEP 2020 e 2021 aos seguintes funcionarios en prácticas, nomeados pola Xunta de Goberno Local nas súas sesións de data 16/02/2023 e 23/03/2023, ao ter superado satisfactoriamente o curso teórico-practico previsto nas bases da convocatoria:

NOME E APELIDOS	DNI
S. J Rodríguez Domínguez	***7456**
A. Pérez Vilaboa	***1598**
P. Hugo Prado Pérez	***6627**
L. López López	***9022**
M. A. Rubal Palacios	***8134**
B. Parente Artime	***4630**
A. Dios Domínguez	***1266**
E. Insua Arias	***0732**

NOME E APELIDOS	DNI
C. Fernández Fernández	***8707**
S. Piñeiro Calvo	***2064**
P. Quiroga Pousa	***4400**
G. Vázquez Varela	***8256**
P. Otero Vázquez	***6194**
A. Aballe Riobó	***6531**
R. Quintela Becerra	***0805**
R. Rodríguez Ferreiro	***8985**
G. Pastor Fernández	***1237**
L. Castro Barciela	***0743**
V. Cancela Rojo	***0115**
J. Candal Pardo	***3822**
A. Barreiro Bernárdez	***5925**

SEGUNDO.- Os aspirantes nomeados deberán tomar posesión da súa praza como funcionarios de carreira no prazo de 1 mes a partir da publicación dos nomeamentos no Diario Oficial de Galicia.

TERCEIRO.-Notificar o presente acordo aos interesados, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación, ás Xefaturas das Áreas de Mobilidade e Seguridade e do Servizo de Policía Local, a AGASP, e así coma ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

CUARTO: Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

19(1025).- PRÓRROGA PARA O ANO 2024 DO ACORDO MARCO PARA AMPLIACIÓN DAS XORNADAS LABORAIS DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 43292/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 20/12/2023, dáse conta do informe-proposta de data 21/12/2023, asinado polo técnico de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I- Mediante número de expediente 89531/212, remítese a esta Área de Recursos Humanos e Formación, informe proposta asinado polo Intendente Xefe da Policía Local e conformado pola Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, no que se propón a aprobación pola Xunta de Goberno Local da prórroga, durante o ano 2024, do Acordo para a ampliación das xornadas laborais para o servizo da Policía Local, aprobado pola Xunta de Goberno Local o 22 de xuño de 2017 (expte. 30140-220) coa modificación puntual do número máximo de xornadas a realizar (4.433) e o importe máximo das mesmas, que sen contar coa eventual prolongación da xornada de reforzo ascendería a 1.128.118,55 €; e co obxectivo principal de poder acometer de xeito eficaz necesidades ordinarias puntuais e os eventos extraordinarios detallados no mesmo informe, e aqueles que de xeito imprevisto poidan acontecer ao longo do ano.

II- En canto á motivación sobre a necesidade da prórroga solicitada, remitímonos ao recollido no citado informe da Xefatura da Policía Local, conformado pola Concelleira da Área, que consta incorporado ao presente expediente (trámite 3).

Sen prexuízo do anterior, e a título de exemplo, fundaméntase a petición, entre outros, no mapa de eventos extraordinarios previstos para 2024:

- Especial vixilancia das zonas forestais e os areais na época estival.
- Vixilancia das Zonas Zas e botellón.
- Cruceiros de lecer.
- Os partidos de fútbol do Celta en Balaídos.
- As campañas de tráfico e de seguridade cidadá.
- Servizo das Illas Cies na época estival.
- Eventos de carácter relixioso (Semana Santa e distintas procesións ao longo de todo o ano).
- Eventos de carácter deportivo (probos pedestres, ciclistas, motoristas etc.)
- Eventos de carácter cultural e festivo (cabalgata de Reis, Entroido, a Reconquista, etc.)

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I- Normativa e aplicación

O artigo 24.c) Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba a lei do texto refundido do estatuto básico do empregado público TREBEP, recolle con carácter xeral que a contía e

estrutura das retribucións complementarias dos funcionarios, estableceranse pola correspondentes leis de cada Administración Pública atendendo, entre outros factores, ao grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desempeña o seu traballo e o rendemento ou resultados obtidos.

Xa máis concretamente referido ao eido local, o artigo 5 do RD 861/1986, de 25 de abril, polo que se establece o Réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local, define o complemento de produtividade como aquel que está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa co que o funcionario desempeña o seu traballo.

A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignado ao mesmo.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Por resolución da Concelleira delegada da área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 27/12/2022, e rectificación do Anexo I de data 13/02/2023 (dándose conta do aprobado ao órgano delegante, Xunta de Goberno Local) publicados no BOP de Pontevedra de datas 19/01/2023 e 16/03/2023, aprobáronse os "Criterios para a asignación do complemento retributivo de produtividade no Concello de Vigo", (expediente 39599-220).

Non obstante, os citados criterios manteñen vixentes transitoriamente unha serie de supostos previstos nas Instrucións sobre plantilla e Relación de postos de traballo do persoal ao servizo da corporación e dos seus organismos autónomos, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010, entre os que se atopa, no seu punto terceiro, apartado j) :

-Os programas de disponibilidad horaria que fose preciso acometer en atención a circunstancias excepcionais que podieran concurrir nalgún servizo, nas condicións que regulamentariamente aprobe a Xunta de Goberno local e previa elaboración por parte da Unidade Xestora dun estudio da concurrencia de circunstancias motivadoras excepcionais e urxentes, a imposibilidade de reasignación de efectivos e/ou de prestar o servizo cos efectivos existentes e os obxectivos a acadar co dito programa.

Asi mesmo, nas Bases de execución do Orzamento do exercicio 2023 vixente, base 32, no apartado, 2.5, recóllese que:

"No caso excepcional de existencia de gastos relativos a xornadas de reforzo e gratificacións por prestacións feitas fóra da xornada laboral, aos efectos do apartado 1.1.c), se comprobará que: no caso de xornadas de reforzo ou dispoñibilidade, existe un plan previamente aprobado pola Xunta de Goberno Local ou órgano que teña a competencia delegada, cuantificando o número máximo de xornadas, custe de cada unha delas e custe total, mapa de eventos, obxectivos a perseguir, número de horas necesarias. Unha vez aprobado o Plan anual, o servizo xestor estará obrigado a tramitar o preceptivo expediente para verificar a súa adaptación ao Plan e informar sobre a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte as xornadas que se queren executar. Con posterioridade,



Concello de Vigo

comprobarase para a súa fiscalización, que se achega a certificación da xefatura do servizo en canto a súa execución, facendo constar na mesma ou nun documento independente, como mínimo a seguinte información: o nome do empregado/a que executou as horas ou a xornada, día en que se fixo, o evento a cubrir, referencia sucinta das necesidades a cubrir, as horas feitas se se trata de gratificación, ou xornadas se se trata de reforzos. Todo elo sen prexuízo que se poidan establecer modelos para acreditar a autorización do gasto e a súa execución. Se chegará para a súa inclusión na nómina do mes que corresponda, a proposta do gasto feita pola Área de RR.HH e Formación e o acordo adoptado de recoñecendo a obriga (Resolución do/a Sr./Sra. Concelleiro/a Delegado/a de Persoal), ao que se unirá, o acordo de autorización das xornadas."

II-Análise das circunstancias concretas

O Acordo Marco para a ampliación das xornadas laborais do Corpo da Policía Local, aprobado pola Xunta de Goberno local en sesión de data 22/06/2017 (expte. 30140-220), na súa disposición 3º, dispón a posibilidade de prórroga para sucesivas anualidades sempre que se den as causas e condicionantes de feito, circunstancias que se motivan no informe proposta asinado polo Intendente Xefe da Policía Local e conformado pola Concelleira delegada da Área, que consta incorporado ao expediente.

Solicítase a prórroga do citado acordo marco para o ano 2024, coa proposta de autorización total de 4.433 xornadas, a 13 xornadas como máximo por efectivo, que sen contar coa eventual prolongación da xornada de reforzo, ascendería á cantidade máxima de 1.128.118,55 €.

A proposta supón unha redución no número de xornadas con respecto ás 4.628 que foron autorizadas para o ano 2023 (expediente 41203-220), cun importe máximo de 1.151.236,32 €.

A súa execución estará determinada polas necesidades do servizo debidamente xustificadas, polos eventos que requiran un reforzo por enriba das dispoñibilidades ordinarias e, en todo caso, sempre condicionadas á dispoñibilidade orzamentaria.

A autorización da realización das xornadas de dispoñibilidade realizarase previa solicitude do servizo da Policía Local, na que conste as circunstancias excepcionais e coxunturais que motivan a necesidade de realización de xornadas de dispoñibilidade, número de efectivos previstos e custo das mesmas, e toda vez que por parte da Intervención Xeral sexa realizada a fiscalización previa do gasto, ao abeiro do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e Bases de Execución dos Orzamentos Municipais vixentes, verificando a existencia de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 1320.150.0000.

Salvo erro ou omisión, segundo listados de persoal sacados na Área de Recursos Humanos e Formación do programa ginpix, a data 01/12/2023, (trámite 6 do expediente) constan os seguintes datos sobre a ocupación dos postos da Policía Local:

-Dotación total Policía Local: 401 Ocupados: 335 Vacantes: 66

A estes datos habería que engadirlle a xubilación recente do traballador con número de persoal 18224, polo que o datos reais totais, a data de hoxe, serían 334 postos ocupados e 67 vacantes, o que supón unha ocupación do 83,3% dos 401 postos dispoñibles.

Non se prevé ningunha xubilación máis de aquí ao 31 de decembro.

5. Cuando una Administración Pública tenga que dictar, en el ámbito de sus competencias, un acto que necesariamente tenga por base otro dictado por una Administración Pública distinta y aquélla entienda que es ilegal, podrá requerir a ésta previamente para que anule o revise el acto de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 44 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa, y, de rechazar el requerimiento, podrá interponer recurso contencioso-administrativo. En estos casos, quedará suspendido el procedimiento para dictar resolución.

Artículo 38. Ejecutividad.

Los actos de las Administraciones Públicas sujetos al Derecho Administrativo serán ejecutivos con arreglo a lo dispuesto en esta Ley.

- Suspensión da execución dos actos administrativos.

Vista a fundamentación xurídica exposta, e como regra xeral, os actos das Administracións Públicas suxeitos a dereito administrativo presúmense válidos e producen efectos dende a data na que se diten, salvo que en estes se dispoña outra cousa.

Así, a interposición de recurso de reposición, salvo que unha disposición estableza o contrario de conformidade co establecido no artigo 117 da Lei 39/2015, 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non produce a suspensión da execución do acto impugnado. A posibilidade de suspender do órgano competente require a previa ponderación suficientemente razonada, entre o prexuízo que causaría ao interés público ou a terceiros a suspensión e o prexuízo ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido.

-Ponderación da suspensión da executividade do acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/10/23, polo que se aproban os Criterios xerais, Convocatoria e Bases Reitoras para a provisión mediante concurso específico dos postos de traballo A1 e A2 do Concello de Vigo.

Constando as solicitudes de suspensión presentadas nos escritos de recurso que se detallan no antecedente 14, resultando preceptivo que os interesados no escrito de interposición do recurso administrativo soliciten a suspensión da executividade do acto administrativo de forma expresa (TSJ Madrid 18-1-99). Vistos os recursos presentados, nos que se solicita expresamente a suspensión da executividade do acto así como a necesidade de proceder á rectificación de erros detectados no referido acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/10/23, debe ponderarse a estes efectos e de conformidade co apartado segundo do artigo 117 da LPAC o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros, no presente suposto o resto de empregados públicos con dereito á carreira profesional, e o prexuízo que puidera ocasionarse aos recorrentes, sendo que os prexuízos deberán ser de imposible ou difícil reparación ou fundamentarse en causas de nulidade de pleno dereito.

Así, debe considerarse que o tempo de suspensión será o estritamente necesario e os intereses dos recorrentes, fundamentalmente aqueles que manifestan situacións xurídicas individualizadas que requiren de novos informes técnicos, ou corrección de erros nas Bases reitoras. Por outra banda, a devandita suspensión non supón prexuízos aos empregados públicos con interese no procedemento e cobertura dos postos, toda vez que unha vez resoltos os recursos, previos os informes técnicos procedentes e corrixidos os erros detectados procederá a correspondente execución da convocatoria e provisión daqueles postos con forma de provisión concurso específico segundo a vixente Relación de Postos do Concello de Vigo. Pode entenderse en consecuencia de maior impacto a eficacia do acto que a suspensión deste a solicitude dos recorrentes.

Unha vez realizada a ponderación entre o prexuízo que causaría ao interés público ou a



Concello de Vigo

terceiros a suspensión e o prexuízo aos recorrentes como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido, e tras un primeiro e somero análise dos recursos presentados; estímase que a execución do acto administrativo obxecto de impugnación podería resultar susceptible de causar prexuízos no desempeño de funcións de responsabilidade no seno da entidade, en concreto foi detectada unha incorrección no texto finalmente incorporado ao documento sometido a aprobación do órgano competente. Razón pola que se estima que debe aplicarse o principio de prudencia no exercicio da actividade administrativa e suspender a execución do acto en forma que permita a análise detallada dos recursos presentados.

Tratándose en todo caso dun procedemento de provisión no marco dunha planificación da organización que comezou a desenvolverse desde a Área de Recursos Humanos e Formación, mediante as actuacións realizadas no expediente 27913-220 relativo ao Plan de Ordenación de Recursos Humanos no Concello de Vigo, tratándose de actuacións en todo caso que deben ser desenvoltas en execución de título xudicial procede poñer en coñecemento do xulgado o desenvolvemento da execución e demais circunstancias concorrentes.

III.- Competencia.

O art. 4.1.a) e c) da LBRL recoñécelle ó municipios, entre outras, respectivamente, as potestades públicas de autoorganización e as de programación e planificación.

O órgano competente para a aprobación de convocatorias e as súas bases no ámbito da xestión do persoal municipal é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En consecuencia, coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023) e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Acordar en base aos fundamentos “ut supra” a suspensión da execución a solicitude dos recorrentes do acordo da Xunta de Goberno Local de data 20/10/23 polo que se aproban os Criterios xerais, Convocatoria e Bases reitoras para a provisión mediante concurso específico dos postos de traballo A1 e A2 do Concello de Vigo (expte. 41702-220) polo tempo que medie ata a resolución dos recursos presentados.

SEGUNDO.- Notificar aos empregados públicos solicitantes da suspensión co número de persoal 60601, 79370, 16662, 69977, 22415, 81985, 79389, 78966, 78894, 15148, 83607, 83606, 78252 e ***7819**.

TERCEIRO.- Ordenar a realización das publicacións no diario oficial no que se insertou, así como no Taboleiro de anuncios e edictos, na web municipal aos efectos do seu público coñecemento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1029).- SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 03/11/23 POLO QUE SE APROBAN OS CRITERIOS XERAIS, CONVOCATORIA E BASES REITORAS DO CONCURSO DE TRASLADOS DOS POSTOS DE TRABALLO C1, C2 E AP DE TITULACIÓN DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 40685/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do INFORME-PROPOSTA de data 21/12/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

1.- Consta orde de inicio da Concelleira delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal de data 08/09/2022, pola que vistas as actuacións preparatorias e técnicas practi-cadas no expediente 30104-220, así como a necesidade de proceder á provisión definitiva dispón a incoación de expediente administrativo tendente á convocatoria e bases reitoras do concurso de traslados 2022/2023 para a provisión definitiva dos postos de traballo pertencentes aos subgrupos C1, C2 e E; así como ás convocatorias públicas periódicas de provisión definitiva polos procedementos legalmente establecidos conforme ao previsto no marco legislativo de aplicación.



Concello de Vigo

2.- Mediante Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 16/03/23, foi aprobada inicialmente a nova Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo correspondente ao ano 2023, publicada no [Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 60 de data 27/03/23](#).

3.- Consta borrador de traballo técnico de data 04/10/22 e 17/10/22, relacionando os postos de traballo encadrados nos subgrupos C1, C2 e Agrupación Profesional en situación de cobertura provisional ou vacante. O devandito borrador de traballo foi trasladado ao Comité e sindicatos a fin de realizar as achegas procedentes, emitíndose informe técnico en data 31/03/23 á data da referencia.

4.- Sendo preceptiva a fiscalización previa de gasto o procedemento electrónico foi sometido á fiscalización da Intervención Xeral Municipal, emitíndose informe favorable de fiscalización de data 21/04/23, incorporándose de conformidade á presente proposta as recomendacións obrantes no informe da Intervención xeral.

5.-Remitida á Xunta de Goberno Local a proposta de aprobación de criterios xerais, convocatoria e bases reitoras do concurso de traslados dos postos de traballo C1, C2 e AP de titulación do Concello de Vigo (expte. 40685-220), para a súa aprobación na sesión ordinaria de data 27/04/23 foi retirado o expediente a fin de proceder á súa revisión.

6.- Realizadas as verificacións administrativas das situacións individualizadas dos empregados públicos en relación aos postos obxecto de provisión, tras a correspondente verificación e comprobación, foi solicitado en data 14/07/23 o correspondente informe técnico de aclaración e comprobación do anterior informe técnico de data 30/03/23, incorporado como Anexo III á proposta á Xunta de Goberno Local, que relaciona os postos de traballo susceptibles de inclusión no concurso de traslados, e no cal constan incluídos os postos de traballo cubertos mediante adscrición provisional ou en situación de vacante.

7.- Consta informe técnico de data 17/07/23 da relación de postos de traballo C1, C2 e AP susceptibles de ser incluídos no concurso de traslados.

8.- Con carácter previo á aprobación dos criterios xerais, convocatoria e bases reitoras do concurso de traslados dos postos de traballo C1, C2 e AP e ao amparo do artigo 82 da Lei 39/2015, foi outorgado trámite de audiencia da relación de postos de traballo C1, C2 e AP susceptibles de ser incluídos no concurso de traslados segundo o informe técnico de data 30/03/23 e posterior aclaración de data 17/07/23; ao obxecto de que posibles interesados, no prazo de 10 días hábiles seguintes á publicación do documento na páxina web municipal, e taboleiro de anuncios e edictos, puideran formular as alegacións que tiveran por conveniente e achegar a documentación oportuna.

9.- Finalizado o trámite de audiencia, foi solicitado informe técnico en data 13/09/23 á vista das alegacións presentadas, sendo emitido informe polo técnico en data 29/09/23.

10.- En cumprimento do artigo 37 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) a proposta de criterios xerais para a execución da convocatoria do concurso de traslados dos postos de traballo C1, C2 e AP (expte. 41.115-220) foi sometida a negociación colectiva na sesión ordinaria da Mesa Xeral de Negociación de data 05/12/22; tralo debate a proposta foi sometida a votación coa corrección de erros sinalada e resultou aprobada por unanimidade dos presentes (Concello, UXT, CIG, SICO).

11.- Consta Acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 03/11/23 polo que se aproban os Criterios xerais, Convocatoria e Bases reitoras do Concurso de traslados dos postos de traballo C1, C2 e AP de titulación do Concello de Vigo, sendo publicado nos Boletíns Oficiais, Taboleiro de anuncios e edictos do Concello de Vigo e web municipal.

12.- Constan presentados no presente procedemento os seguintes recursos de reposición nos que se solicita a suspensión da execución:

Data	Nº de empregado/ ou por representación	Nº de documento
26.11.2023	*6507	230376671
28.11.2023 29.11.2023	*9370	230380495 230385094
05.12.2023	*1887	230396343
21.12.2023	*6478	230415416
21.12.2023	*6350	230415665
21.12.2023	*4829	230415883

II.- Suspensión da execución do acto de conformidade co artigo 117 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O artigo 117 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas regula a suspensión da execución nos seguintes termos:

“1. La interposición de cualquier recurso, excepto en los casos en que una disposición establezca lo contrario, no suspenderá la ejecución del acto impugnado.

2. No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, el órgano a quien compete resolver el recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre el perjuicio que causaría al interés público o a terceros la suspensión y el ocasionado al recurrente como consecuencia de la eficacia inmediata del acto recurrido, podrá suspender, de oficio o a solicitud del recurrente, la ejecución del acto impugnado cuando concurren alguna de las siguientes circunstancias:



Concello de Vigo

- a) Que la ejecución pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación.*
b) Que la impugnación se fundamente en alguna de las causas de nulidad de pleno derecho previstas en el artículo 47.1 de esta Ley.

3. La ejecución del acto impugnado se entenderá suspendida si transcurrido un mes desde que la solicitud de suspensión haya tenido entrada en el registro electrónico de la Administración u Organismo competente para decidir sobre la misma, el órgano a quien compete resolver el recurso no ha dictado y notificado resolución expresa al respecto. En estos casos, no será de aplicación lo establecido en el artículo 21.4 segundo párrafo, de esta Ley.

4. Al dictar el acuerdo de suspensión podrán adoptarse las medidas cautelares que sean necesarias para asegurar la protección del interés público o de terceros y la eficacia de la resolución o el acto impugnado.

Cuando de la suspensión puedan derivarse perjuicios de cualquier naturaleza, aquélla sólo producirá efectos previa prestación de caución o garantía suficiente para responder de ellos, en los términos establecidos reglamentariamente.

La suspensión se prolongará después de agotada la vía administrativa cuando, habiéndolo solicitado previamente el interesado, exista medida cautelar y los efectos de ésta se extiendan a la vía contencioso-administrativa. Si el interesado interpusiera recurso contencioso-administrativo, solicitando la suspensión del acto objeto del proceso, se mantendrá la suspensión hasta que se produzca el correspondiente pronunciamiento judicial sobre la solicitud.

5. Cuando el recurso tenga por objeto la impugnación de un acto administrativo que afecte a una pluralidad indeterminada de personas, la suspensión de su eficacia habrá de ser publicada en el periódico oficial en que aquél se insertó.

- Eficacia dos actos administrativos e presunción de legalidade.

A presunción de legalidade ou validez do acto administrativo, en virtude da cal se presume que este resulta conforme ao ordenamento xurídico constitúe unha das características esenciais dos actos administrativos. Esta presunción reviste o carácter de “iuris tantum”

Así, o principio de eficacia da actuación administrativa -art. 103.1 da Constitución- e a presunción de legalidade do acto administrativo tradúcense na consecuencia lóxica da inmediata executividade dos actos administrativos.

Artículo 39. Efectos.

1. Los actos de las Administraciones Públicas sujetos al Derecho Administrativo se presumirán válidos y producirán efectos desde la fecha en que se dicten, salvo que en ellos se disponga otra cosa.

2. La eficacia quedará demorada cuando así lo exija el contenido del acto o esté supeditada a su notificación, publicación o aprobación superior.

3. Excepcionalmente, podrá otorgarse eficacia retroactiva a los actos cuando se dicten en sustitución de actos anulados, así como cuando produzcan efectos favorables al interesado, siempre que los supuestos de hecho necesarios existieran ya en la fecha a que se retrotraiga la eficacia del acto y ésta no lesione derechos o intereses legítimos de otras personas.

4. Las normas y actos dictados por los órganos de las Administraciones Públicas en el ejercicio de su propia competencia deberán ser observadas por el resto de los órganos administrativos, aunque no dependan jerárquicamente entre sí o pertenezcan a otra Administración.

5. Cuando una Administración Pública tenga que dictar, en el ámbito de sus competencias, un acto que necesariamente tenga por base otro dictado por una Administración Pública distinta y aquélla entienda que es ilegal, podrá requerir a ésta previamente para que anule o revise el acto de acuerdo con lo dispuesto en el artículo 44 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la Jurisdicción Contencioso- Administrativa, y, de rechazar el requerimiento, podrá interponer recurso contencioso-administrativo. En estos casos, quedará suspendido el procedimiento para dictar resolución.

Artículo 38. Ejecutividad.

Los actos de las Administraciones Públicas sujetos al Derecho Administrativo serán ejecutivos con arreglo a lo dispuesto en esta Ley.

- Suspensión da execución dos actos administrativos.

Vista a fundamentación xurídica exposta, e como regra xeral, os actos das Administracións Públicas suxeitos a dereito administrativo presúmense válidos e producen efectos dende a data na que se diten, salvo que en estes se dispoña outra cousa.

Así, a interposición de recurso de reposición, salvo que unha disposición estableza o contrario de conformidade co establecido no artigo 117 da Lei 39/2015, 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non produce a suspensión da execución do acto impugnado. A posibilidade de suspender do órgano competente require a previa ponderación suficientemente razonada, entre o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión e o prexuízo ao recorrente como consecuencia da eficacia inmediata do acto recorrido.

-Ponderación da suspensión da executividade do acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/11/23, polo que se aproban os Criterios xerais, Convocatoria e Bases Reitoras do Concurso de traslados dos postos de traballo C1, C2 e AP do Concello de Vigo.

Constan as solicitudes de suspensión presentadas nos escritos de recurso que se detallan no antecedente 12, resultando preceptivo que os interesados no escrito de interposición do recurso administrativo soliciten a suspensión da executividade do acto administrativo de forma expresa (TSJ Madrid 18-1-99).

Vistos os recursos presentados, nos que se solicita expresamente a suspensión da executividade do acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/11/23, debe ponderarse a estes efectos e de conformidade co apartado segundo do artigo 117 da LPAC o prexuízo que causaría ao interese público ou a terceiros, no presente suposto o resto de empregados públicos con dereito á carreira profesional; e o prexuízo que puidera ocasionarse aos recorrentes, sendo que os prexuízos deberán ser de imposible ou difícil reparación ou fundamentarse en causas de nulidade de pleno dereito.



Concello de Vigo

Tanto no procedemento de provisión dos postos de traballo C1, C2 e AP como no procedemento de Concurso específico tómanse en consideración que o tempo de suspensión da execución será a estritamente necesaria para a resolución dos recursos de reposición, non xerando prexuízos aos empregados públicos con interese no procedemento e cobertura dos postos, toda vez que unha vez resoltos os recursos, previos os informes procedentes, procederáse á correspondente execución da convocatoria e provisión daqueles postos C1, C2 e AP que segundo a vixente Relación de Postos do Concello de Vigo teñen o concurso como forma de provisión. Así, en aras da seguridade xurídica e considerando que a suspensión non xenra prexuízos ao interese público nin ao resto de empregados públicos que deben gozar dos dereitos á carreira profesional toda vez que a suspensión se limita ao tempo estritamente necesario para a resolución dos recursos, estímase procedente en atención ao principio de prudencia a suspensión do acto.

Tratándose en todo caso dun procedemento de provisión no marco dunha planificación da organización que comezou a desenvolverse mediante as actuacións realizadas no expediente 30104-220 desde a Área de Recursos Humanos e Formación e que en todo caso que deben ser desenvoltas en execución de título xudicial procede poñer en coñecemento do xulgado o desenvolvemento da execución.

III.- Competencia.

O art. 4.1.a) e c) da LBRL recoñécelle ó municipios, entre outras, respectivamente, as potestades públicas de autoorganización e as de programación e planificación.

O órgano competente para a aprobación de convocatorias e as súas bases no ámbito da xestión do persoal municipal é a Xunta de Goberno local, ao abeiro do artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En consecuencia, coa conformidade da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023) e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, sométese á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

“PRIMEIRO.- Acordar en base aos fundamentos “ut supra” a suspensión da execución a solicitude dos recorrentes do acordo da Xunta de Goberno Local de data 03/11/23 polo que se aproban os Criterios xerais, Convocatoria e Bases reitoras do concurso de traslados dos postos de traballo C1, C2 e AP do Concello de Vigo (expte. 40685-220) polo tempo que medie ata a resolución dos recursos presentados.

SEGUNDO.- Notificar aos empregados públicos solicitantes da suspensión co número de persoal *6507, *9370, *1887, *6478, *6350 e *4829.

TERCEIRO.- Ordenar a realización das publicacións nos diario oficiais nos que se insertou, así como no Taboleiro de anuncios e edictos, na web municipal aos efectos do seu público coñecemento.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1030).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL CON ENTIDADES PRIVADAS PARA ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS E DE INTERESE XERAL ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE VIGO PARA OS PROGRAMAS “NADAL 2023” E “CABALGATA DE REIS 2024”. EXPTE. 9955/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 21/12/2023, dáse conta do INFORME-PROPOSTA de data 19/12/2023, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

A Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local na redacción conferida pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local establece que o Municipio exercerá, en todo caso, as competencias nos termos da lexislación de Estado e das Comunidades Autónomas e, entre outras materias a promoción da cultura e ocupación do tempo libre.

No ámbito destas competencias o Concello de Vigo a través do Servizo de Festas ten prevista a organización da Cabalgata de Reis 2024, no que participan de forma habitual empresas e entidades de Vigo.

Con data 20 de outubro de 2023 a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria aprobou as bases reguladoras e convocatoria de convenios de colaboración empresarial con empresas privadas para



Concello de Vigo

actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo para programas de nadal 2023 e Cabalgata de Reis 2024.

Con data 7 de novembro de 2023 foi publicada no Boletín Oficial da Provincia, a convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo xunto cos a anexos I e III. En concreto para os programas: NADAL E CABALGATA DE REIS.

No prazo establecido na base quinta da convocatoria, comprendido entre o 8 de novembro ao 22 do mesmo mes, presentáronse as seguintes entidades:

ENTIDADE	CIF	TIPO DE COLABORACIÓN	VALORACIÓN ECONÓMICA
ALCAMPO, SAU	A-28581882	ESPECIE -CARROZA	12.000,00 €
GADISA RETAIL SLU	B-15735590	ESPECIE -CARROZA	9.042,00 €
ABANCA CORP.BANC. SA	A-70302039	ESPECIE -CARROZA	15.000,00 €
LA FE PREVISORA COMP. DE SEGUROS, SA	A-36601052	ESPECIE -CARROZA	15.000,00 €

O día 7 de decembro de 2023 ás 11:00 horas, de acordo co establecido na base sétima das reguladoras de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo, reúnese para estudo das propostas anteditas a Comisión de avaliación que está composta por:

A Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Patricia Rodríguez Calviño en calidade de Presidenta, e a Xefa da área de Contratación e Novos Proxectos Beatriz Barbará Rodríguez en calidade de persoal técnico do Servizo de Festas.

Polo exposto, e previo o informe de intervención, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

Primeiro.- Admitir as solicitudes de participación na comitiva da Cabalgata de Reis 2024 de acordo ao establecido na Acta de Avaliación asinada o de data 19 de decembro de decembro de 2023, relativa á resolución da convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socioculturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo”, seguintes:

ENTIDADE	CIF	TIPO DE COLABORACIÓN	VALORACIÓN ECONÓMICA
ALCAMPO, SAU	A-28581882	ESPECIE -CARROZA	12.000,00 €
GADISA RETAIL SLU	B-15735590	ESPECIE -CARROZA	9.042,00 €
ABANCA CORP.BANC. SA	A-70302039	ESPECIE -CARROZA	15.000,00 €
LA FE PREVISORA COMP. DE SEGUROS, SA	A-36601052	ESPECIE -CARROZA	15.000,00 €

Segundo.- Comunicar a todas as empresas admitidas e recollidas no punto primeiro a aceptación da súa participación na Cabalgata de Reis 2024 que terá lugar o día 5 de xaneiro da

partir das 11:00 de mañá coa temática de “MAR E FANTASÍA”, así como ás condicións de participación e seguridade de obrigado cumprimento.

Terceiro.- Requirir as empresas colaboradoras seleccionadas á formalización do convenio de colaboración recollido na convocatoria para os programas: “nadal 2023” e “Cabalgata de Reis 2024” das bases reguladoras e convocatoria de convenios de colaboración empresarial con entidades privadas para actividades socio-culturais e de interese xeral organizadas polo Concello de Vigo.

Cuarto.- Todas as empresas serán informadas sobre os temas relacionados coa organización e seguridade con antelación suficiente, estando obrigadas ao cumprimento das seguintes condicións mínimas:

- As carrozas non poderán superar a altura máxima 4,00 metros e unha lonxitude de 10 metros (sen contar a cabeza ou vehículo tractor) 2,50 de ancho.
- Coa fin de darlle unidade ao desfile é obrigatorio a adaptación da temática proposta: “MAR E FANTASÍA”.
- O soporte da carroza poderá ser gabarra ou plataforma.
- As carrozas cumprirán a normativa prevista no Regulamento Xeral de Vehículos e normativa concordante, estarán dotadas de faldóns protectores no seu contorno, extintores e de todas as medidas necesarias para garantir a seguridade dos participantes, lonxitude e altura fixada, etc..
- O vehículo ou cabeza tractora da carroza deberá ter potencia suficiente para remolcar a plataforma ou gabarra.
- A utilización de imaxes de personaxes de debuxos animados ou películas na construción e deseño das carrozas terán que incluír a xestión do pagamento dos dereitos de imaxe das mesmas, ou a autorización expresa para súa utilización.
- Atendendo as peticións anuais das asociacións de persoas celiacas e persoas diabéticas, solicitámoslles que na medida do posible os caramelos lanzados dende as carrozas non conteñan nin glute nin azucre.
- Seguindo coa liña estética de anos anteriores, as carrozas municipais serán realizadas con luces LED, polo que solicitámoslle que, na medida do posible, os elementos que conforman as carrozas, estean fabricados con este tipo de iluminación.
- As carrozas levarán unha varanda protectora no contorno da mesma e o material empregado terá que ser ríxido e resistente.

Quinto.- Notificar ao interesado sinalando que contra a resolución que se adopte, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou



Concello de Vigo

ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(1031).- PROPOSTA DE LIQUIDACIÓN DEFINITIVA DE REINTEGRO SOBRE A SUBVENCIÓN PARA A ELABORACIÓN DO PROXECTO PILOTO DO PLAN DE ACCIÓN DA AXENDA URBANA DE VIGO. EXPTE. 1828/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 21/12/2023, dáse conta do informe-proposta de data 20/12/2023, asinado pola técnica de Xestión , o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe de Área de Investimentos e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- Antecedentes:

1.- O Boletín oficial do Estado publicou o pasado 13/09/2021, Orde TMA / 957/2021, do 7 de setembro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas para a elaboración de proxectos piloto de plans de acción local da Axenda Urbana Española e a convocatoria para a presentación de solicitudes para a obtención das subvencións polo procedemento de concorrencia competitiva.

2.- O obxectivo das subvencións é financiar o desenvolvemento de proxectos piloto de Plans de Acción locais da Axenda Urbana Española que garantan, nun prazo razoablemente curto, a súa aliñación cos obxectivos propostos, a metodoloxía de traballo e o enfoque transversal, estratéxico e integrado. O prazo non poderá exceder dun ano desde a publicación desta convocatoria.

3.- Con data 11 de novembro, o Director Xeral de Axenda Urbana e Arquitectura, resolve adjudicar provisionalmente as axudas para la elaboración de Proxectos Piloto de Acción Local da Axenda Urbana Española as Entidades Locais que figuran en el Anexo da citada resolución e polos importe alí fixados. No anexo.- LISTADO PROVISIONAL DE ENTIDADES LOCAIS BENEFICIARIAS, no apartado 5 (entre 100.001 e 300.000 habitantes) figura o Concello de Vigo cunha subvención de 250.000,00 €.

4.- Con data 14 de decembro de 2021, o Concello de Vigo recibe a notificación definitiva da concesión da axuda para a elaboración do proxecto piloto dos plans de acción local da Axenda Urbana Española, de acordo coa resolución definitiva asinada pola Secretaria de Estado de Transportes Mobilidade e Axenda Urbana.

5.- A transferencia do pago único de devandita cantidade realizouse de maneira anticipada o 29 de decembro de 2021, tal e como se establecía no artigo 13 da Orde antes mencionada.

6.- O 11 de decembro de 2021 publicouse a Resolución definitiva da convocatoria na que consta que o Concello de VIGO resultou adxudicatario dunha axuda por valor de 250.000 euros. Con data 13 de setembro de 2022 foi remitido a Subdirección Xeral o Informe de xestión relativo á convocatoria de axudas que trae causa da Orde TMA/957/2021 do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, de 7 de setembro (BOE nº 219 de 13 de setembro), que aprobou as bases reguladoras da concesión de axudas para a elaboración de Proxectos Piloto de Plans de Acción Local da Axenda Urbana Española e a convocatoria para a presentación de solicitudes para a obtención das subvencións polo procedemento de concorrencia competitiva.

Dos datos que consta no Informe de xestión, e sen prexuízo da súa posterior revisión durante o período de xustificación de gastos por parte da Subdirección Xeral de Políticas Urbanas, foi informado que non se executou a cantidade de 8.601,96 euros.

7.- Por parte da Subdirección Xeral de Políticas Urbanas, procedese a notificar vía e_mail con data 26 de setembro de 2022, a Proposta de liquidación provisional de reintegro. Convocatoria de axudas P C02 I06 PRTR.

8.- Na data 06 de outubro de 2022 procédese a remitir a aceptación da proposta de liquidación provisional á Subsecretaría de Transportes, mobilidade e Axenda Urbana do Ministerio de transportes, mobilidade e axenda urbana, que foi executada na data 02 de decembro de 2022 polo importe total de 8.829,97€ correspondente á suma do capital principal (8.601,96€) e os intereses de demora correspondentes (228,01€).

9.- Con data 12 de setembro de 2023, comunicouse a existencia dun erro no Informe de xestión do 13 de setembro de 2022 e remitiuse á Subdirección unha comunicación do propio Concello de Vigo, na que consta que non se ha podido executar parte do Convenio coa Universidade que ascendía na súa totalidade á cantidade de 42.000€, e cuxa parte sen executar correspóndese coa cantidade de 18.000 euros (só executáronse uns 24.000 €).

II.- NOTIFICACIÓN DA PROPOSTA DE LIQUIDACIÓN DE REINTEGRO:

Por parte da Subdirección Xeral de Políticas Urbanas, procedese a notificar vía e_mail con data 25 de setembro de 2023, a Proposta de liquidación provisional do segundo reintegro polo importe non executado. Convocatoria de axudas P C02 I06 PRTR, de acordo cos seguintes criterios:

- A Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións dispón no seu artigo 37.1.b) que procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora correspondente desde o momento do pago de a subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data en que o debedor ingrese o reintegro si é anterior a esta, en caso de “Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamentan a concesión da subvención”. Así mesmo, o seu artigo 38.2 establece que: “O interese de demora aplicable en materia de subvencións será o interese legal do diñeiro incrementado nun 25 por cento, salvo que a Lei de Orzamentos Xerais do



Concello de Vigo

Estado estableza outro diferente”.

- Non obstante ao exposto, o Real Decreto-ley 5/2023, de 28 de xuño, polo que se adoptan e prorrogan determinadas medidas de resposta ás consecuencias económicas e sociais da Guerra de Urania, de apoio á reconstrución da illa de La Palma e a outras situacións de vulnerabilidade; de transposición de Directivas da Unión Europea en materia de modificacións estruturais de sociedades mercantís e conciliación da vida familiar e a vida profesional dos proxenitores e os cuidadores; e de execución e cumprimento do Dereito da Unión Europea, que entrou en vigor o pasado 30 de xuño de 2023, establece no seu artigo 216 que “quedarán excluídas da aplicación dos intereses de demora previstos na Lei 38/2023 [...], as contías a reintegrar como consecuencia de que o custo da operación haia sido inferior ao importe subvencionado, sempre e cando se haxan alcanzado os obxectivos asignados para a execución de dito plan y non concorran outras causas de reintegro [...]”
- Segundo o exposto procédese á remisión da proposta de liquidación provisional da subvención por un importe de **18.000 euros** (cantidade do principal non executado) que este Concello deberá devolver ao Tesouro Público e non procederá o pago dos intereses.
- Con data 28 de setembro foi resolta por parte da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal. Patricia Rodríguez Calviño a conformidade coa proposta de liquidación provisional. Dita resolución foi notificada con data 29/09/2023 o MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOVILIDAD Y AGENDA URBANA.
- Por parte da Subdirección Xeral de Políticas Urbanas, remítese vía e_mail, con data 11 de decembro de 2023, o modelo 069 do reintegro con nº de xustificante 223338393212Z, polo importe de 18.000,00 €, que se achega a este expediente.

III.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN PROPOSTA DE LIQUIDACIÓN DEFINITIVA DE REINTEGRO:

A vista dos antecedentes descritos debese indicar que:

- O importe indicado como non executado pola cantidade de 18.000 euros, correspóndese coa “CONTA XUSTIFICATIVA DA AXENDA URBANA”, de data 13 de setembro de 2023, remitida dende o Concello de Vigo á Subdirección Xeral de Políticas Urbanas da Dirección Xeral da Axenda Urbana e Arquitectura do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana os efectos oportunos.

Á vista dos antecedentes descritos, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local que, previo informe da fiscalización da Intervención Xeral, a seguinte proposta de resolución:

PRIMEIRO.- Prestar conformidade a proposta de liquidación de reintegro, e autorizar e dispoñer o abono do importe correspondentes ao reintegro da axuda de acordo cos importes recollidos nos seguintes

documentos de pago:

- Modelo 069, con nº de xustificante 223338693212Z polo importe de 18.000,00 €, como reintegro da parte non executada da subvención da convocatoria de axudas del PRTR para a elaboración de proxectos da Axenda Urbana Española a favor del MITMA - SUBDIRECCIÓN GENERAL DE POLÍTICAS URBANAS.

O pago do reintegro dos 18.000,00 €, realizarase con cargo o CONCEPTO 38900 proxecto 22153202.

SEGUNDO.- Dar traslado da presente resolución aos interesados aos efectos oportunos.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez